



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 277
16 de febreiro de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de febreiro de 2022, polo que se admite a trámite a Proposición de lei galega de residencias de maiores [108520](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite e publicación

■ 30379 (11/MOC-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia (Moción consecuencia da interpelación doc. núm 28627, publicada no BOPG núm. 265, do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022) [108579](#)

■ 30452 (11/MOC-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 28362, publicada no BOPG núm. 265, do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022) [108582](#)

■ 30464 (11/MOC-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27317, publicada no BOPG núm. 259, do 19 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022) [108584](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 30293 (11/PNP-002613)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 14 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto do prexuízo económico que están a ocasionar no porto de Ferrol as restricións de circulación para certos transportes especiais no viaduto do Castro da A-6

[108585](#)

Admisión a trámite e publicación

I 29818 (11/PNP-002567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para implantar o bacharelato de Artes en Redondela

[108588](#)

I 29823 (11/PNP-002568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para habilitar as axudas á rehabilitación vinculadas aos fondos *Next Generation*

[108591](#)

I 29829 (11/PNP-002569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incoar un novo expediente para a música e o baile tradicional como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial

[108595](#)

I 29835 (11/PNP-002570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do polígono industrial de Muras

[108598](#)

I 29855 (11/PNP-002571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia para que a futura Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular incorpore a obriga para as administracións públicas de adxudicar a xestión dos residuos téxtiles a empresas de inserción e centros especiais de emprego de iniciativa social

[108601](#)



I 29857 (11/PNP-002572)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para profesionalizar o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais e modificar o Plan de prevención [108605](#)

I 29900 (11/PNP-002574)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a radicación dos futuros puntos de encontro familiar [108609](#)

I 29901 (11/PNP-002575)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento á súa obriga de conservación e mantemento do pazo de Lourizán, integrado no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia [108612](#)

I 29914 (11/PNP-002576)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da publicación dunha convocatoria de axudas en concorrencia competitiva para todos os concellos galegos [108615](#)

I 29928 (11/PNP-002578)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do apoio ás mobilizacións feministas do 8 de marzo e á demanda dos compromisos pendentes [108617](#)

I 29940 (11/PNP-002579)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo ao Goberno galego para establecer un plan dirixido aos concellos galegos de menos de dez mil habitantes para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos [108622](#)

I 29941 (11/PNP-002580)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para convocar as subvencións do ano 2022 para o pequeno e mediano comercio, co fin de que poidan facer fronte á crise provocada pola covid-19 [108626](#)

I 29955 (11/PNP-002582)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un estudo independente sobre as consecuencias económicas da anulación do concurso eólico do Goberno bipartito [108628](#)

I 29960 (11/PNP-002583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promocionar Galicia internacionalmente como destino turístico [108631](#)

I 29971 (11/PNP-002584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo do Goberno galego para incoar o expediente de declaración de ben de interese cultural ao Museo Carlos Maside de Sada [108633](#)

I 30025 (11/PNP-002588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a accesibilidade ao centro de saúde da Guarda [108635](#)

I 30041 (11/PNP-002590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a proposta da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega en relación coa declaración do 23 de febreiro como Día de Rosalía de Castro [108638](#)

I 30049 (11/PNP-002591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración dun informe por parte da Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aos concellos nos últimos cinco anos [108641](#)

I 30051 (11/PNP-002592)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de simplificación dos procesos formativos e homologación das titulacións do sector pesqueiro [108643](#)

I 30053 (11/PNP-002593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que considere a opinión do sector marítimo-pesqueiro no eido da eólica mariña [108646](#)



I 30054 (11/PNP-002594)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro

[108649](#)**I 30061 (11/PNP-002595)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar o proxecto de construción das sendas peonís na estrada OU-537, en San Cibrao das Viñas, e na OU-536, na Derrasa, no Pereiro de Aguiar

[108653](#)**I 30067 (11/PNP-002596)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar as razas caninas autóctonas en perigo de extinción como especialmente protexidas

[108655](#)**I 30070 (11/PNP-002597)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da recuperación e do desenvolvemento do rural galego coa priorización das pequenas e medianas explotacións agropecuarias

[108658](#)**I 30076 (11/PNP-002598)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a aceptación do proxecto do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que propón como alternativa a construción en túnel do tramo pendente da A-52, O Porriño-Vigo

[108666](#)**I 30081 (11/PNP-002599)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implantar e financiar unha liña de autobús directa que conecte o centro de Vigo co aeroporto de Peinador

[108669](#)**I 30089 (11/PNP-002600)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar os problemas da comarca do Eume respecto do transporte interurbano de viaxeiros

[108671](#)**I 30113 (11/PNP-002601)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada da Parda, en Pontevedra [108673](#)

I 30127 (11/PNP-002602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un estudo da incidencia da posible implantación dunha fábrica de fibras téxtiles no sector forestal [108677](#)

I 30185 (11/PNP-002603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incoar expedientes ás entidades responsables da demora na remisión de facturas da luz [108680](#)

I 30193 (11/PNP-002604)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que os territorios intelixentes conduzan á mellora social e de calidade de vida dos habitantes do rural galego [108684](#)

I 30203 (11/PNP-002605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender o servizo de hospitalización a domicilio e mellorar as condicións laborais dos seus profesionais [108688](#)

I 30209 (11/PNP-002606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incentivar a introdución de plans de igualdade para evitar a discriminación laboral das persoas lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais [108691](#)

I 30215 (11/PNP-002607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en valor as galerías do Castro, en Vigo [108694](#)

I 30221 (11/PNP-002608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do transporte de pasaxeiros entre A Guarda e Caminha para dar continuidade ao Camiño Portugués da Costa [108696](#)



I 30226 (11/PNP-002609)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da investigación dos posibles abusos sexuais a menores por parte de membros da Igrexa católica e a solicitude dun informe ao respecto á Valedora do Pobo, así como a elaboración de protocolos para evitar posibles casos de abusos sexuais a menores [108699](#)

I 30230 (11/PNP-002610)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun protocolo de accesibilidade bancaria dirixido fundamentalmente a persoas maiores ou con discapacidade [108702](#)

I 30242 (11/PNP-002611)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia da avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 [108704](#)

I 30286 (11/PNP-002612)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co traballo do fogar e do coidado [108707](#)

I 30295 (11/PNP-002614)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para combater a desigualdade económica e laboral das mulleres [108712](#)

I 30305 (11/PNP-002615)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha da nova Estratexia galega de convivencia 2021-2025 [108718](#)

I 30311 (11/PNP-002616)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da cobertura das prazas dos profesionais sanitarios no Centro de Saúde da Parda, en Pontevedra [108721](#)

I 30316 (11/PNP-002617)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación dos servizos de vixilancia e seguridade nos centros de menores Santo Anxo de Rábade e Avelino Montero de Pontevedra [108724](#)

I 30323 (11/PNP-002618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar oficialmente o día 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega [108727](#)

I 30325 (11/PNP-002619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das condicións laborais e salariais das mulleres traballadoras no ámbito dos coidados [108731](#)

I 30333 (11/PNP-002620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da tramitación dunha nova Lei de montes veciñais en man común [108735](#)

I 30344 (11/PNP-002621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a remisión pola Xunta de Galicia á Cámara da copia das actas de inspección e dos expedientes sancionadores iniciados nos centros de discapacidade durante 2021 [108739](#)

I 30374 (11/PNP-002622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a profesionalización efectiva do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais [108741](#)

I 30386 (11/PNP-002623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de instalación de novos parque eólicos [108746](#)

I 30387 (11/PNP-002624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o medio ambiente e a paisaxe da Ribeira Sacra [108750](#)



Admisión da retirada e publicación do acordo

I 29702 (11/PNP-002560)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 15 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para poñer en marcha o centro de impulso á economía circular con fondos europeos para a recuperación *Next Generation*

[108515](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 30494 (11/CPP-000075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A, Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2022

[108753](#)

I 30533 (11/CPP-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións polos incumprimentos en contratos no servizo de transporte público de Galicia, así como para informar dos traballos de inspección e control deles

[108756](#)

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 30544 (11/CPP-000077)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a petición propia, para informar do desenvolvemento do Plan de Transportes de Galicia

[108759](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

I 30493 (11/CPC-000061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A, Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2022

[108761](#)



Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

■ 30542 (11/CPC-000062)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral de Educación e Formación Profesional, a petición propia, para explicar a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 [108762](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

■ 29833 (11/INT-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da declaración de bens de interese cultural [108764](#)

■ 29861 (11/INT-001473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos incendios forestais [108767](#)

■ 29895 (11/INT-001475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os puntos de encontro familiar [108771](#)

■ 29911 (11/INT-001476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do Plan Hurbe [108774](#)

■ 29932 (11/INT-001478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política feminista do Goberno galego [108776](#)

■ 29943 (11/INT-001479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a política de subvencións ao comercio [108780](#)

■ 29953 (11/INT-001481)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia [108782](#)



I 29958 (11/INT-001482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política de subvencións do Goberno galego

[108785](#)**I 29962 (11/INT-001483)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a promoción turística de Galicia

[108789](#)**I 29972 (11/INT-001484)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a política do Goberno galego respecto da declaración de ben de interese cultural

[108791](#)**I 30044 (11/INT-001487)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto das subvencións aos concellos

[108793](#)**I 30058 (11/INT-001488)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a ampliación da planta xudicial

[108795](#)**I 30074 (11/INT-001489)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o plan de recuperación rural do Goberno galego

[108799](#)**I 30132 (11/INT-001490)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre a implantación dunha fábrica de téxtiles

[108805](#)**I 30189 (11/INT-001491)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto das distribuidoras e/ou comercializadoras de enerxía eléctrica

[108809](#)**I 30205 (11/INT-001492)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre o servizo de hospitalización a domicilio

[108813](#)

I 30211 (11/INT-001493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais [108815](#)**I 30228 (11/INT-001494)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun informe respecto da situación de abusos a menores por parte de membros da Igrexa católica [108818](#)**I 30234 (11/INT-001495)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a accesibilidade aos servizos bancarios [108821](#)**I 30290 (11/INT-001496)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política a Xunta de Galicia respecto do traballo no fogar [108823](#)**I 30299 (11/INT-001497)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do impacto económico das desigualdades de xénero [108828](#)**I 30307 (11/INT-001498)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a Estratexia galega de convivencia [108833](#)**I 30329 (11/INT-001499)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as condicións laborais e salariais das mulleres traballadoras no ámbito dos coidados [108836](#)**I 30337 (11/INT-001500)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común [108839](#)**I 30339 (11/INT-001501)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as inspeccións en centros para persoas con discapacidade [108843](#)

I 30378 (11/INT-001502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a profesionalización efectiva do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

[108845](#)

I 30384 (11/INT-001503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o marco xurídico do sector eólico

[108849](#)

I 30392 (11/INT-001504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a corta de árbores senlleiras e fragas na Ribeira Sacra

[108853](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de febreiro de 2022, polo que se admite a trámite a Proposición de lei galega de residencias de maiores

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de febreiro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 30480 (11/PPL-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei galega de residencias de maiores

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei galega de residencias de maiores.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de febreiro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 30379 (11/MOC-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia (Moción consecuencia da interpelación doc. núm 28627, publicada no BOPG núm. 265, do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022)



- 30452 (11/MOC-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 28362, publicada no BOPG núm. 265, do 27 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022)

- 30464 (11/MOC-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27317, publicada no BOPG núm. 259, do 19 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de febreiro de 2022)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 30293 (11/PNP-002613)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 14 máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto do prexuízo económico que están a ocasionar no porto de Ferrol as restricións de circulación para certos transportes especiais no viaduto do Castro da A-6

Admisión a trámite e publicación

- 29818 (11/PNP-002567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para implantar o bacharelato de Artes en Redondela

- 29823 (11/PNP-002568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para habilitar as axudas á rehabilitación vinculadas aos fondos *Next Generation*

- 29829 (11/PNP-002569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incoar un novo expediente para a música e o baile tradicional como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial



- 29835 (11/PNP-002570)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do polígono industrial de Muras

- 29855 (11/PNP-002571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia para que a futura Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular incorpore a obriga para as administracións públicas de adxudicar a xestión dos residuos téxtiles a empresas de inserción e centros especiais de emprego de iniciativa social

- 29857 (11/PNP-002572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para profesionalizar o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais e modificar o Plan de prevención

- 29900 (11/PNP-002574)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a radicación dos futuros puntos de encontro familiar

- 29901 (11/PNP-002575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento á súa obriga de conservación e mantemento do pazo de Lourizán, integrado no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia

- 29914 (11/PNP-002576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da publicación dunha convocatoria de axudas en concorrencia competitiva para todos os concellos galegos

- 29928 (11/PNP-002578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do apoio ás mobilizacións feministas do 8 de marzo e á demanda dos compromisos pendentes

- 29940 (11/PNP-002579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo ao Goberno galego para establecer un plan dirixido aos concellos galegos de menos de dez mil habitantes para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos

- 29941 (11/PNP-002580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para convocar as subvencións do ano 2022 para o pequeno e mediano comercio, co fin de que poidan facer fronte á crise provocada pola covid-19

- 29955 (11/PNP-002582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un estudo independente sobre as consecuencias económicas da anulación do concurso eólico do Goberno bipartito

- 29960 (11/PNP-002583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promocionar Galicia internacionalmente como destino turístico

- 29971 (11/PNP-002584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo do Goberno galego para incoar o expediente de declaración de ben de interese cultural ao Museo Carlos Maside de Sada

- 30025 (11/PNP-002588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a accesibilidade ao centro de saúde da Guarda

- 30041 (11/PNP-002590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a proposta da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega en relación coa declaración do 23 de febreiro como Día de Rosalía de Castro

- 30049 (11/PNP-002591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a elaboración dun informe por parte da Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aos concellos nos últimos cinco anos



- 30051 (11/PNP-002592)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de simplificación dos procesos formativos e homologación das titulacións do sector pesqueiro

- 30053 (11/PNP-002593)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que considere a opinión do sector marítimo-pesqueiro no eido da eólica mariña

- 30054 (11/PNP-002594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro

- 30061 (11/PNP-002595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar o proxecto de construción das sendas peonís na estrada OU-537, en San Cibrao das Viñas, e na OU-536, na Derrasa, no Pereiro de Aguiar

- 30067 (11/PNP-002596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar as razas caninas autóctonas en perigo de extinción como especialmente protexidas

- 30070 (11/PNP-002597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da recuperación e do desenvolvemento do rural galego coa priorización das pequenas e medianas explotacións agropecuarias

- 30076 (11/PNP-002598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a aceptación do proxecto do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que propón como alternativa a construción en túnel do tramo pendente da A-52, O Porriño-Vigo

- 30081 (11/PNP-002599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implantar e financiar unha liña de autobús directa que conecte o centro de Vigo co aeroporto de Peinador

- 30089 (11/PNP-002600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solucionar os problemas da comarca do Eume respecto do transporte interurbano de viaxeiros

- 30113 (11/PNP-002601)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada da Parada, en Pontevedra

- 30127 (11/PNP-002602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un estudo da incidencia da posible implantación dunha fábrica de fibras téxtiles no sector forestal

- 30185 (11/PNP-002603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incoar expedientes ás entidades responsables da demora na remisión de facturas da luz

- 30193 (11/PNP-002604)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que os territorios intelixentes conduzan á mellora social e de calidade de vida dos habitantes do rural galego

- 30203 (11/PNP-002605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender o servizo de hospitalización a domicilio e mellorar as condicións laborais dos seus profesionais

- 30209 (11/PNP-002606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incentivar a introdución de plans de igualdade para evitar a discriminación laboral das persoas lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais



- 30215 (11/PNP-002607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en valor as galerías do Castro, en Vigo

- 30221 (11/PNP-002608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do transporte de pasaxeiros entre A Guarda e Caminha para dar continuidade ao Camiño Portugués da Costa

- 30226 (11/PNP-002609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da investigación dos posibles abusos sexuais a menores por parte de membros da Igrexa católica e a solicitude dun informe ao respecto á Valedora do Pobo, así como a elaboración de protocolos para evitar posibles casos de abusos sexuais a menores

- 30230 (11/PNP-002610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun protocolo de accesibilidade bancaria dirixido fundamentalmente a persoas maiores ou con discapacidade

- 30242 (11/PNP-002611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia da avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021

- 30286 (11/PNP-002612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co traballo do fogar e do coidado

- 30295 (11/PNP-002614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para combater a desigualdade económica e laboral das mulleres

- 30305 (11/PNP-002615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha da nova Estratexia galega de convivencia 2021-2025

- 30311 (11/PNP-002616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da cobertura das prazas dos profesionais sanitarios no Centro de Saúde da Parda, en Pontevedra

- 30316 (11/PNP-002617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación dos servizos de vixilancia e seguridade nos centros de menores Santo Anxo de Rábade e Avelino Montero de Pontevedra

- 30323 (11/PNP-002618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para declarar oficialmente o día 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega

- 30325 (11/PNP-002619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das condicións laborais e salariais das mulleres traballadoras no ámbito dos coidados

- 30333 (11/PNP-002620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da tramitación dunha nova Lei de montes veciñais en man común

- 30344 (11/PNP-002621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a remisión pola Xunta de Galicia á Cámara da copia das actas de inspección e dos expedientes sancionadores iniciados nos centros de discapacidade durante 2021

- 30374 (11/PNP-002622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a profesionalización efectiva do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais



- 30386 (11/PNP-002623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de instalación de novos parque eólicos

- 30387 (11/PNP-002624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer o medio ambiente e a paisaxe da Ribeira Sacra

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 29702 (11/PNP-002560)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 15 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para poñer en marcha o centro de impulso á economía circular con fondos europeos para a recuperación *Next Generation*

BOPG nº 275, do 10.02.2022

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 30381.

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 30494 (11/PPP-000075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A, Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2022

- 30533 (11/PPP-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar explicacións polos incumprimentos en contratos no servizo de transporte público de Galicia, así como para informar dos traballos de inspección e control deles



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 30544 (11/CPP-000077)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a petición propia, para informar do desenvolvemento do Plan de Transportes de Galicia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 30493 (11/CPC-000061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A, Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2022

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 30542 (11/CPC-000062)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral de Educación e Formación Profesional, a petición propia, para explicar a Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 29833 (11/INT-001472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da declaración de bens de interese cultural

- 29861 (11/INT-001473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos incendios forestais

- 29895 (11/INT-001475)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os puntos de encontro familiar



- 29911 (11/INT-001476)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto do Plan Hurbe

- 29932 (11/INT-001478)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a política feminista do Goberno galego

- 29943 (11/INT-001479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a política de subvencións ao comercio

- 29953 (11/INT-001481)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política eólica da Xunta de Galicia

- 29958 (11/INT-001482)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política de subvencións do Goberno galego

- 29962 (11/INT-001483)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a promoción turística de Galicia

- 29972 (11/INT-001484)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre a política do Goberno galego respecto da declaración de ben de interese cultural

- 30044 (11/INT-001487)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto das subvencións aos concellos

- 30058 (11/INT-001488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a ampliación da planta xudicial

- 30074 (11/INT-001489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis



Sobre o plan de recuperación rural do Goberno galego

- 30132 (11/INT-001490)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a implantación dunha fábrica de téxtiles

- 30189 (11/INT-001491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto das distribuidoras e/ou comercializadoras de enerxía eléctrica

- 30205 (11/INT-001492)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o servizo de hospitalización a domicilio

- 30211 (11/INT-001493)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

- 30228 (11/INT-001494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun informe respecto da situación de abusos a menores por parte de membros da Igrexa católica

- 30234 (11/INT-001495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a accesibilidade aos servizos bancarios

- 30290 (11/INT-001496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política a Xunta de Galicia respecto do traballo no fogar

- 30299 (11/INT-001497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do impacto económico das desigualdades de xénero

- 30307 (11/INT-001498)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre a Estratexia galega de convivencia

- 30329 (11/INT-001499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as condicións laborais e salariais das mulleres traballadoras no ámbito dos coidados

- 30337 (11/INT-001500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

- 30339 (11/INT-001501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as inspeccións en centros para persoas con discapacidade

- 30378 (11/INT-001502)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a profesionalización efectiva do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

- 30384 (11/INT-001503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o marco xurídico do sector eólico

- 30392 (11/INT-001504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a corta de árbores senlleiras e fragas na Ribeira Sacra

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei galega de residencias de maiores**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. A presente lei ten por obxecto regular todas as residencias para persoas maiores situadas na Comunidade Autónoma de Galiza coa finalidade de garantir o dereito a unha vellez digna entendido como un dereito fundamental inherente a todas as persoas tal e como recollen os Principios das Nacións Unidas a favor das persoas de idade, de 1991 (Resolución 46/91); a Proclamación sobre o envellecemento, de 1992 (Resolución 47/5) e a Declaración Política e Plan de Acción Internacional de Madrid sobre o envellecemento, de 2002.

Esta regulación abrangue dous aspectos. Por unha banda, a definición e regulamentación do modelo de residencias de persoas maiores, de xeito que se aseguren mínimos estándares de calidade e actividade asistenciais en todas as residencias de atención a persoas maiores de Galiza, con independencia da súa titularidade. E por outra banda, tendo en conta tanto a previsíbel evolución demográfica para as seguintes décadas derivada do aumento da poboación de persoas maiores en Galiza, a implantación dunha planificación pública que permita reforzar o sistema público de residencias para persoas maiores, asegurando a creación de distribución de recursos asistenciais deste tipo ao longo de todo o territorio galego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dun xeito equilibrado e como garantía de cobertura de todas as situacións de necesidade que demanden este servizo e tamén para asegurar o dereito a obter esta prestación social a todas as persoas consonte a súa capacidade de financiamento.

Actualmente en Galiza máis do 25% da poboación supera os 65 anos. As previsións indican que esta porcentaxe se incrementa nas próximas décadas como resultado dunha maior esperanza de vida e do crecente envellecemento da poboación pola redución da natalidade e a emigración xuvenil.

Porén, o aumento da lonxevidade non significa de maneira automática que eses anos de vida teñan lugar coa maior calidade e benestar. De facto, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (2018) e a Enquisa Nacional de Saúde (2020) a esperanza de vida sen limitacións graves sitúase en 78,9 anos para as mulleres e 75,6 anos para os homes cando a esperanza de vida, en termos xerais, ascende a 86,11 e 80,1 respectivamente.

Isto quere dicir que unha parte importante da velez está condicionada por algunha discapacidade ou dependencia o que esixe das institucións públicas accións firmes encamiñadas a cumprir cun obxectivo fundamental, engadir vida aos anos, tal e como sinala a Organización Mundial da Saúde (OMS) na Estratexia Mundial sobre o envellecemento e a saúde (2016-2030).

Para cumprir con ese imperativo moral e ético de garantir o dereito a unha velez digna, é fundamental incorporar unha nova filosofía no deseño, na planificación e no despregamento dos servizos públicos baseada na prevención da dependencia, nos coidados de longa duración e nunha atención centrada nas persoas. Ademais, cómpre afortalar o modelo público de protección social ás persoas maiores,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apoiándose nunha planificación que conte cos recursos económicos necesarios para que a rede pública de residencias de persoas maiores teña unha maior dimensión e peso ante opcións privadas de provisión social, que foron gañando espazo nos últimos anos debido ao paulatino abandono do modelo público de protección social auspiciado polas políticas neoliberais de recortes e austeridade.

II. Un novo modelo que supere a consideración das persoas usuarias dos servizos sociais en xeral e das persoas maiores en particular, como meras receptoras de servizos para ser consideradas suxeitos de dereitos. Promover a súa capacidade de decisión, plena e autónoma, a súa participación así como o desenvolvemento do seu proxecto de vida garantindo os medios e apoios precisos para tal fin.

Coa presente lei, procúrase pois transitar dun enfoque asistencialista e/ou paternalista cara á outro de dereitos e desenvolvemento da autonomía das persoas centrando o modelo de atención e coidados na prevención da dependencia e na procura dunha vida independente así como nos demais principios xerais dos servizos sociais recollidos no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, tales como a equidade e o equilibrio territorial na prestación dos servizos, a igualdade e non discriminación por razón de xénero, raza, clase social, orientación ou identidade de xénero entre outros; a descentralización e proximidade no acceso aos recursos e o dereito de participación das persoas usuarias nos mesmos.

Dentro da rede de servizos sociais dirixidos á atención e o coidado das persoas maiores atópanse as residencias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza, existen na actualidade 21.944 prazas en centros residenciais para persoas maiores en 383 centros, o que sitúa o noso país en 3 prazas por cada 100 maiores de 65 anos, lonxe das rateos recomendadas pola Organización Mundial da Saúde (OMS) do 5%. Por outra banda, é o territorio do Estado coa porcentaxe máis baixa de prazas públicas en residencias de persoas maiores, atinxindo unicamente o 41 %, o que indica que a maior parte son privadas. Ademais, a cobertura dos centros residenciais non garante os principios de equidade e proximidade que esixe a normativa vixente, nomeadamente a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza pois, segundo o Foro Económico de Galiza, con datos de 2020, a quinta parte dos maiores de 74 anos viven en lugares onde a cobertura dos servizos de atención residencial non chega, é nula ou moi deficiente, o que se reflicte nun índice de atención residencial e centros de día que é escaso no 28,92% e 43,60% dos casos, respectivamente.

III. A pandemia provocada pola Covid-19 puxo de manifesto que o actual modelo residencial para maiores en Galiza arrastra desde hai anos problemas estruturais que se agudizaron durante a emerxencia sanitaria.

As residencias de maiores foron un dos principais focos de contaxio durante a primeira onda do virus rexistrando, naquela altura, case o corenta por cento de todos os falecementos. Ademais, de acordo cos datos oficiais, a inmensa maioría dos contaxios e mortes con Covid-19 producíronse en residencias de persoas maiores:

a) De titularidade e xestión privada. De facto, as residencias privadas rexistraron o 90% dos falecementos con Covid-19 en Galiza. De entre as vítimas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexistradas en centros de titularidade pública (80) a metade tiveron lugar en residencias privatizadas cuxa xestión desenvolven empresas.

b) Grandes centros, sendo especialmente grave a afectación en residencias de máis de 100 prazas onde a taxa de positividade e porcentaxe de falecementos foi maior.

É evidente que Galiza precisa mudar o seu modelo residencial como parte dun cambio de rumbo tamén no modelo de coidados para cumprir con tres obxectivos principais: garantir o dereito a unha vellez digna, despregar un sistema público de coidados forte e situar as persoas no centro das políticas.

IV. No que atinxe a estrutura da lei, o título preliminar contén as disposicións xerais e definicións aplicábeis a este texto normativo.

O Título I regula en dous Capítulos, por unha banda, os requisitos materiais que deben reunir as residencias para persoas maiores e, por outra banda, as esixencias legais en canto ao persoal necesarios para a atención ás persoas usuarias.

O Título II ten por obxecto desenvolver a nivel legal o modelo de atención dos centros residenciais para persoas maiores.

O Título III refírese á supervisión, inspección e réxime sancionador e, no seu Capítulo I, regulamente os mecanismos de control, e no Capítulo II, o réxime sancionador específico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Título IV recolle os principios xerais da planificación pública para a implantación de centros residenciais de persoas maiores,

A presente proposición de lei conta, ademais, con dúas disposicións transitorias, a primeira relativa á adaptación normativa, a segunda, referida á reversión ao público das residencias de maiores xestionadas por empresas privadas en réxime de concesión. Ademais, consta de tres disposicións adicionais referidas á prevalencia da presente lei, a debida dotación orzamentaria para o seu cumprimento e desenvolvemento e, unha terceira, a respecto da aprobación dunha Lei integral de atención ás persoas maiores e de solidariedade interxeracional. Finalmente, o texto normativo contén dúas disposicións derradeiras e unha disposición derogatoria única que establece a preferencia desta norma respecto dos centros de maiores de calquera outra normativa sectorial previa.

TÍTULO PRELIMINAR DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Esta lei ten por obxecto:

1. Regular os requisitos materiais, funcionais e de persoal das residencias de maiores en Galiza así como definir o modelo de atención e os requisitos mínimos esixidos para a súa autorización, funcionamento e acreditación.
2. Aprobar a planificación pública para a implantación de centros residenciais de persoas maiores a fin de atinxir o obxectivo de dotar a todo o territorio da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comunidade Autónoma de Galiza de prazas públicas para atender a demanda de servizos residenciais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. A presente lei, no que atinxe aos requisitos materiais, funcionais e de persoal, será de aplicación para todos os centros residenciais para persoas maiores, tanto de titularidade pública como privada, ubicados na Comunidade Autónoma de Galiza.

2. Quedan excluídos expresamente do ámbito de aplicación da presente lei os servizos de aloxamento para persoas maiores, é dicir, os apartamentos tutelados e as vivendas comunitarias cuxo réxime se determinará regulamentariamente. Así mesmo, quedan excluídos desta lei os centros de persoas con discapacidade que deberán ser regulados a través dunha normativa específica.

3. Todo isto, sen prexuízo de que nun mesmo edificio se poidan emprazar un centro residencial para persoas maiores xunto con outros servizos, conforme ao que determine a normativa vixente nos devanditos servizos.

Artigo 3. Definicións

1. Para os efectos desta lei enténdese por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Residencias de maiores os centros residenciais: aqueles destinados a servir de vivenda habitual ou permanente, mais tamén temporal, a persoas maiores de 65 anos, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da presente lei, en situación de dependencia ou risco de dependencia ás que se presta unha atención profesional integral e continúa durante as 24 horas do día orientada ao benestar físico, psicolóxico e social.

b) Coidados de longa duración: sistema de actividades levadas a cabo por coidadores formais, informais ou ambos os dous co obxectivo de que unha persoa que non é quen de coidar de si mesma, de maneira total ou parcial, manteña a mellor calidade de vida posíbel, de acordo coas súas preferencias individuais, co maior grao posíbel de independencia, autonomía, participación, realización persoal e dignidade humana.

c) Benestar: termo xeral que abrangue todas as esferas da vida humana, incluídos aspectos físicos, mentais e sociais, que permiten a unha persoa gozar de confort, tranquilidade e satisfacción.

d) Envellecemento: proceso biolóxico inherente á vida humana que se produce co paso do tempo e o avance da idade e que non está afectado pola influencia de enfermidades ou da contorna e que, polo tanto, non ten por que implicar consecuencias sanitarias adversas.

e) Envellecemento activo: proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Envellecemento saudábel: proceso de fomento e mantemento da capacidade funcional que permite o benestar na vellez.

g) Dependencia de coidados: efecto que se produce sobre aquelas persoas que ven diminuídas as súas capacidades funcionais até o punto de non seren capaces de levar a cabo as tarefas básicas sen axuda.

h) Servizos centrados na persoa: enfoque de atención que ten expresamente en conta as perspectivas dos individuos, as familias e as comunidades, e que as considera participantes así como beneficiarias, duns sistemas de saúde e de coidados a longo prazo que responden ás súas necesidades e preferencias de maneira humana e integral.

Artigo 4. Obxectivos

As residencias de maiores perseguen os seguintes obxectivos:

a) Garantir os coidados e a asistencia persoal necesaria das persoas usuarias para realizar as actividades da vida diaria procurando manter a súa autonomía persoal e, no posíbel, fomentar o seu desenvolvemento e evitar o deterioro físico e cognitivo da persoa, quer cando se trate dunha estancia de longa duración ou permanente quer, de períodos de estancia temporal con fins de rehabilitación e recuperación de capacidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Garantir o desenvolvemento, co apoio preciso cando for necesario, de actividades encamiñadas a manter as relacións das persoas usuarias coa contorna comunitaria e a súa participación na mesma.

c) Garantir o mantemento e ampliación das relacións persoais das persoas usuarias coa súa familia, con outras persoas residentes no centro ou alleas ao medio residencial así como a súa participación, no posíbel, na vida do centro.

d) Garantir o dereito á intimidade das persoas así como a súa autonomía persoal e capacidade para tomar decisións sobre a súa propia vida.

Artigo 5. Poboación destinataria

1. As persoas usuarias dos centros residenciais serán, preferentemente, persoas cunha idade igual ou superior aos 65 anos en situación de dependencia ou, no seu caso, risco de dependencia. En todo caso, poderán acceder a este recurso, persoas maiores de idade que poidan equipararse a este colectivo por circunstancias persoais e sociais.

Nos supostos excepcionais previstos neste apartado deberá quedar debidamente acreditado e xustificado que a atención prestada nun centro residencial para persoas maiores é a idónea para atender as necesidades da persoa.

2. De maneira excepcional e co obxectivo de manter a unidade de convivencia, tamén poderán acceder aos centros residenciais persoas que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumpran co límite de idade fixado no apartado anterior, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Ser cónxuxe, parella de feito ou relación análoga sempre que medie relación de convivencia habitual.

b) Posuír coa persoa usuaria unha relación de parentesco até segundo grao de consanguinidade ou afinidade e mantendo con ela unha relación de convivencia habitual. Neste caso será requirida motivación fundamentada dos servizos sociais que acredite esta situación.

Artigo 6. Principios xerais do modelo de atención

Os principios xerais que guían o modelo de atención nas residencias de maiores son os seguintes:

a) Promoción da autonomía persoal e dunha vida independente: promover que as persoas usuarias dispoñan das condicións máis convenientes e dos apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais favorecendo en todo momento o desenvolvemento, a conservación e o exercicio das súas capacidades.

b) Principio de libre decisión: no ámbito da toma de decisións, informarase, orientarase e prestarase a axuda necesaria para que as persoas usuarias poidan desenvolver e dar continuidade aos seus proxectos de vida sendo elas mesmas as que exerzan o control sobre os asuntos que lles afectan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Atención integral: implementar un modelo global, coordinado e interdisciplinar que garanta a adecuada cobertura das necesidades da persoa tanto sociais como sanitarias, de convivencia, culturais ou doutra índole, sempre desde unha abordaxe profesional respectando os seus dereitos e, en especial, a súa dignidade e intimidade.

d) Atención personalizada e estábel: avaliación individual das necesidades de cada residente e asignación estábel de profesionais de atención directa mediante a diminución da rotación de persoal así como o fomento da estabilidade na contratación co obxectivo de promover un maior coñecemento das persoas usuarias e unha relación continúa, próxima e estábel entre residentes e profesionais.

e) Principio de profesionalización: sen prexuízo do labor do voluntariado social ao que se lle recoñece o valor complementario, todo o persoal do centro residencial deberá ter a formación e competencias profesionais, técnicas, relacionais e éticas para prestar uns coidados de calidade e acordes ao disposto na presente lei.

f) Principio de participación das persoas usuarias, das súas familias, dos grupos sociais e das entidades representativas das usuarias e usuarios de centros residenciais. A participación promoverase e garantirase a través das canles e mecanismos previstos na presente lei e guiarase por criterios democráticos.

g) Enfoque comunitario: utilización de todos os servizos que sexan posíbeis dentro da contorna do centro residencial incluíndo o desenvolvemento de actividades que teñan como destino as persoas que vivan na contorna da residencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

h) Igualdade e non discriminación: as persoas usuarias non poderán ser discriminadas por razón de raza, sexo, idade, orientación sexual ou identidade de xénero, capacidade, ideoloxía, crenza, condición de saúde ou calquera outra circunstancia de carácter social ou persoal. Neste senso, o persoal da residencia así como os poderes públicos deberá garantir e velar en todo momento polo respecto dos dereitos fundamentais e a igualdade de oportunidades das persoas usuarias e das súas familias.

i) Avaliación, calidade e transparencia: estableceranse sistemas de avaliación periódica que garantan a calidade, a acreditación e o cumprimento da normativa vixente nas residencias de maiores así como mecanismos de acceso cidadán a esta información de acordo co previsto na presente norma.

l) Descentralización e proximidade: a localización das residencias de maiores responderá, sempre que sexa posíbel, a criterios de desconcentración, proximidade e accesibilidade á poboación usuaria garantindo o acceso a este servizo con criterios de equilibrio territorial.

Artigo 7. Deberes das persoas ou entidades prestadoras de servizos

1. No marco do disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares ou xestoras de residencias de maiores e que estean suxeitas a calquera tipo de autorización regulada nesta lei terán as seguintes obrigas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Proporcionar tanta información lle requiran os servizos de inspección ou a consellaría competente en materia de servizos sociais sobre as condicións materiais ou funcionais da residencia así como cantos datos de xestión relacionados cos estándares de calidade lle sexan requiridos.

b) Publicar en formato físico e dixital as actas de inspección garantindo a súa accesibilidade ao conxunto do persoal, das persoas usuarias e das súas familias así como a calquera persoa interesada nas mesmas.

c) Comunicar no prazo máximo de 72 horas ao órgano competente en materia de inspección as incidencias de carácter grave rexistradas no libro de incidencias.

d) Todas as residencias de maiores deberán contar cun Plan de continxencia consensuado cos servizos sanitarios da súa área sanitaria de referencia para facer fronte a crises de saúde pública, contendo as medidas preventivas necesarias.

e) Comunicar á consellaría competente en materia de servizos sociais a relación actualizada de persoas usuarias que pasarán a integrar o Censo único de persoas usuarias de residencias de Galiza, de acordo co previsto na presente lei así como colaborar na publicación e acceso aos datos de sobre o funcionamento (recursos, actividades e resultados) da residencia co obxectivo de coñecer a calidade dos servizos residenciais.

f) Comunicar á consellaría competente en materia de servizos sociais a relación de postos de traballo do centro, xornada laboral, categoría profesional e titulación das traballadoras e traballadores da residencia de maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 8. Dereitos e deberes das persoas usuarias de residencias de maiores

1. No marco dos dereitos recoñecidos no artigo 6 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, as persoas usuarias de residencias de maiores terán os seguintes dereitos :

a) A liberdade individual para o ingreso, a permanencia e a saída do centro residencial de acordo co disposto na normativa vixente.

b) A recibir do persoal que presta servizo na residencia de maiores, sexa cal for a súa ocupación no mesmo, un tratamento personalizado, afectuoso, digno e respectuoso coa súa intimidade, identidade, crenzas, co seu proxecto de vida e atendendo a diversidade das persoas como un elemento enriquecedor.

c) A recibir unha atención personalizada de acordo coas súas necesidades específicas e cos obxectivos establecidos no seu Programa de Atención Individual así como a recibir os apoios e a axuda que precise para conseguir o máximo benestar.

d) A ver garantidos os seus dereitos sociais e sanitarios incluídas as relacións interpersoais especialmente con familiares, amizades e outras persoas da súa contorna social facilitándolles o acceso ao centro.

e) A participar, activa e autonomamente, de acordo coas diversas capacidades, nas decisións que afecten ao seu coidado e ao seu proxecto de vida así como á organización actividades e desenvolvemento da vida no centro, xunto coa súa familia, amizades e persoas de referencia ou apoio se así o desexar. Así mesmo, garantirase a participación das persoas responsábeis da tutela naqueles casos en que unha persoa usuaria estea incapacitada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para tal fin, cando as persoas usuarias requiran de apoio ou axuda, deberán dispor do apoio e axuda necesaria para exercer o dereito de participación.

f) Á intimidade e privacidade. Garantírase a intimidade corporal e espacial das persoas en todo momento, procurando garantir habitacións individuais e poñendo especial atención nas actividades de autocoidado respectando a confidencialidade da súa información persoal.

g) A decidir, sen prexuízo da organización do centro, os horarios para deitarse e erguerse así como os horarios das comidas e os menús, para cuxos efectos será válida a fixación de faixas horarias sempre que permitan marxe de decisión para as persoas usuarias.

h) A recibir información nunha linguaxe e formato comprensíbel, en particular, sobre a súa situación persoal e familiar, sobre os seus coidados e a súa saúde; sobre os seus dereitos e obrigas así como sobre a súa estancia no centro e a súa relación coa entidade titular e/ou xestora da residencia. De igual maneira, calquera persoa usuaria terá dereito a coñecer e acceder en todo momento ás actas de inspección do centro realizadas pola autoridade competente en materia de servizos sociais.

i) A formular queixas e reclamacións perante a dirección do centro e a autoridade competente en materia de servizos sociais e a recibir cumprida resposta, por escrito, informando o que proceda en relación co obxecto da súa queixa ou reclamación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

l) A estar libre de suxeicións físicas e farmacolóxicas que unicamente poderán prescribirse en supostos excepcionais e como única alternativa de acordo coa normativa vixente nesta materia. O uso irregular de mecanismos de suxeición física ou farmacolóxica será considerado unha violación dos dereitos da persoa usuaria e trasladado polos servizos de inspección de maneira automática ás autoridades xudiciais competentes.

m) A levar consigo algúns dos seus móbeis e outros elementos que permitan gozar dun maior e mellor acollemento e integración no centro residencial. Estes poderán integrar o seu espazo persoal.

n) Posibilitar a planificación anticipada do coidado ao final da vida xunto con profesionais da saúde.

2. No marco dos deberes recollidos no artigo 7 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, as persoas usuarias de residencias de maiores terán as seguintes obrigas:

a) Coñecer e cumprir as normas, requisitos, condicións e procedementos establecidos para a obtención e goce das prestacións e servizos, facendo un uso responsábel dos mesmos.

b) Facilitar información veraz dos datos persoais, de convivencia, económicos e patrimoniais e a presentar unha documentación fidedigna cando así se requira para valorar a súa situación.

c) Respetar a dignidade e os dereitos do persoal que presta os servizos así como das demais persoas usuarias do centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Facer un uso responsábel das instalacións e dos bens móbeis do centro.

e) Cumprir os compromisos asumidos co centro residencial e, de ser o caso, o contrato asistencial asinado co mesmo.

f) Colaborar coas autoridades competentes facilitando a coordinación sociosanitaria tanto coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza como cos servizos sociais comunitarios.

Artigo 9. Consello de participación

1. As residencias de maiores deberán garantir a participación das persoas usuarias e das súas familias na toma de decisións do centro, sen menoscabo da súa organización.

2. O devandito sistema de participación deberá incluír, entre outros mecanismos que se consideren acaídos de acordo coas características do centro, un Consello de participación cuxa composición e funcionamento deberá estar determinado no Regulamento de réxime interior da residencia.

3. O Consello de participación estará integrado, procurando sempre o equilibrio entre mulleres e homes, polos seguintes perfís:

a) A persoa que ostente a dirección do centro.

b) Representantes das e dos profesionais de atención directa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Persoas usuarias, familiares e/ou representantes legais das e dos residentes.

d) Representante do concello no que se sitúe a residencia.

4. Entre as funcións do Consello de Participación estarán, como mínimo:

a) A aprobación das súas normas de funcionamento do propio Consello de Participación.

b) A aprobación do Regulamento de réxime interior do centro residencial.

c) A aprobación da programación xeral anual da residencia.

d) Recibir a información relevante sobre o funcionamento do centro residencial incluídas as queixas e reclamacións así como a memoria anual.

e) Impulsar propostas e recomendacións de mellora do funcionamento do centro residencial.

5. O Consello de participación reunirse, como mínimo, de forma ordinaria unha vez cada seis meses e de maneira extraordinaria a instancia da presidencia ou da maioría dos seus membros.

6. Os acordos no seo do Consello de participación adoptaranse por maioría simple agás os apartados b) e c) do punto anterior que requirirán dunha maioría de dous terzos do total de membros.

7. De cada reunión levantarase acta pola persoa que asuma a responsabilidade da secretaría na que se recollerá necesariamente a orde do día da xuntanza, o lugar e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o tempo no que se levou a cabo, as persoas asistentes, os principais puntos da deliberación así como o contido dos acordos adoptados. A acta deberá estar asinada por todas as persoas asistentes garantindo que todas tiveron a oportunidade de darlle lectura e comunicar o acordo ou obxeccións á mesma.

8. As asociacións de familiares e persoas usuarias serán recoñecidas como interlocutoras efectivas e representativas no Consello de participación con dereito a información, audiencia, participación e presentación de queixas, suxestións, estean ou non representadas no mesmo.

Artigo 10. Comité de Ética

1. En cumprimento do deber da Administración galega de velar pola efectividade dos dereitos das persoas maiores e do respecto a súa dignidade, benestar, autonomía e intimidade na atención que reciben, considerase necesario promover a existencia de ámbitos de reflexión e asesoramento ético en torno a estas cuestións, sempre coa finalidade de mellorar a calidade da atención e protexer os dereitos das persoas maiores na residencias e centros de día, tanto públicas como privadas.

2. Créase o Comité de Ética como órgano consultivo para asesorar en situacións problemáticas e conflitos éticos que se produzan na práctica asistencial realizada nas residencias e centros de día para persoas maiores, así como calquera outro servizo social en materia de persoas maiores e discapacidade.

3. O Comité de Ética terá unha composición multidisciplinar e estará constituído por un mínimo de cinco membros de recoñecido prestixio e con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

formación e experiencia no ámbito da bioética, entre os cales, polo menos, debe figurar:

- Unha persoa profesional da medicina.
- Unha persoa profesional da enfermaría.
- Unha persoa profesional do traballo social.
- Unha persoa profesional do ámbito do Dereito.

4. Serán funcións do Comité de Ética:

- a) Proponer aquelas medidas que incidan na mellora da protección dos dereitos das persoas maiores usuarias das residencias e doutros centros.
- b) Asesorar na toma de decisións en caso de conflitos éticos que poidan darse na atención ás persoas maiores usuarias das residencias e dos centros de día.
- c) Elaboración de recomendacións, informes, guías ou protocolos de intervención naquelas situacións que pola súa entidade e frecuencia provoquen conflitos éticos. Estes poderán ser solicitados a petición das persoas usuarias e das súas familias, do persoal traballador das residencias e dos centros de día así como do Parlamento de Galiza
- d) Promover boas prácticas no desenvolvemento da actividade de atención nas residencias e centros de día.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) Promover e colaborar na formación en cuestións éticas relacionadas coa atención das persoas maiores usuarias en residencias e centros de día.

f) Elaborar un regulamento interno de funcionamento de acordo sempre coas disposicións ditadas pola Consellaría competente para o desenvolvemento e execución do indicado neste artigo

Artigo 11. Actuacións administrativas. Autorización e rexistro

1. As residencias de maiores estarán suxeitas ás actuacións administrativas de autorización, rexistro e inspección que lles correspondan atendendo á natureza pública ou privada da entidade titular das mesmas, nos termos previstos polo Título VIII, capítulos I e II, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza.

2. Ademais do previsto no apartado anterior, os centros residenciais para persoas maiores en Galiza de titularidade privada deberán cumprir os requisitos materiais, funcionais e de persoal regulados nos capítulos II, III e IV da presente lei.

3. Co fin de garantir a homoxeneidade da rede de servizos, as residencias de maiores de titularidade pública, aínda que non están suxeitas a autorización, deberán cumprir os requisitos materiais, funcionais e de persoal regulados nos capítulos II, III e IV da presente lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

TÍTULO I : REQUISITOS MATERIAIS E DE PERSOAL

CAPÍTULO I. Requisitos materiais

Artigo 12. Ubicación e criterios de localización

Con carácter xeral, para a autorización de residencias de persoas maiores, deberán estar ubicadas en espazos que reúnan os seguintes criterios:

a) As residencias deberán localizarse de forma integrada dentro da estrutura urbana ou rural das unidades espaciais (barrios, parroquias, municipios ou ámbitos supramunicipais) ás que serven.

b) As residencias deberán situarse en lugares próximos a servizos comunitarios e ben comunicados mediante transporte público ou, no seu defecto, as residencias deberán facilitar outro medio de transporte alternativo diario ao centro do concello. En todo o caso non se ubicarán en espazos illados dos núcleos de poboación, ou afastados do solo urbano ou núcleos rurais.

c) As residencias deberán procurar localizacións en zonas resgardadas de agresións ambientais, como ruído e contaminación, con especial coidado daquelas provocadas polas grandes infraestruturas.

d) Igualmente procurarán a proximidade con espazos libres co fin de poder ser empregados como espazos complementarios aos espazos exteriores da propia residencia. As administracións públicas deberán garantir que estes espazos estean libres de barreiras arquitectónicas e que contén coa maior seguridade e protección para as persoas usuarias das residencias co fin de fomentar a súa autonomía persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) Así mesmo, tendo en conta o especial impacto que ten para as mulleres a mobilidade de coidados, tanto para traballadoras como para a contorna de relacións das persoas usuarias, as administracións públicas deberán introducir a perspectiva de xénero na planificación do transporte público de forma que se teñan en conta as pautas de mobilidade, o modo de viaxar e os horarios dos desprazamentos das mulleres.

f) As residencias deberán contar coas dotacións de servizos de acceso rodado, auga, enerxía, auga, servizos de telecomunicacións avanzados precisas para desenvolver a actividade e situarse en terreos que dispoñan da adecuada cualificación urbanística para a realización das edificacións e instalacións así como para o desenvolvemento da actividade.

g) A implantación de novas residencias de maiores será preferentemente en edificios xa construídos, priorizando a reutilización e a rehabilitación fronte á nova construción, sempre que estes garantan os anteriores criterios e permitan acoller o programa e usos residenciais.

h) As residencias deberán contar con conexións tecnolóxicas de comunicación suficientes para garantir o acceso á rede das persoas usuarias e do persoal así como, posibilitar o uso doutros servizos como a teleasistencia ou outros mecanismos de coordinación sociosanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 13. Condicións xerais.

1. As residencias de maiores non poderán superar a capacidade máxima de 100 prazas e aqueles centros residenciais que superen as 25 prazas deberán contar cunha distribución modular en unidades de convivencia de acordo co previsto na presente lei, e a porcentaxe mínima de habitacións individuais será do 90%.

2. A calidade vivencial dos centros residenciais deberá adecuarse ás necesidades das persoas maiores usuarias especialmente a respecto da habitabilidade, o espazo, a seguridade, a accesibilidade, as facilidades para a orientación e o espazo privado.

3. As residencias de maiores estarán dotadas das instalacións e equipamentos necesarios que garantan unha atención adecuada ás necesidades das persoas residentes. Na medida en que estas necesidades muden, determinarase un proceso continuo de adaptación ás mesmas.

4. Prestarase unha atención especial ao mantemento, conservación e reparación, se for o caso, das instalacións e o mobiliario co obxectivo de evitar o seu deterioro así como ao conxunto do equipamento.

5. Os edificios deberán procurar incorporar criterios de sustentabilidade e conforto ambiental, tanto a través de sistemas pasivos que axuden a reducir a demanda enerxética e a pegada de carbono do edificio, como a través de sistemas activos, con especial atención nas instalacións para o aproveitamento de fontes de enerxías renovables ou a redución de residuos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. De igual maneira, garantirase a limpeza e desinfección do inmóbel e as dependencias que o compoñen así como dos utensilios e materiais, coa frecuencia necesaria para asegurar a maior calidade de habitabilidade.

7. As condicións de habitabilidade e comunicación; condicións de protección e seguridade; accesibilidade, distribución de estancias e os seus requisitos materiais específicos deberán desenvolverse regulamentariamente no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei.

8. Os centros residenciais deberán contar, cando superen as 25 prazas, con unidades de psioxeriatría, unidades sociosanitarias ou doutra índole para favorecer a mellor atención das persoas residentes atendendo aos principios de coidado, mantemento e rehabilitación.

Artigo 14. Unidade de rehabilitación e psioxeriatría

1. Nas unidades de rehabilitación e psioxeriatría serán atendidas as persoas maiores afectadas por procesos demenciais (Alzhéimer, demencias vasculares e outras) ou con enfermidade mental ou discapacidade intelectual con deterioro cognitivo, que presenten trastornos do comportamento.

2. Os obxectivos específicos desta unidade son:

a) Prestar unha atención dirixida a manter, conservar e rehabilitar capacidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Prestar unha atención integral e especializada ás persoas con procesos demenciais en fases moderadas-graves, no ámbito residencial, con criterios de máxima eficiencia no uso dos recursos.

c) Minimizar os riscos para a integridade física, psíquica e emocional das persoas usuarias.

d) Evitar na medida do posíbel suxeicións físicas e as contencións farmacolóxicas que só deberán ser empregadas por prescrición médica e como último recurso cumprindo escrupulosamente a normativa vixente que as regula e respectando os protocolos específicos de atención.

e) Favorecer a libre deambulación na área de seguridade da unidade de psioxeriatría co obxectivo de promover o exercicio físico positivo e reducir os niveis de ansiedade.

f) Garantir ás familias das persoas usuarias a seguridade de que as mesmas están recibindo a atención que precisan coa máxima profesionalidade e calidade respectando ao máximo os seus dereitos individuais.

3. As condicións materiais e funcionais da unidade de psioxeriatría deberán desenvolverse regulamentariamente no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei e incluírán a esixencia de formación específica do seu persoal en materia de xerontoloxía e problemas neurodexenerativos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 15. Unidade sociosanitaria

1. As residencias de persoas maiores deberán contar cun espazo para albergar a atención sociosanitaria, cando sexa preciso e recomendábel realizala no propio centro.

Sen prexuízo de que a atención ordinaria das persoas maiores residentes se efectuará no sistema sanitario, as residencias de maiores deberán dispor dunha zona na que existan espazos suficientes e adecuados para contar cunha oficina médica, unha sala de curas e unha de enfermería así como unha sala de rehabilitación ou para efectuar exercicio físico.

Os requisitos materiais e as condicións mínimas que deben reunir ditos espazos fixaranse regulamentariamente en función da capacidade das residencias no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei.

2. As residencias de persoas maiores contarán con persoal sanitario de forma presencial ou localizábel nos termos que se establezan regulamentariamente en atención á súa capacidade e perfil das persoas usuarias. En todo caso, o persoal sanitario deberá acreditar debidamente que conta con formación en xerontoloxía.

3. A regulación dos requisitos para contar con unidades sociosanitarias nas residencias de maiores estableceranse regulamentariamente no prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor da presente lei.

4. Non obstante as condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente no que atinxe aos profesionais sanitarios e unidades sociosanitarias, a atención sanitaria das persoas maiores dos centros residenciais



prestarase de forma integral nos dispositivos e recursos do sistema sanitario, a través das unidades de coordinación sociosanitaria.

Artigo 16. Unidade de convivencia

1. Co obxectivo de promover e garantir a autonomía persoal e proporcionar un ambiente doméstico nas residencias de maiores, aquelas que superen as 25 prazas deberán contar con unidades de convivencia para as persoas usuarias que se atopen dentro dos módulos.

2. As condicións materiais e funcionais das unidades de convivencia deberán desenvolverse regulamentariamente no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei. No entanto, contarán, como mínimo, con:

a) Unha capacidade máxima de 25 prazas que no caso de persoas con dependencia non poderá superar o límite máximo de 20.

b) Zonas comúns: cociña, comedor e sala de estar.

c) Habitacións dotadas de baño propio con ducha, inodoro e lavabo, así como coas axudas técnicas necesarias para o uso do usuario e das profesionais durante a súa asistencia.

d) As zonas comúns, as habitacións e as zonas de circulación serán contiguas en cada unidade de convivencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) Deberán estar adaptadas e ser accesíbeis para cadeiras de rodas en todos os casos.

CAPÍTULO II. Requisitos do persoal

Artigo 17. Categorias e responsabilidades profesionais

1. O cadro de persoal das residencias de maiores estarán formados por unha equipa de profesionais acaída en número, cualificación e experiencia para asumir as responsabilidades e desenvolver as distintas áreas de atención que precisan as persoas usuarias.

2. Os centros residenciais disporán do seguinte persoal:

a) Persoal de atención directa: coidadoras e coidadores profesionais e auxiliares de enfermaría ou equivalente.

b) Persoal técnico: persoal médico, enfermaría, fisioterapeutas, terapia ocupacional, animación sociocultural, traballo social, psicoloxía, pedagogía, logopedia, podoloxía, educación social e calquera outra categoría profesional que desenvolva funcións técnicas e que sexa recoñecido así polo órgano competente en materia de inspección de servizos sociais.

c) Persoal de servizos xerais: aquel que desenvolve tarefas de administración, cociña, limpeza, lavandaría, loxística, transporte, mantemento, conservación e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vixilancia das instalacións e, en xeral, calquera que non encaixe na categoría de profesional de atención directa ou técnico.

d) Dirección do centro: todas as residencias de maiores disporán dunha persoa que ostente a dirección.

Artigo 18. Cualificación profesional

1. A dirección das residencias de maiores deberán ser asumidas por persoas que contén con titulación universitaria oficial e ter realizado formación complementaria en dependencia, discapacidade, xeriatria, xerontoloxía, dirección de centros residenciais ou outras áreas de coñecemento relacionadas co ámbito de atención á dependencia agás nos postos xa ocupados nos que a persoa que asuma a dirección deberá contar con, como mínimo, tres anos de experiencia no sector e contar coa formación complementaria anteriormente citada.

2. O persoal de atención directa deberá contar coas titulacións oficiais que correspondan ás súas respectivas especialidades e, cando a lexislación así o esixa, deberán estar colexiadas.

3. A dirección da resistencia de maiores deberá proporcionar os recursos materiais e a formación continua necesaria para que o persoal aplique e desenvolva de maneira acaída o modelo asistencial centrado na persoa de acordo co disposto na presente lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 19. Rateos xerais de persoal/residentes

1. Para establecer a proporción ou rateo de persoal a respecto do número de persoas residentes aplicarase a seguinte fórmula:

a) Como numerador, o número de horas de atención (directa ou técnica), dividido entre a xornada laboral anual correspondente.

b) Como denominador, o número de prazas ocupadas da residencia de maiores.

2. A proporción ou rateo mínima entre persoal e residentes deberá diferenciar e, polo tanto, ser diferenciada entre tres categorías profesionais: persoal de atención directa, persoal técnico e persoal de servizos xerais así como entre persoas usuarias en función de se estas gozan de autonomía ou son dependentes.

3. Os mínimos esixidos serán determinados regulamentariamente de acordo co disposto na presente lei e previa negociación coas organizacións sindicais e sociais representativas do sector. Estas cifras deberán ser revisadas periodicamente para axustar ás necesidades da atención residencial e o perfil das persoas usuarias.

TÍTULO II. MODELO DE ATENCIÓN

Artigo 20. Modelo de atención

1. O modelo de atención aplicábel nos centros residenciais para persoas maiores centrarase nos seguintes principios básicos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) A atención integral centrada na persoa.
- b) A garantía de dereitos.
- c) Un modelo de xestión respectuoso coa dignidade persoal.

Artigo 21. Atención integral e centrada na persoa

1. A atención que se preste nas residencias de maiores a cada persoa usuaria deberá ser integral, é dicir, deberá tender á consecución dun modelo global, coordinado e interdisciplinar que garanta a adecuada cobertura das necesidades da persoa, tanto sociais como sanitarias, de convivencia, culturais ou doutra índole, sempre desde unha abordaxe profesional respectando os seus dereitos e, en especial, a súa dignidade e intimidade.

2. Prestarase, da mesma maneira, unha atención personalizada adaptada ás necesidades de cada residente, mediante a elaboración dun Plan de Atención Individualizada (PAI).

3. Dentro deste marco de atención integral, todas as residencias de maiores deberán delimitar tres grandes procesos arredor dos que deberán xirar os servizos, os protocolos e demais intervencións:

- a) Ingreso
- b) Estadía





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Saída do centro

4. As residencias de maiores e os servizos que estas prestan axustaranse na súa actuación, preferentemente, ao enfoque de planificación centrada na persoa, entendida como un proceso continuo de aprendizaxe e escoita activa, e como un proceso de carácter colectivo no que participan a persoa usuaria e a súa familia e persoas próximas a ela, sempre que esta acepte previamente a súa participación.

Artigo 22. Profesional de referencia

1. Nos centros residenciais regulados por esta lei as persoas usuarias terán asignada, como mínimo, unha persoa de referencia ou apoio que será desempeñada de maneira preferente por un profesional de atención directa.

2. A persoa de referencia facilitará a coordinación diaria de todas as actuacións e actividades nas que participe a persoa usuaria adecuándoas aos obxectivos previstos no seu Plan de Atención Individual. Apoiará o desenvolvemento do proxecto de vida e servirá de enlace e referencia da familia, no seu caso.

3. A asignación farase de maneira informada e dialogada coa persoa usuaria e poderá ser modificada atendendo ás necesidades e especificidades da persoa usuaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 23. Fase de ingreso: preparación e adaptación ao centro

1. Para facilitar o proceso de entrada, acollemento e adaptación ao centro, o persoal da residencia de maiores deberá realizar as seguintes actuacións:

a) Recompilar a documentación necesaria antes do ingreso propiciando un coñecemento mutuo e o intercambio de documentación entre o centro e a persoa usuaria.

b) Ofrecer unha canle de comunicación clara entre o centro residencial e a persoa usuaria, a súa familia, persoa de referencia ou representante legal.

c) Informar sobre as características e funcionamento da residencia así como dos dereitos e deberes da persoa usuaria.

d) Facilitar a toma de decisións por parte da persoa usuaria ou da súa representante legal, favorecendo a expresión dos seus sentimentos e achegándolle tranquilidade mediante a xeración de confianza e seguridade.

e) Minimizar os efectos adversos da mudanza de domicilio e da contorna relacional.

f) Coñecer os espazos de uso persoal e os comúns de uso cotián.

g) Realizar a avaliación de necesidades informando dos resultados á persoa usuaria ou a súa representación legal.

h) A través dos datos recompilados na avaliación de necesidades, elaborar o Plan de Atención Individualizada (PAI) cubrindo as actividades e programas da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carteira de servizos marcando os obxectivos asistenciais. O PAI deberá ser aprobado no prazo máximo de 30 días hábiles desde o ingreso da persoa usuaria na residencia.

i) Realizar e asegurar o Plan de coidados básicos inicial axustándoo á fase de atención continuada.

l) Avaliar a adaptación da persoa usuaria ao centro transcorridos tres meses desde o seu ingreso.

m) Indicarlle o nome da persoa que, inicialmente, será o seu profesional de referencia no centro residencial, sen prexuízo de que, nunha fase posterior e atendendo ás súas necesidades, se poida designar outra persoa profesional como referente.

Artigo 24. Fase de estancia: avaliación de necesidades e Plan de Atención Individualizada (PAI)

1. A valoración integral e a elaboración de plans de atención individualizada constitúen a base da atención personalizada polo que deberán contar sempre coa participación das persoas usuarias e, no seu caso, coas familias ou quen exerza a súa representación legal.

2. O Plan de Atención Individualizado (PAI) consiste nunha programación individual para garantir a mellor adecuación da intervención ás necesidades da persoa incluíndo, como mínimo, os seguintes contidos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Valoración integral das súas necesidades tanto sanitarias, psicolóxicas, sociais, de actividades da vida diaria e, se así o desexar a persoa usuaria, aqueles aspectos biográficos importantes para a súa atención.

b) Valoración de capacidades, as súas necesidades de apoio, hábitos, preferencias e desexos.

c) Fixación de obxectivos concretos no ámbito preventivo e asistencial.

d) Determinación de programas e actividades para conseguir os obxectivos.

e) Execución das devanditas actividades.

f) Avaliación periódica do cumprimento dos obxectivos definidos e, se for preciso, introdución das mudanzas necesarias e novos obxectivos.

3. A avaliación de necesidades realizarase con instrumentos validados e adaptados ao colectivo en cuestión.

4. Realizaranse xuntanzas periódicas da equipa multidisciplinar da residencia, preferentemente semanais e obrigatoriamente mensuais, para a planificación e o seguimento dos Plans de atención individualizada. Todo isto, co obxectivo de que o PAI sexa un documento vivo e dinámico que recolla en cada momento a situación actual da persoa.

5. O PAI entregarase á persoa usuaria ou á súa persoa de referencia e á súa familia, se así o desexar a devandita persoa. Cando se entregue explicarase de maneira clara o contido do mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. A valoración da persoa usuaria por parte das e dos profesionais, deberá facerse dentro dos primeiros 30 días da súa entrada no centro e completarse como moi tarde nos dous primeiros meses.

Artigo 25. Fase de saída do centro

A saída da residencia de maiores producirase pola perda da condición de persoa usuaria motivada por unha das seguintes razóns:

- a) Por propia decisión e renuncia voluntaria que deberá facerse por escrito de maneira expresa e inequívoca.
- b) Por defunción.
- c) Por sanción de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza.

Artigo 26. Igualdade e non discriminación

1. Para garantir os dereitos das persoas usuarias das residencias de maiores e do seu persoal traballador especialmente fronte a calquera forma de discriminación por razón de xénero ou orientación sexual, os centros deberán contar:

- a) Cun Plan de igualdade e non discriminación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Protocolos de prevención e intervención fronte a situacións de violencia machista, racismo, LGBTfobia ou calquera forma de discriminación.

2. Así mesmo, deberán organizarse actividades formativas e informativas nesta materia de maneira periódica dirixidas tanto ao persoal traballador como ás persoas usuarias.

TÍTULO III. SUPERVISIÓN, INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. Mecanismos de control

Artigo 27. Censo único de persoas usuarias e información relativa a recursos, actividades e resultados

1. Créase o Censo único de persoas usuarias de residencias de maiores entendido como un rexistro único, centralizado e informatizado de persoas usuarias en centros residenciais ubicados na Comunidade Autónoma de Galiza.

2. O devandito censo estará xestionado pola consellaría competente en materia de servizos sociais e estará suxeito ao disposto na lexislación vixente en materia de xestión e protección de datos.

3. As condicións técnicas e os datos que deberá incluír o censo serán desenvolvidas regulamentariamente no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei. No entanto, incluírá, como mínimo:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- a) O nome, apelidos, documento de identidade da persoa usuaria e a localidade na que está censada.
- b) A identificación do centro residencial no que se atopa e a data de ingreso no mesmo.
- c) O grao de dependencia, se o houber, da persoa usuaria e as súas principais afectacións sociosanitarias.
- d) A actualización da información requirida polo Censo único de persoas usuarias de residencias de maiores deberá ser continua e os centros residenciais estarán obrigados a comunicar calquera mudanza na situación das e dos residentes nun prazo máximo de 24 horas.

Artigo 28. Servizos de inspección

1. A efectos de garantir o cumprimento do previsto nesta lei a inspección de servizos sociais realizará un labor permanente de control, recomendación, requirimento ou proposta de procedementos sancionadores, tanto de oficio como a instancia de parte.

2. Sen menoscabo do disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza a consellaría competente en materia de inspección e servizos sociais deberá crear un corpo específico de inspección para residencias de maiores dotado dos recursos humanos, materiais e económicos suficientes que permitan cumprir co labor de inspección recollido na presente lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 29. Labor de inspección

1. Será obrigatorio o desenvolvemento de oficio, cando menos, de dúas inspeccións anuais a todas as residencias de maiores, públicas e privadas, ubicadas na Comunidade Autónoma de Galiza.

2. Naqueles centros residenciais en que se detecten irregularidades durante a inspección e se inste á entidade titular ou xestora a introducir correccións deberán ser inspeccionados de novo para verificar o cumprimento da normativa no prazo máximo de tres meses.

3. O uso irregular de mecanismos de suxeición física ou farmacolóxica ou calquera outra violación dos dereitos fundamentais da persoa usuaria será trasladado de oficio polos servizos de inspección ás autoridades xudiciais competentes de maneira automática.

Artigo 30. Transparencia e dereito á información

1. Os centros residenciais deberán publicar as actas de inspección garantindo a súa accesibilidade ao conxunto do persoal, das persoas usuarias e das súas familias así como, de calquera persoa interesada nas mesmas. As actas deberán ser publicadas en formato dixital e físico e pendurarse en lugar visíbel e accesíbel nos accesos exteriores á residencia.

2. Para garantir a accesibilidade á información por parte do conxunto da poboación, a Xunta de Galiza, a través da consellaría competente en materia de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos sociais, creará un portal web no que publicará e facilitará a consulta das actas e os informes de inspección así como das sancións que se imponían anualmente a cada un dos centros residenciais tanto públicos como privados.

3. Na web descrita no apartado anterior deberá constar, cando menos, a seguinte información:

- a) Nome da entidade sancionada
- b) Nome do centro residencial obxecto da sanción e a súa localización (endereço)
- c) Modalidade de titularidade e xestión da residencia (pública, privada ou concertada)
- c) Incumprimentos detectados, actas de inspección levantadas e informes de inspección
- d) Importe da sanción e estado de tramitación no que se atopa

4. Con carácter anual, a Xunta de Galiza remitirá ao Parlamento un informe no que se detalle, como mínimo:

- a) O número de prazas residenciais e modelo de xestión das mesmas (pública, privada, concertada ou en réxime de concesión) tanto totais como desagregadas por centros
- b) Nome das empresas, entidades e institucións titulares e xestoras das residencias de maiores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Custe anual do concesión e concertación para a administración pública, tanto total como desagregada por centros

d) Número de persoas que integran o Programa de Asignación de Recursos e servizo polo que están á espera.

e) Información sobre recursos, actividades e resultados que permita avaliar os servizos residenciais en Galiza. Esta información deberá incluír, como mínimo: datos relativos ao número de falecementos e causa dos mesmos, número de ingresos hospitalarios e causas, número de reingresos hospitalarios e causas, número de interconsultas con Atención Primaria e con Atención Hospitalaria; número de caídas e tipos, número de suxeicións físicas aplicadas por tipos.

CAPÍTULO II : Réxime sancionador

Artigo 31. Réxime de infraccións e sancións

1. As infraccións en materia de residencias de maiores serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, que serán impostas polos órganos competentes da Administración autonómica, logo de instrución do oportuno expediente e sen prexuízo das responsabilidades penais, laborais ou doutra orde que puidesen concorrer.

2. Sen prexuízo do réxime de infraccións e sancións previsto neste capítulo, resultará aplicábel a regulación contida no título IX da Lei 13/2008, de 13 de decembro, de servizos sociais de Galiza e no título III da Lei 39/2006, do 14 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coas especialidades previstas nesta lei.

Artigo 32 Infraccións

1. As infraccións administrativas relativas ao incumprimento do prescrito nesta lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Considéranse infraccións leves:

a) O incumprimento da obriga de publicar as actas de inspección canto nas mesmas non se aprecie a existencia de infracción de ningún tipo

b) Non dispor na residencia da documentación relativa as contratos de traballo, horarios, vacacións e xustificantes de cumprimento das obrigas sociais das persoas que desenvolvan o seu labor profesional na residencia

c) O atraso inferior a 30 días na actualización do Plan de Atención Individual das persoas que residan no centro

d) A non inscrición no libro rexistro das incidencias que se produzan, sempre e cando foran oportunamente comunicadas ao servizo de inspección.

e) Os incumprimentos das obrigas que se inclúen nesta Lei, agás que pola súa intensidade e/ou especial afectación á atención ás persoas residentes as súas familias e achegadas merezan ser consideradas como graves ou moi graves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Calquera outra irregularidade de carácter formal no cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais.

3. Considéranse infraccións graves:

a) O incumprimento da obriga de publicar as actas de inspección cando nas mesmas se aprecie a posíbel existencia de infraccións

b) A non elaboración do Plan de Atención Individual dentro dos 30 días hábiles seguintes ao ingreso da persoa na residencia.

c) Non rexistrar nin comunicar ao servizo de inspección as incidencias que se produzan na residencia

d) O incumprimento, en menos dun 10%, do rateo de persoal legalmente establecida

e) O atraso igual ou superior a 30 días na actualización do Plan de Atención Individual das persoas que residan no centro

f) A obstrución ao labor da inspección ou a negativa a subministrar a documentación ou a información que lle fose requirida por esta

g) A reiteración de dúas o un máis faltas leves nun ano

4. Considéranse infraccións moi graves:

a) A reiteración de dúas ou máis faltas graves nun ano





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) O incumprimento, igual ou superior a un 10%, do rateo de persoal legalmente establecido

c) A falta de comunicación ao servizo de inspección as incidencias que se produzan na residencia que atinxan a integridade físicas das persoas ou as condicións de seguridade e habitabilidade das instalacións ou dos servizos que se prestan nelas

d) O exceso na capacidade máxima permitida para a residencia ou, no seu caso, dos módulos existentes

e) A aplicación de medidas de suxeición ou contención físicas ou farmacolóxicas sen prescrición previa de facultativo do sistema sanitario público e/ou a preceptiva autorización.

f) A comisión ou tolerancia de actos de discriminación por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero, capacidade, ideoloxía, crenza ou calquera outra circunstancias de carácter persoal ou social coas persoas que traballen ou residan no centro, incluídas as que soliciten o ingreso, ou coas súas familiares ou achegadas

Artigo 33. Sancións

1. Ás infraccións tipificadas no artigo anterior aplicaráselles as seguintes sancións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Infraccións leves: Multa de 100 a 300 € no grao mínimo de 301 a 600 € no grado medio e de 601 a 2500 no grado máximo, agás que pola súa levedade e falta de repercusión se considere oportuno a realización dun mero apercibimento.

b) Infraccións graves: Multa de 2501 a 4.000 no grado mínimo, 4001 a 6000 no medio ou 6.001 a 10.000 no máximo.

c) Infraccións moi graves: multa de 10.001 a 25.000 en grao mínimo, 25.001 a 50.000 en grao medio, e de 50.001 a 150.000 en grao máximo.

2. Ás persoas responsables de infraccións moi graves poderá aplicárselles a inhabilitación durante un período de 10 anos para teren autorización de apertura dunha residencia de persoas maiores no ámbito territorial de Galiza.

Artigo 34. Criterios de gradacións das sancións

1. Para a determinación concreta da sanción que se impoña, de entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración os seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade.

b) A reiteración, entendida como a concorrencia de varias infraccións ou irregularidades que se sancionen no mesmo procedemento, así como o incumprimento de apercibimentos previos.

c) A natureza e contía dos prexuízos causados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) A reincidencia, nos termos establecidos pola lexislación de réxime xurídico do sector público.

2. A proposta de resolución do procedemento sancionador e a resolución administrativa que recaia deberán expresar os criterios de gradación da sanción tidos en conta, de entre os sinalados neste artigo. Cando non se considere relevante para estes efectos ningunha das circunstancias enumeradas, a sanción imporase na contía mínima prevista para cada tipo de infracción.

Artigo 35. Procedemento sancionador

1. A potestade sancionadora no ámbito competencial autonómico corresponderalle á consellaría competente en materia de servizos sociais e exercerase a través do correspondente procedemento sancionador, para o que resultarán aplicables as regras e os principios establecidos na lexislación sobre o procedemento administrativo común e sobre o réxime xurídico do sector público.

2. O prazo máximo para a tramitación, resolución e notificación do procedemento sancionador será dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación. Ao transcorrer o devandito prazo sen que se ditase e notificase unha resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento na forma prevista pola lexislación reguladora do procedemento administrativo común.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 36. Competencias sancionadoras

1. A competencia para incoar o procedemento sancionador polas infraccións tipificadas nesta lei corresponde á persoa titular da xefatura territorial da consellaría competente en materia de política social en cuxo ámbito se sitúe a residencia para persoas maiores.

2. A competencia para resolver corresponde:

a) No caso das infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de política social en cuxo ámbito se sitúe a residencia para persoas maiores.

b) No caso das infraccións graves, á persoa titular do órgano directivo competente en materia de servizos sociais.

c) No caso das infraccións moi graves, á persoa titular da consellaría competente en materia de política social.

Artigo 37. Suxeitos responsables

1. A responsabilidade das infraccións reguladas neste título recaerá sobre:

a) A persoa física ou xurídica, que sexan titulares do centro residencial para persoas maiores, agás a existencia de calquera tipo de cesión do para a súa xestión e explotación en favor dunha terceira persoa, caso en que a responsabilidade recaerá sobre esta última.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Se a persoa xurídica autora dunha infracción tipificada nesta lei se extingue antes de ser sancionada, consideraranse responsables as persoas físicas que, desde os seus órganos de dirección ou actuando ao seu servizo ou por elas mesmas, determinaron coa súa conduta a comisión da infracción. As persoas socias ou partícipes no capital responderán solidariamente do pagamento da sanción e, de ser o caso, do importe da reparación do dano, ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.

2. Nas infraccións imputadas a unha persoa xurídica tamén se consideran responsables as persoas físicas que integren os seus órganos reitores ou de dirección, e tamén os técnicos responsables da elaboración e do control, cando se acredite a súa responsabilidade.

3. Sen prexuízo das sancións que correspondan, as persoas responsables das infraccións administrativas deberán indemnizar polos danos e as perdas causados e, se é o caso, restituír a legalidade xurídica conculcada. De non se satisfacer a indemnización no prazo que para o efecto se determine en función da súa contía, procederase na forma prevista no artigo 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 38. Recoñecemento da responsabilidade

1. Iniciado un procedemento sancionador, se a persoa infractora reconece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. O pagamento voluntario por parte da presunta persoa responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a finalización do procedemento, salvo no relativo á determinación da indemnización polos danos e as perdas causados pola comisión da infracción.

3. En ambos os casos, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, polo menos, o 20% sobre o importe da sanción proposta. As citadas reducións deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada á desistencia ou á renuncia de calquera acción ou recurso na vía administrativa contra a sanción.

A porcentaxe de redución prevista neste número poderá ser incrementada regulamentariamente.

Artigo 39. Reparación do dano ou indemnización

1. Con independencia das infraccións e sancións que lles sexan impostas, as persoas infractoras estarán obrigadas a reparar o dano causado ou, de non ser posible, a indemnizar polos danos e as perdas ás persoas afectadas.

2. O órgano competente para sancionar determinará na resolución sancionadora a forma e o prazo en que a reparación se deberá realizar ou, de ser o caso, a imposibilidade da reparación e o conseqüente establecemento da indemnización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 40. Vinculación coa orde xurisdiccional penal

1. En calquera momento do procedemento sancionador en que o instrutor do procedemento ou órgano competente para resolver estimar que os feitos tamén poden ser constitutivos de ilícito penal, porao en coñecemento do órgano xurisdiccional competente e daralle traslado da denuncia e das demais actuacións practicadas.

Solicitarase, así mesmo, a dita comunicación cando se teña coñecemento de que se está a desenvolver un procedemento penal sobre os mesmos feitos que son obxecto dun procedemento administrativo.

2. De se estimar que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal que podería corresponder, o órgano competente para a resolución do procedemento sancionador acordará a súa suspensión ata que se teña coñecemento da resolución xudicial que recaia.

3. Unha vez que o órgano competente para resolver teña coñecemento da resolución xudicial penal, acordará a non existencia de responsabilidade administrativa ou a continuación do procedemento sancionador. Durante o tempo en que o procedemento sancionador estea en suspenso pola incoación dun proceso penal, entenderase interrompido tanto o prazo de prescrición da infracción como o de caducidade do propio procedemento.

4. A sanción penal excluírá a imposición da sanción administrativa nos casos en que se apreciase a identidade do suxeito, feito e fundamento. De non estimarse a existencia de delito ou falta, o órgano competente continuará, de ser o caso, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento sancionador, tendo en conta os feitos declarados probados na resolución firme do órgano xudicial competente.

Artigo 41. Prazos de prescrición

1. As infraccións leves tipificadas nesta lei prescriben aos seis meses; as graves, aos dous anos; e as moi graves, aos tres anos.

O prazo da prescrición comeza a computar desde o día en que se cometeu a infracción ou desde que se tivo coñecemento da súa comisión.

2. Nas infraccións continuadas e permanentes, o prazo de prescrición non comezará a computarse ata que cese a situación infractora. Para estes efectos, enténdese que existe unha infracción permanente cando unha actividade concreta produce efectos que perduran no tempo. Considéranse, así mesmo, comprendidas dentro das infraccións permanentes as infraccións por omisión nas que o incumprimento nun determinado momento dunha obriga produce efectos permanentes.

3. Interrompe a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento da persoa á que se atribúa a responsabilidade, do procedemento sancionador.

4. No caso de concorrencia de infraccións leves, graves e moi graves, ou cando algunha destas infraccións sexa medio necesario para cometer outra, o prazo de prescrición é o establecido para a infracción máis grave das cometidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescriben ao ano; as impostas por infraccións graves, aos dous anos; e as impostas por infraccións moi graves, aos tres anos. Estes prazos comezan a contarse a partir do día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución sancionadora.

6. A obriga de reparar o dano causado regulada nesta lei prescribirá no prazo de quince anos, contados desde que a Administración dite o acto que acorde a súa imposición, independentemente da data de inicio do cómputo da prescrición da sanción.

TÍTULO V. PLANIFICACIÓN PÚBLICA PARA A IMPLANTACIÓN DE CENTROS RESIDENCIAIS DE PERSOAS MAIORES

Artigo 42. Aprobación do Plan de implantación de centros residenciais de persoas maiores

1. Apróbase o Plan de Implantación de centros residenciais de carácter público de persoas maiores, que ten por obxectivo dotar a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galiza dun número suficiente de prazas públicas para atender a demanda dos servizos residenciais.

2. O Plan terá vixencia de catro anos, sen prexuízo das adaptacións e prórrogas que poidan aprobarse na normativa orzamentaria, previa elaboración e aprobación do informe anual que se regula no presente artigo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Aos efectos do seguimento e execución do presente Plan, con carácter anual será elaborado un informe que avalíe o seu grao de cumprimento, e onde se se proporán os cambios que se consideren pertinentes para o seu cumprimento

Artigo 43. Obxectivos do Plan de implantación de centros residenciais de persoas maiores

1. O obxectivo que deberá acadarse co Plan de Implantación de centros residenciais de carácter público de persoas maiores é atinxir unha taxa de cobertura de prazas públicas para o 5 por cento de poboación maior de 65 anos, consonte as recomendacións da Organización Mundial da Saúde.

2. O Plan de implantación de centros residenciais de carácter público de persoas maiores deberá inserirse no marco dunha planificación integral de equipamentos e servizos sociais de atención ás persoas maiores co obxectivo de garantir a debida coordinación e complementariedade entre os diferentes servizos así como a súa adecuación a un modelo de coidados de longa duración.

3. A estes efectos, as leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza deberán consignar as partidas orzamentarias necesarias, tanto nos capítulos de investimentos como de gastos correntes, para dar cumprimento aos obxectivos no presente Plan.

3. No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei a Xunta de Galiza fixará obxectivos concretos atendendo aos criterios de desconcentración, descentralización e proximidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 44. Adscrición dos centros residenciais públicos de persoas maiores á Axencia Galega de Servizos Sociais

1. Os centros residenciais que se creen con ocasión do desenvolvemento do presente Plan de Implantación serán adscritos á Axencia Galega de Servizos Sociais.

2. A xestión de ditos centros efectuarase de forma pública e directa pola citada Axencia, debendo dotarse, a estes efectos, nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galiza das dotacións necesarias para a creación de prazas de persoal.

Disposición transitoria primeira. Prazo de adaptación

As residenciais de maiores actualmente existentes en Galiza contarán cun prazo máximo de seis anos para a súa adaptación ás condicións funcionais e materiais previstas nesta lei.

Disposición transitoria segunda. Reversión ao público

As residenciais de maiores de titularidade pública que actualmente están xestionadas por empresas e entidades privadas baixo a modalidade de concesión irán, progresivamente, recuperándose para a xestión directa da Xunta de Galiza a medida que caduquen os actuais contratos en vigor. Así mesmo, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno galego iniciará un proceso de auditoría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pública que verifique o grao de cumprimento das obrigas contractuais e do modelo de atención das mesmas.

Disposición adicional primeira. Prevalencia

Naqueles artigos que colidan co disposto na Lei de servizos sociais de Galiza prevalecerá o disposto na presente lei.

Disposición adicional segunda. Dotación orzamentaria

A Xunta de Galiza dotará anualmente os orzamentos necesarios para pór en práctica as medidas previstas nesta lei así como calquera outra que se desenvolva en cumprimento da mesma.

Disposición adicional terceira. Lei galega de atención integral ás persoas maiores e de solidariedade interxeracional

No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei, procederase á aprobación dunha Lei galega de atención integral ás persoas maiores e de solidariedade interxeracional, que terá por obxecto regular e garantir un sistema integral de atención e protección ás persoas maiores, que conte coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas de Galiza así como dos propios sectores sociais á que va dirixida e cuxas actuacións respondan a unha acción





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

planificada, coordinada e global onde se contemplen medidas en todas as áreas que afectan a estas persoas e se promova unha relación entre xeracións baseada tanto na solidariedade como na xustiza.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase a Xunta de Galiza para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI GALEGA DE RESIDENCIAS DE MAIORES

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza
- Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e da Atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza
- Estatuto de Autonomía para Galiza, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- Constitución española (1978).

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2022 11:35:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 9 de febreiro, sobre a política eólica da Xunta de Galiza (doc. núm **28627**, [11/INT-001436]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Asumir responsabilidades políticas pola gravidade dos feitos sinalados na sentenza número 00017/2022 do TSX que anula a autorización da Xunta para repotenciar o parque eólico G3 de Corme.
2. Facer públicos a totalidade de acordos que se tomen no Consello da Xunta respecto da tramitación de proxectos que se acollan a calquera das figuras existentes para acurtar os seus prazos e aplicar a supramunicipalidade, singularmente os do sector eólico.
3. Impulsar a paralización cautelar daqueles proxectos que poidan estar nas mesmas condicións que o que vén de anular esta sentenza, co obxecto de blindar as garantías democráticas necesarias garantindo un prazo de información pública e alegacións de mínimo un mes, e o acceso a todos os informes preceptivos dentro dese prazo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Impulsar a derogación dos aspectos da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza, e da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afecten á redución de prazos, informes ou garantías dos procesos de autorización de novos parques eólicos, e desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, elaborando unha nova lei e un novo Plan Sectorial Eólico.

5. Reforzar o persoal ao servizo da Xunta de Galiza para a participación social na tramitación eólica, e constituír un servizo específico de información á cidadanía para dar cobertura técnica e xurídica ás inquedanzas de colectivos e persoas afectadas e propietarias.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2022 17:10:30

Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2022 17:10:34



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 8 de febreiro de 2022, sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate (doc. núm. 28362).

Moción

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar un informe no que se debulle a totalidade dos fondos recibidos pola Xunta de Galicia do Estado, os fondos propios achegados pola Xunta de Galicia e a súa execución total nos exercicios 2020 e 2021 para fomento de emprego e as persoas traballadoras autónomas, pemes e micropemes afectadas polas medidas adoitadas para evitar a propagación do virus da covid-19.

2º) Establecer mecanismos de colaboración co Estado para poder executar os 70 millóns de euros non executados pola Xunta de Galicia para atender a Pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas.

3º) Apoiar a reforma laboral acadada entre os axentes sociais para impulsar a creación de emprego estable e de calidade, para atallar a precariedade e o desemprego.

4º) Contribuír co apoio do Parlamento de Galicia a potenciar a contratación indefinida fronte á temporalidade a través do contrato indefinido e de fomento do contrato fixo discontinuo, así como apoiar a recuperación da negociación colectiva para aumentar os dereitos dos traballadores e traballadoras, que permita restablecer o equilibrio entre as empresas e persoas traballadoras.

5º) Apoiar o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do Emprego, que será a alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas.

6º) Referendar o acordo alcanzado, a aposta pola ultraactividade indefinida e a formación das persoas traballadoras como forma de crear un marco laboral adaptado ás necesidades do século XXI.



7º) Defender o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos como o logrado polos axentes sociais en torno á reforma laboral, por encima de ideoloxías, e que permiten avanzar cara a unha recuperación xusta.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/02/2022 13:25:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/02/2022 13:26:09



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 8 de febreiro de 2022, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense (doc. núm. 27317).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1º) No exercicio das súas competencias exclusivas en materia de industria, promova a implantación da nova planta da empresa Altri na Mariña de Lugo, levando a cabo todos os esforzos necesarios co grupo investidor de cara ao coñecemento da comarca e das enormes posibilidades que ofrece para levar a cabo alí o investimento.

2º) Atendendo á disposición que lle fixo chegar o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña, promova, de inmediato, unha reunión entre este, os alcaldes e alcaldesas da comarca e a Sociedade Impulsa con Altri, co obxecto de que lle poidan expoñer ao grupo investidor a súa plena vontade de colaboración para a implantación de Altri na comarca da Mariña lucense.

3º) Constitúa un grupo de traballo, que conte coa presenza da Mancomunidade de Municipios da Mariña, ao que dar a coñecer as distintas propostas en relación cos Fondos Next Generation e a implantación de Altri en Galicia, que lle remitiron ao Goberno do Estado, e concretar así o traballo e colaboración dos distintos grupos parlamentarios para lograr a súa aprobación.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/02/2022 16:43:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/02/2022 16:43:42



O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados Miguel Tellado Filgueira, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola imperiosa necesidade de dar unha solución á problemática descrita para evitar a perda dese tráfico comercial e da actividade económica e emprego vencellada

A situación económica e industrial que están atravesando as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá é obxecto da máxima preocupación por parte da Xunta de Galicia, motivo polo que se propuxo un Pacto de Estado coa participación de todas as administracións para, desde a unidade de acción, conseguir fortalecer a competitividade e a reactivación deste territorio, xerando novas oportunidades económicas e de emprego.

Neste contexto, a Administración galega vén de crear unha nova Delegación en Ferrol e está a impulsar diversas medidas que supoñen máis de 80 millóns en investimentos.

O sector eólico ten un papel protagonista neste obxectivo pola súa achega á transición de Galicia cara unha economía máis verde e sostible, especialmente nas zonas de transición xusta afectadas polo peche da central térmica de Cerceda e a inactividade da central térmica das Pontes, promovidas desde o Goberno de España.

Así pois, desde o grupo parlamentario Popular de Galicia cremos urxente que o Goberno ofrezca unha solución real e efectiva ao problema que está a crear como consecuencia das restricións de circulación para certos transportes especiais - entre eles, de palas e torres eólicas- nos accesos á Galicia a través da Rede de Estradas do Estado, e concretamente no viaduto do Castro da Autovía do Noroeste (A-6).

A pesar da que o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana anunciou o 4 de novembro que habilitaría ventás horarias para facilitar o tránsito deste tipo de transporte -dando resposta por esta vía á solicitude formulada pola Administración galega en agosto- desde a Xunta Administración galega, a realidade é que catro meses despois a situación segue sen resolverse, afectando gravemente ao tráfico do Porto de Ferrol e co risco de que se traslade a Santander definitivamente.



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar a implicación directa do Goberno de España na solución do prexuízo económico que está a ocasionar no Porto de Ferrol, e en Galicia, as restricións de circulación para certos transportes especiais no viaduto do Castro da A-6, nomeadamente, con relación ao transporte de palas e torres eólicas que a data de hoxe se sigue negando.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/02/2022 10:11:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/02/2022 10:11:35

José Manuel Rey Varela na data 10/02/2022 10:12:04

Diego Calvo Pouso na data 10/02/2022 10:12:13

Marta Nóvoa Iglesias na data 10/02/2022 10:12:21

Cristina Sanz Arias na data 10/02/2022 10:18:16

Borja Vereá Fraiz na data 10/02/2022 10:18:29

José Antonio Armada Pérez na data 10/02/2022 10:18:43

Pardo López, Adrián na data 10/02/2022 10:18:56

Rodríguez Pérez, Moisés na data 10/02/2022 10:19:07

Carmen María Pomar Tojo na data 10/02/2022 10:19:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ramón Carballo Páez na data 10/02/2022 10:19:32

José Manuel Balseiro Orol na data 10/02/2022 10:19:41

María Sol Díaz Mouteira na data 10/02/2022 10:19:51

Freire Vázquez, María Begoña na data 10/02/2022 10:20:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/02/2022 10:20:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 22 de setembro aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia instar a Xunta de Galicia a implantar o bacharelato de Artes en Redondela, cando se acreditase a existencia de demanda suficiente de solicitudes de matrícula a través do proceso ordinario de preinscrición.

Catro meses despois e cando falta pouco máis dun mes para que se abra o período de admisión, o 1 de marzo, a Xunta segue sen explicar que mecanismos vai utilizar para cuantificar a demanda e tampouco responde as preguntas que lles formularon as ANPA e o propio Concello de Redondela.

O Goberno municipal de Redondela remitiulle un escrito o pasado 13 de xaneiro á Xefatura Territorial de Educación para que na maior brevidade posible aclarase o mecanismo de cuantificar a demanda de alumnos e alumnas. Desde a Consellería de Educación responden que non se trasladou ningunha variación para o próximo curso académico. Con esta resposta a Xunta de Galicia ignora por completo a proposición non de lei votada por unanimidade na Comisión 4ª do Parlamento de Galicia.

Os alumnos e alumnas o próximo curso terán que desprazarse fóra do concello de Redondela para continuar os seus estudos e, no peor dos casos, renunciar á súa formación pola imposibilidade de acudir a clase, xa que non teñen a posibilidade de estudar o bacharelato de Artes.

"Ignoradas" e "desprezadas". Así se senten as familias de Redondela que levan anos esixindo a implantación do bacharelato de Artes nos institutos do municipio e iso, despois de coñecer polos medios de comunicación que a Xunta de Galicia non podía garantir a súa posta en servizo para o próximo curso facendo referencia a unha "situación de incerteza" antes da entrada en vigor da nova lei educativa, LOMLOE.



A principios desta semana os e as portavoces das ANPA dos centros educativos de Redondela mantiveron unha reunión co Concello e tamén con diferentes colectivos e asociacións do municipio para definir as accións de protesta que van a emprender a partir de agora. Despois das diferentes xuntanzas, dende a Federación de ANPA de Redondela apostaron por convocar unha concentración de protesta ante o desleixo por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Consellería de Educación ao cumprimento da resolución aprobada por unanimidade na Comisión 4ª o día 22 de setembro de 2021, onde se instaba a Xunta de Galicia a implantar o bacharelato de Artes en Redondela, cando se acreditase a existencia de demanda suficiente de solicitudes de matrícula a través do proceso ordinario de preinscrición.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/02/2022 09:41:29

Noelia Otero Lago na data 04/02/2022 09:41:40

Noa Susana Díaz Varela na data 04/02/2022 09:41:47





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2022 10:04:55
Nº Rexistro: 29818
Data envío: 04/02/2022 10:04:55.671

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2022 09:41:59

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o retraso por parte da Xunta de Galiza na habilitación das axudas á rehabilitación vinculadas aos fondos Next Generation UE e os criterios e medidas a fixar para un máximo aproveitamento dos mesmos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O novo Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 vai modificar substancialmente o anterior, ao eliminar todas as axudas dirixidas á rehabilitación. As únicas axudas dirixidas ás obras de mellora para propietarios son o Programa de mellora da accesibilidade (capítulo XII), na que se inclúe a financiación de ascensores e outras instalacións destinadas a mellorar a accesibilidade.

Neste contexto collen máis importancia as axudas á rehabilitación que se inclúen no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España con fondos Next Generation UE, reguladas mediante Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Hai practicamente catro meses que este programa de axudas foi aprobado polo Goberno do Estado, pero polo de pronto a Xunta de Galiza non ten avanzado o marco regulatorio autonómico desta bolsa de axudas. Os axentes rehabilitadores e os posibles beneficiarios vén con preocupación que este retraso inxustificable por parte da Xunta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agrave as dificultades que existen para lograr executar os fondos antes de xuño de 2023, tal e como esixen dende Europa. Clientes e empresas teñen un prazo moi reducido, apenas un ano e medio, para proxectar, contratar e obter as licenzas para optar ás axudas. Sen dúbida, estamos nunha carreira contrarreloxo que vai esixir da máxima colaboración da Administración Pública, que polo de agora se mantén de brazos cruzados.

Outro dos elementos que a xuízo deste grupo resultan preocupantes ao respecto da xestión deste tipo de axudas son as dificultades que atopan propietarios e comunidades de propietarios para coñecer ou para comprender o funcionamento e a tramitación das axudas, limitando así a súa posible incidencia. A esta dificultade na accesibilidade súmase, tamén, o problema que atopan aqueles propietarios con menores rendas á hora de poder optar a estas axudas, xa que requiren de adiantar recursos sen coñecer a que contías se poderá optar finalmente. Por tanto vemos como as axudas non van chegar a todas as persoas senón que unha parte importante da poboación van quedar excluídas de beneficiarse destas axudas. Por iso consideramos necesario que a Administración Pública vele porque se facilite a información e se fagan máis accesible as axudas e, ao mesmo tempo, contribuír a unha xestión áxil das axudas que beneficia tanto aos clientes como aos sectores económicos implicados. Igualmente a Xunta de Galiza ten competencias plenas en materia de vivenda para pór en marcha medidas e accións que contribúan a cubrir as necesidades de rehabilitación, de mellora da habitabilidade e da eficiencia enerxética da edificación para aquelas persoas con menores rendas e que contan con escasa posibilidade de aforro e de endebedamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Habilitar de forma urxente, e nun prazo máximo de dez días, o programa de axudas á rehabilitación ligadas aos fondos Next Generation UE.
2. Poñer en marcha e divulgar unha guía que facilite a comprensión e faga máis accesible a solicitude e a tramitación destas axudas, dirixidas tanto aos posibles beneficiarios como ao sectores implicados na rehabilitación e na eficiencia enerxética.
3. Poñer en marcha oficinas de impulso á rehabilitación e á mellora da eficiencia enerxética da edificación. Estas oficinas deberán servir como punto de información e difusión das axudas públicas e para axilizar a súa tramitación, co obxectivo de lograr a acadar a execución total dos fondos. Así mesmo estas oficinas operarán como punto de encontro entre os diferentes axentes implicados na rehabilitación e como espazo de divulgación de boas prácticas e de innovación e transferencia de coñecemento en cuanto a solucións proxectuais, construtivas e materiais na rehabilitación.
4. Habilitar novas liñas de axudas destinadas á rehabilitación, á mellora da eficiencia enerxética e á mellora da habitabilidade e salubridade da edificación dirixidas ás rendas máis baixas, garantindo así a permeabilidade e accesibilidade dos fondos a quen máis os necesita.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2022 10:05:36

Alexandra Fernández Gómez na data 04/02/2022 10:05:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de marzo de 2020 o DOG publicaba unha resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que deixaba sen efecto a resolución do 16 de marzo de 2018 pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego.

A proposta para incoar a declaración BIC de patrimonio cultural inmaterial para o baile galego tradicional contou con alegacións presentadas por diferentes persoas e colectivos, relacionados coa antropoloxía e o patrimonio etnolóxico de Galiza, e tamén co propio baile tradicional.

Á vista do contido destas alegacións, enténdese que a proposta presentada non responde aos criterios de participación e aval social necesarios nin atende ao conxunto dos valores da representación cultural que se pretende protexer, tal e como conclúe o Servizo de Inventario:

«Á vista de todo o anterior e tomando en consideración o contido da información recollida na fase do procedemento de participación pública, considérase que, ben que semella acreditado o carácter sobranceiro do baile tradicional, a súa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descrición e a das comunidades, organizacións e individuos que o manteñen, debe ser revisada e completada»

En consecuencia, a resolución resolve retomar as actuacións previas “para a máis ampla descrición da manifestación e das prácticas sociais actuais, para o que se completará o procedemento desde unha perspectiva antropolóxica para tramitar ao seu remate unha nova incoación”.

Transcorridos case dous anos desta resolución que deixaba sen efecto aqueloutra publicada en 2018, pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego, non se ten constancia de que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural canalizase novas actuacións sociais encamiñadas a activar unha nova incoación que resolva as eivas anotadas na anterior co obxectivo de salvagardar unha parte fundamental da nosa cultura como é o baile tradicional, en simbiose co canto e a música de noso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a retomar as actuacións previas recollidas na resolución do 11 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e coordinar un proceso de participación social amplo e inclusivo, co obxectivo de incoar un novo expediente para a música e o baile tradicional como Ben de Interese Cultural do patrimonio inmaterial.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2022 10:35:52

Daniel Castro García na data 04/02/2022 10:35:57

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2022 10:36:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de desenvolver e acelerar os procesos da creación do polígono industrial do concello de Muras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de asentar poboación no rural debe ser un dos obxectivos máis importantes para calquera goberno deste país. Para iso faise vital que os concellos do rural galego poidan ter unha oferta laboral o máis diversificada posible e ofrecer os mesmos servizos que calquera outra vila ou cidade galega.

Neste sentido, os polígonos industriais teñen unha grande importancia para asentar empresas nos concellos e aumentar o emprego de todas as nosas vilas. Por esa razón, o concello de Muras iniciou no 2016 os procesos necesarios para que este concello do rural puidese contar cun polígono industrial, a sabendas de que existía e existe un grande interese de diversas empresas de afincar as súas naves e centros laborais nesta localidade.

Deste xeito, ano a ano fóronse dando todos os pasos necesarios e presentando todos os informes positivos para comezar a construción deste polígono industrial, mais xa en 2022 e seis anos despois do comezo do procedemento a Xunta de Galiza continúa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a solicitar máis informes e documentacións entorpecendo a posta en marcha do polígono industrial.

Este comportamento faise pouco comprensible, ao estarmos a falar de que a administración autonómica está a requirir novos documentos que non consideraba necesarios en anos pasados, provocando que a poboación de Muras e as empresas interesadas sigan sen poder ter ese espazo que tantos beneficios traería á localidade.

Estas trabas son aínda máis difíciles de entender se falamos de vilas do rural avellentadas como Muras, nas que a aparición de novas oportunidades laborais servirían sen dúbida algunha como oportunidade para afincar nova poboación no concello e rexuenerar o mesmo coa chegada de novas familias que queiran vivir en Muras ou tamén dándolle outras opcións laborais a poboación deste concello.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a implicarse no desenvolvemento do polígono industrial de Muras axilizando os procesos administrativos para comezar canto antes a súa construción.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/02/2022 11:13:46

Alexandra Fernández Gómez na data 04/02/2022 11:13:49

Daniel Castro García na data 04/02/2022 11:13:57



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno Central impulsou o proxecto de Lei de Residuos e solos contaminados para unha economía circular, que foi recentemente aprobado no Congreso dos Deputados e que nestas semanas continuará coa súa tramitación no Senado. Da análise deste texto conclúese que non ten en conta a importancia da economía social neste sector, especialmente no relativo á reciclaxe de residuos téxtiles.

Para tentar corrixir esta cuestión, un grupo de asociacións galegas de empresas deste sector presentaron unha emenda de adición na que propoñen engadir un novo artigo ou disposición adicional que estableza de maneira preceptiva a obrigação das administracións públicas de adxudicar a xestión dos residuos téxtiles a través de contratos reservados para empresas de inserción e centros especiais de emprego, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

A emenda proposta é a seguinte:

1. La gestión de residuos textiles, en sus fases de recogida, transporte, tratamiento, selección, reutilización, reciclado y valorización, será licitado y adjudicado de manera preferente a través de contratos reservados conforme a la disposición adicional cuarta de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de contratos del sector público.
2. Para dar cumplimiento a dicha obligación, al menos el 50% del importe de adjudicación deberá ser objeto de contratación reservada a Empresas de Inserción y Centros Especiales de Empleo de iniciativa social. En caso contrario, la administración pública y el órgano de contratación deberán justificarlo debida y motivadamente en el expediente y podrá ser objeto de recurso especial o de los recursos establecidos en materia de contratación pública.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



3. La reserva de mercado reconoce la experiencia y trayectoria de las entidades de la economía social en la gestión de los residuos textiles, así como su indudable beneficio social, solidario, laboral y medioambiental. Y de manera añadida cumple el mandato establecido en la legislación de contratos públicos, incorporando de manera transversal y preceptiva criterios sociales y medioambientales, en la convicción de que su inclusión proporciona una mejor relación calidad-precio en la prestación contractual, así como una mayor y mejor eficiencia en la utilización de los fondos públicos. Igualmente se cumple la obligación de facilitar el acceso a la contratación pública de las empresas de economía social.

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos que se trata dunha emenda necesaria e oportuna, tendo en conta o importante papel que desenvolven estas empresas na xestión dos residuos téxtiles.

De feito, en 2019 recolléronse de xeito selectivo 108.296 toneladas de roupa, dos que o 57% foi a cargo de empresas e entidades de economía social. Polo que a emenda proposta no Senado permitiría manter as proporcións actuais na xestión destes residuos, salvaguardar da competencia agresiva a un sector digno de protección, preservar de xeito xusto os principios de concorrencia e competencia e seguir proporcionando a toda a sociedade o valor social e ambiental engadido.

As empresas de inserción e os centros especiais de emprego de iniciativa social non só xeran un beneficio ambiental importante, especialmente na redución de emisións, senón tamén beneficios sociais como a xeración de emprego e a inserción laboral.

Consideramos que se deben dar pasos neste sentido, xa que o téxtil é un sector de grande importancia en España e, particularmente, en Galicia pero que ademais tamén é un importante xerador de residuos cun gran potencial para ser incorporados de novo ao ciclo produtivo. Ademais, cómpre lembrar que a directiva europea establece que a máis tardar en xaneiro de 2025 os concellos deberán establecer a recollida separada de residuos téxtiles e residuos perigosos de orixe doméstica. É que é necesario adoptar medidas para previr a xeración de residuos téxtiles, fomentando a reutilización dos produtos e a implantación de sistemas que promovan actividades de reparación e reutilización.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



“O Parlamento de Galicia aproba, como resolución, amosar o seu apoio á proposta formulada por ONGs e entidades de Inserción Social para que a futura Lei de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular, actualmente en tramitación parlamentaria nas Cortes Xerais, incorpore a modificación normativa que sexa preceptiva para obrigar ás administracións públicas a adxudicar a xestión dos residuos téxtiles a través de contratos reservados para Empresas de Inserción e Centros Especiais de Emprego de iniciativa social, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público”.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 04/02/2022 12:49:07

María Sol Díaz Mouteira na data 04/02/2022 12:49:22

Carmen María Pomar Tojo na data 04/02/2022 12:49:36

Ramón Carballo Páez na data 04/02/2022 12:49:55

José Manuel Balseiro Orol na data 04/02/2022 12:50:17

Diego Calvo Pouso na data 04/02/2022 12:50:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 04/02/2022 12:50:46

Freire Vázquez, María Begoña na data 04/02/2022 12:50:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a vaga de lumes que percorreu a provincia de Ourense na última fin de semana de xaneiro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mes de xaneiro de 2022 foi un mes de seca en Galiza. Foi, de facto, e segundo os datos da Xunta de Galiza, o mes de xaneiro máis seco da última década no país. Choveu menos da metade do agardado principalmente polos efectos da influencia anticiclónica de “La Niña”, que se prolongou durante máis de 20 días e que fixo que as escasas precipitacións que houbo ao longo do mes se concentrasen nos 10 primeiros días do ano.

Concretamente a media acumulada de choiva en Galiza para xaneiro foi de 58 litros/m², uns datos que se sitúan un 64% por baixo do valor climático normal, segundo anunciou en rolda de prensa a conselleira de Medio Ambiente. Estes datos son aínda máis graves se nos fixamos no contraste entre leste e oeste, e de norte a sur. Así, dentro deste panorama de seca xeneralizado a peor parte levouna a provincia de Ourense cunha media de 15 litros/m² e, dentro desta, na comarca de Valdeorras que tivo localidades que non chegaron nin aos 5 litros/m.

A estes datos pluviométricos únense os datos térmicos. Xaneiro destacou tamén en Galiza por teren unhas diferencias moi altas entre as temperaturas máximas e as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mínimas, nomeadamente no interior. Así, en zonas da Limia e Monterrei alcanzáronse os -10º pola noite mentres que as máximas polo día estaban próximas aos 15º positivos. Déronse así unhas condicións meteorolóxicas extremadamente propicias para a aparición e propagación dos incendios forestais que, de feito, deron paso á efectiva aparición deses lumes en distintos puntos da provincia de Ourense na última fin de semana no mes.

Resulta polo tanto cando menos sorprendente que a conselleira de Medio Ambiente afirmase en rolda de prensa o día 1 de febreiro que a situación “non é preocupante” como para “ter que tomar medidas”; declaracións feitas con posterioridade a unhas xornadas nas que tivemos que asistir a lumes en máis de 20 focos distintos e na súa maior parte na provincia de Ourense e incluso en espazos tan sensíbeis como a serra de Larouco ou o Parque Natural do Xurés.

A Consellaría do Medio Rural prohibira, uns días antes, as queimas particulares en previsión desta posibilidade mais a incorporación do persoal fixo discontinuo de 9 meses non se produciu até o 1 de febreiro, co que o acontecido nesa fin de semana puido converterse nunha traxedia se ás condicións de seca e temperaturas e tivese sumado a variábel do vento que, desta volta, si colaborou.

Na última fin de semana de xaneiro o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios atopábase incompleto e baixo de efectivos ao que se unía o feito de que os encoros de referencia non se recuperaron aínda dos baleirados realizados polas hidroeléctricas neste verán (con muitas irrisorias por parte da Xunta de Galiza).

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Tomar todas as medidas necesarias para avanzar na definitiva profesionalización do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais substituíndo as brigadas de fixos-descontinuos de 6 e 9 meses por persoal fixo da Consellaría.
2. Modificar o Plan de Prevención incorporando as modificacións precisas derivadas da desestacionalización dos incendios forestais.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2022 13:02:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/02/2022 13:02:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 04/02/2022 13:02:17

María González Albert na data 04/02/2022 13:02:33



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei 3/11, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito de protección á familia, á infancia, e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirán servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/07, do 27 de xullo, lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi a que garantiu a existencia dos puntos de encontro, creados para dar un servizo que facilite e reserve a relación entre as/os menores e as persoas da súa familia, cando exista unha situación de crise, permitindo e garantindo a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En Galicia os puntos de encontro unicamente se localizan nas 7 principais cidades, o que supón un servizo totalmente ineficaz, tendo en conta o gran volume de persoas usuarias.

Este ano inaugurarase un novo punto de encontro en Ribeira que cubrirá a zona do Barbanza, pero seguen a quedar moitas zonas do noso país sen cubrir o que provoca a existencia de listas de agarda que se demoran moito no tempo e que impiden o cumprimento de resolucións xudiciais, xerando unha perda de dereitos para as persoas.



Así mesmo, o agravio económico para algunhas familias, en moitos casos con dificultades económicas, por teren que se desprazar ás veces máis de 100 quilómetros para poder usar este servizo.

Ao que se suma que en moitos casos, os locais para levar a cabo estas visitas, non cumpren, nin de lonxe, coas condicións mínimas para os/as usuarios, como é o caso do Punto de Encontro de Pontevedra, que está sito na Avenida de Vigo, na parte traseira da Delegación Provincial de Sanidade.

Esta situación non desexable, empeora por mor da pandemia, a Xunta de Galicia reenvía un protocolo no que establece medidas xenéricas de desinfección, espallamento das visitas e distanciamento social, o que diminúe o número de visitas diarias e en consecuencia se reduce o acceso de moitas familias.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar un informe técnico urxente que determine, tendo en conta a demanda existente, a mellor radicación dos futuros puntos de encontro familiar

2º) Levar a cabo neste ano 2022 a apertura de novos puntos de encontro familiar.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2022 14:54:05

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2022 14:54:17





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2022 14:54:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Pazo de Lourizán, sito en Pontevedra, é un inmovible que ostenta un alto valor histórico e patrimonial e que se atopa integrado no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

En virtude do Convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra asinado no ano 1991 por ambas administracións e do Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente sobre aproveitamento da Finca de Lourizán, asinado este último no ano 2000, a Xunta non só ostenta a posesión, uso e disfrute da finca de Lourizán senón que ten a obriga de efectuar as obras de conservación necesarias para o mantemento da zona nobre do conxunto.

Dende o comezo da vixencia do convenio de cooperación no ao 1991 ata a actualidade, a consellaría incumpriu a obriga de efectuar as obras de conservación o que provocou que o Pazo de Lourizán presente actualmente graves deterioracións, e en xeral, un deficiente estado de conservación, que esixe a súa reparación urxente.

En todo este tempo unicamente no ano 2000 rehabilitou unha instalación independente do pazo chamada “o edificio Lagar” que converteu no Centro de Investigación e Información Ambiental de Galicia.

A Deputación de Pontevedra leva 7 anos trasladando á Administración autonómica a necesidade de levar a cabo con urxencia estas obras de mantemento.

Pero a Xunta fixo caso omiso a estas comunicacións incumprindo de modo total o convenio, pois non realizou ningunha actuación de mantemento e conservación do inmovible principal.

Ante isto no ano 2019, en cumprimento dun acordo plenario a Deputación de Pontevedra presentou ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e



Vivenda da Xunta de Galicia un escrito de requirimento previo á interposición dun recurso contencioso-administrativo requirindo á dita administración para que, á maior brevidade, cumprira as súas obrigas de conservación necesarias para o mantemento da zona nobre da Finca de Lourizán.

Ante o silencio da Xunta a Administración provincial no ano 2020 interpuxo recurso ante os tribunais, que aínda está pendente de resolución.

Recentemente o Goberno da Xunta para lavar a cara, anunciaba un investimento de 200.000 € para a conservación deste inmovible, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que esta cifra é irrisoria e unha tomadura de pelo, tendo en conta o estado no que se atopa e o desleixo durante todos estes anos e que un informe elaborado polos técnicos do servizo provincial de Arquitectura en 2019, diante do risco de ruína do Pazo, valora as actuacións necesarias e urxentes en 14, 2 millóns de euros, e por iso esiximos ao goberno da Xunta que cumpra coas súas competencias en materia de patrimonio histórico-artístico e exerza o seu deber de conservación deste pazo.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incluír a recuperación integral do Pazo de Lourizán en Pontevedra nos proxectos que se están a remitir dende a Xunta de Galicia para a súa consideración polas institucións europeas no marco da convocatoria *Next Generation*, ou se incremente a partida de 200.000 € para dar cumprimento á súa obriga de conservación e mantemento deste inmovible integrado no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2022 14:52:14

Noa Susana Díaz Varela na data 04/02/2022 14:52:29

Noelia Otero Lago na data 04/02/2022 14:52:45





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29901
Data envío: 04/02/2022 16:26:31.677

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2022 14:52:57

CSV: BOPGDSPG-iMXZi9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Gonzalo Caballero Miguez, Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xestiona as actuacións que se desenvolven en Galicia dentro do Plan Hurbe 2010-2020, dando cumprimento ao reto manifestado pola Xunta de Galicia de acadar un urbanismo responsable en toda a comunidade e apostar pola recuperación e o reequilibrio territorial entre as vilas e cidades galegas.

Segundo o balance do Plan Hurbe exposto na páxina *web* da Consellería de Medio Ambiente, dende 2010 executáronse ou comprometéronse un total de 317 actuacións urbanísticas en decenas de concellos galegos, cunha mobilización de 148,96 millóns de euros e a dotación orzamentaria para este exercicio 2021 é de 7,4 millóns de euros.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia aparece aberto o prazo de presentación para todo o ano e establece que “*Os programas do actual Plan Hurbe 2014-2017 son:*

- *Programa de equipamentos públicos.*
- *Programa de humanización de rúas.*
- *Programa de urbanización e mellora de espazos públicos.*

O presidente da Xunta de Galicia en declaracións aos medios o pasado 17 de xaneiro afirmou que a Xunta seguiría apostando polo “fermosismo galego” co Plan Hurbe, plan que mobilizou dende a súa posta en marcha 150 millóns de euros en 320 actuacións e anunciou unha dotación de sete millóns de euros para “mellorar, humanizar e coidar” neste exercicio 2022, indicando que “Estamos a falar de axudas para que tanto concellos como particulares reduzan os impactos paisaxísticos dalgunhas construcións, apostando pola rehabilitación de vivendas e edificios para dar unha segunda, terceira ou cuarta vida a inmobles de carácter histórico, cultural ou situados en zonas de obrigada protección”, incidindo na rehabilitación como elemento clave para dinamizar os centros históricos, atraer turistas e activar o comercio.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a publicar unha convocatoria de axudas en concorrencia competitiva para todos os concellos galegos, que conteña unhas bases con criterios obxectivos e medibles de reparto entre todas as solicitudes presentadas.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2022 16:18:24

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2022 16:18:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/02/2022 16:18:56

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/02/2022 16:19:08

Patricia Otero Rodríguez na data 04/02/2022 16:19:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/02/2022 16:19:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o apoio ás mobilizacións feministas do 8 de Marzo e demanda dos compromisos pendentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento Ni una menos após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde Latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros tanto produtivos como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de tempoalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un ano mais que aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza limítase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego acorda por resolución expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuindo a superar esta situación.

O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1) Cumprir o compromiso desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

2) Impulsar a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

3) Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 11:45:29

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 11:45:33



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 19 de xaneiro de 2022 o Instituto de Estudos do Territorio publicou a Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022, destinadas a concellos galegos que teñan menos de 20.000 habitantes co obxectivo de colaborar e corresponsabilizar os concellos galegos en relación coa mellora da contorna paisaxística, a través de intervencións dirixidas a corrixir alteracións ou impactos relacionados con certos equipamentos de titularidade municipal que supoñen unha deterioración do carácter ou da calidade da paisaxe.

No punto 5 do apartado 7. Forma e prazo de presentación das solicitudes establécese literalmente:

“5. Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria. Considerarase data de presentación válida aquela na que o expediente sexa presentado completo e conste no mesmo a solicitude, correctamente cuberta, e toda a documentación exixida na presente resolución. Así mesmo, considerarase esgotado o orzamento cando se efectúe o rexistro da última solicitude de axuda que totalice o importe total do crédito desta convocatoria. Nese caso, e sempre antes da data máxima sinalada neste punto, poderán seguirse rexistrando solicitudes en lista de reserva provisional, as cales serán atendidas por rigorosa orde de entrada, supeditadas a que se produzan desestimacións ou revogacións das solicitudes de axuda previas. O esgotamento do crédito comportará a inadmisión de todas aquelas solicitudes que se instrúan con posterioridade do mesmo xeito que se inadmitirán todos aqueles expedientes que non teñan entrada na sede electrónica de Galicia”.



A documentación que teñen que achegar os concellos consta dunha declaración responsable na que se ten que facer constar un conxunto de requisitos explicitados no punto 7 do apartado sétimo e no apartado oitavo se establece a documentación complementaria que inclúe:

- a) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

1º. O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta resolución e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.c) desta resolución. No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

2º. Que se cumpriu coa obriga e remisión das contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, á cal fai referencia o punto 3.1.b) desta resolución.

3º. A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 3.2.b) desta resolución.

4º. Dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade, do ano que corresponda, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.

- b) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local.

c) Tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á solicitude da subvención, no caso de que sexa de aplicación o previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros, prevista para o contrato menor.



d) Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras, deberá achegarse un documento co nivel de proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

1º. Memoria explicativa.

2º. Orzamento das partidas con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global (partidas alzadas ou similares).

3º. Referencia catastral e planos de situación/coordenadas que permita xeolocalizar con exactitude os edificios, bens e equipamentos obxecto das axudas.

4º. Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.

5º. Reportaxe fotográfica do ben e da súa contorna onde se aprecia o estado actual que presenta. 2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

A concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun crédito financeiro de 600.000 € e as solicitudes poderanse presentar desde as 12.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata o día 28 de febreiro de 2022.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento e Galicia insta o Goberno galego a que estableza, previo acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, un plan a cinco anos dirixido aos concellos galegos que teñan menos de 10.000 habitantes para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2022 12:55:27

Paloma Castro Rey na data 07/02/2022 12:55:42

Pablo Arangüena Fernández na data 07/02/2022 12:55:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2022 12:56:11



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 supuxo un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Esta crise foi o derradeiro golpe para moitos pequenos e medianos comercios.

A consecuencia da crise é que o sector do pequeno e mediano comercio non podan facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector con forte implantación en Galicia.

A realidade que está xurdindo ó longo deste ano debido á pandemia da COVID-19 semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio e para o seu tecido asociativo.

Neste ano de crise económica a maior preocupación das asociacións de comerciantes neste momento é a emisión da orde de subvención para este ano 2022 para asociacións e federacións, polo medo a que volva a acontecer o do ano pasado, cando non se fixeron efectivas as subvencións ata o mes de novembro. Se isto acontecese outra vez, a estas federacións e asociacións de comerciantes non lles permitiría planificar as accións para levar a cabo con tempo suficiente, ademais de ter que xustificalas, outra vez, nun curto espazo de tempo, que xera improvisación e é o que menos precisan neste momento de crise económica.

Outra preocupación que teñen ditas asociacións son as contías das mesmas, así como as porcentaxes subvencionadas para as diferentes accións, xa que dada a falta de liquidez das asociacións, con cotas conxeladas ou suprimidas durante meses, non lles permitirá levar a cabo as accións que o comercio precisa nesta situación de crise económica que están vivindo.

O Goberno autonómico carece de acción fronte á crise económica, carece de compromiso e de medidas para a reactivación económica. Ten que poñer en marcha e incrementar inmediatamente as subvencións para as asociacións do



pequeno e mediano comercio para protexer ós comerciantes fronte esta crise económica. A Administración autonómica non pode dar unha resposta á maior crise económica fora de tempo, con meses de retraso e cando pasou máis dun ano do comezo da crise.

A Xunta de Galicia ten que actuar para favorecer a reactivación económica de Galicia cando comezamos a camiñar cara á nova normalidade. O Goberno autonómico ten que axudar as pequenas empresas e os autónomos necesitan respaldo para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar de forma urxente as subvencións para este ano 2022 para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise.
2. Incrementar a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/02/2022 12:35:24

Martín Seco García na data 07/02/2022 12:35:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2022 12:35:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Durante os últimos anos numerosas sentenzas confirmaron o evidente fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijoo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Pasados os anos e no medio dun boom eólico caracterizado pola falta de planificación, a desordenación e a falta de garantías democráticas, xurídicas, medioambientais e de desenvolvemento económico, continúan a sucederse sentenzas que amosan o fracaso histórico do Partido Popular.

As sentenzas ilustran como as presuntas “tachas de ilegalidade” do anterior concurso son un argumento sen sostibilidade e xa desmontado por sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo. Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis indicios de dubidosa legalidade ao tempo que incumpre todos anuncios relativos ao investimento, á creación de emprego e á potencia instalada.

Deste xeito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) recoñeceu en varias sentenzas o dereito de indemnización dos parques eólicos que foron aprobados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante o goberno bipartito e anulados pola Xunta de Galiza presidida por Núñez Feijoo deixando constancia de danos evidentes e da existencia dunha responsabilidade patrimonial por parte do Goberno galego coa suspensión do proceso.

Despois de ter pagado case tres millóns de euros no ano 2018, desta vez, a Administración deberá pagar case un millón de euros máis por mor da sentenza favorable a Aucosa Eólica.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar, ao abeiro do sistema universitario galego, un estudo independente sobre as consecuencias económicas da anulación do concurso eólico do goberno bipartito tanto en materia de paralización do desenvolvemento industrial e empresarial como polo impacto no erario público das sucesivas sentenzas que son aboadas con cargo a modificacións orzamentarias.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 13:09:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 13:10:04

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 13:10:17



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O número de turistas internacionais que visitaron Galicia o ano pasado aumentou un 43 % con respecto ao ano anterior, aínda que aínda representa menos da metade dos rexistrados en 2019, último ano anterior á pandemia.

Así o reflicte a enquisa de Movements Turísticos nas Fronteiras, publicada o 2 de febreiro polo Instituto Nacional de Estatística (INE), segundo a cal, ao longo de 2021, chegaron a Galicia 772.545 turistas internacionais.

Esta cifra supón un 43,06 % máis que os 540.004 estranxeiros que visitaron a comunidade ao longo de 2020, un ano especialmente afectado pola pandemia do coronavirus e as restricións de mobilidade.

Porén, os efectos desta mesma pandemia en 2021, a pesar da recuperación, provocaron que a cifra siga por debaixo da metade dos turistas internacionais que chegaron a Galicia en 2019, máis de 1,6 millóns.

Con estes datos o Goberno autonómico debería ter un plan de promoción para atraer ó turismo internacional a nosa comunidade autónoma, máis neste ano Xacobeo 2022. As cifras demostran que no pasado ano, sendo tamén Xacobeo, non fixo que repuntase o suficiente este turismo estranxeiro.

O Goberno de España levou a cabo ó longo do ano 2021 varias accións para atraer ó turismo internacional a Galicia con motivo do ano Xacobeo. O Executivo central programou 103 accións asociadas á promoción do Camiño de Santiago-Xacobeo 2021-22.

Destacan, por exemplo: Galicia e a exposición fotográfica do Camiño de Santiago, en Oslo nos meses de xuño e xullo; a presentación para a prensa sobre o Xacobeo 2021-22, en Chicago, que se celebrou na primeira metade do ano; presentacións específicas do Xacobeo 2021-22 para axentes, previstas en Roma, París e Lisboa, Campañas locais en Italia, Irlanda e Brasil; Formación de axentes



en México e Rusia; 36 viaxes internacionais de prensa; 21 viaxes de axentes, dous deles especificamente orientados ao turismo accesible en Dublín e Tokio.

E mencionar especialmente a conversión da oficina de Turismo en Roma, situada na céntrica praza de España, nun Centro multimedia interactivo (CMI), que inclúe un punto de información Xacobeo e pode ser o escenario de varias actividades dirixidas á prensa, axentes e público.

A Xunta de Galicia debería ter planificadas unha series de accións para atraer o turismo internacional a Galicia aproveitando os anos Xacobeos 2021-22.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar unha planificación de accións internacionais para promocionar Galicia como destino turístico ó longo de todo este ano.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/02/2022 12:51:23

Martín Seco García na data 07/02/2022 12:51:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2022 12:51:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Museo de Arte Contemporánea Galega Carlos Maside do Castro de Osedo, en Sada, atópase nun preocupante estado de deterioro agardando dende hai anos pola súa declaración como ben de interese cultural pola Xunta de Galicia.

Nin os acordos parlamentarios nin as solicitudes por parte de institucións e colectivos culturais parecen ser suficientes para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoe dunha vez por todas ese expediente, cuxos trámites se iniciaron en 2018.

Diante deste inexplicable atraso, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada (A Coruña) vén de elaborar un manifesto no que denuncian “a pasividade que pon en risco o noso patrimonio cultural”, ademais do incumprimento por parte da Xunta de Galicia da Lei de patrimonio cultural.

Xunto co manifesto, esta asociación cultural recolleu miles de sinaturas de apoio, que foron presentadas no Parlamento nunha xornada na que o Grupo Parlamentario Socialista tivo a oportunidade de manter unha xuntanza con ela.

O Museo Carlos Maside, concibido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo como espazo de reivindicación dos autores e autoras das vangardas galegas que permanecían exiliados tras a Guerra Civil, alberga un dos fondos máis importantes da pintura galega contemporánea, con obras de autores como Castelao, Laxeiro, Urbano Lugrís ou Luís Seoane.

No ano 2018 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural anunciaba o inicio dos trámites para proceder á incoación da súa declaración como ben de interese cultural (BIC). Ese mesmo ano o Consello da Cultura Galega animaba a decláralo BIC canto antes e a Consellaría de Cultura completaba o inventario da colección co obxecto de frear a deterioración das obras.

Na actualidade o edificio, memoria e historia do noso país, permanece pechado salvo visitas puntuais baixo demanda, o que está a acrecentar os graves problemas de humidade que comezaron xa a afectar parte da obra depositada no museo.

Catro anos máis tarde do inicio dos trámites, non parecen existir razóns técnicas que xustifiquen o atraso na incoación dese expediente e por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que incoe de maneira urxente o expediente da declaración como ben de interese cultural do museo galego de arte contemporánea Carlos Maside de xeito que se garanta a súa protección e se free o seu deterioro.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 07/02/2022 13:02:12

Noelia Otero Lago na data 07/02/2022 13:02:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/02/2022 13:02:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral** e das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o acceso ao Centro de Saúde da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade da pública no Concello da Guarda volveu nestes días poñer enriba da mesa o desprezo da Xunta de Galiza á atención sanitaria desta comarca.

Estamos a falar dun centro de saúde que, ademais de padecer o colapso constante motivado polos recortes do PP, padece tamén unhas carencias nas infraestruturas que mesmo chegaron provocar hai uns meses que o teito se viñese abaixo, co conseguinte risco para os profesionais e os pacientes.

Mais, por se isto non fose dabondo, o Centro de Saúde da Guarda padece tamén varios problemas co acceso. Problemas que se traducen na imposibilidade de acceso ao mesmo tanto para as ambulancias como para as persoas con mobilidade reducida.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas últimas semanas, a Xunta está a levar adiante unha actuación nas inmediacións dese centro de saúde. Unhas obras que como dicíamos impiden o acceso a ambulancias e a persoas con mobilidade reducida.

Dende o BNG entendemos que non é admisible que a Xunta de Galiza realice obras públicas que non cumpran cos requisitos mínimos de accesibilidade tanto para os pacientes que o precisen como para os sanitarios e ambulancias

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar os trámites necesarios para garantir a accesibilidade tanto a ambulancias como a persoas con mobilidade reducida na actuación que está a desenvolver na contorna do Centro de Saúde da Guarda.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2022 17:44:01

Iria Carreira Pazos na data 07/02/2022 17:44:05

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 17:44:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 17:44:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a proposta da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega en relación á declaración do 23 de febreiro como Día de Rosalía de Castro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego aproba como resolución a declaración do 23 de febreiro como Día de Rosalía de Castro, a organización dunha lectura pública da obra rosaliana no Parlamento, da man dos e das escolares galegas, así como dar impulso e apoio á realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto do pobo galego o Día de Rosalía, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade no seu Calendario do Libro e da Lectura e no Calendario Escolar.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/02/2022 18:17:06

Daniel Castro García na data 07/02/2022 18:17:15

Mercedes Queixas Zas na data 07/02/2022 18:17:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1. Elabore un informe sobre as axudas destinadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento rural aos concellos galegos nos últimos cinco anos indicando o plan, convenio ou convocatoria pública pola que foi concedida, o concello beneficiario, o importe concedido e o obxecto para



o que foi concedida a achega e que sexa remitido ao Parlamento de Galicia.

2. Elabore un plan a cinco anos para obras de infraestruturas rurais, pactado coa Fegamp, para atender a todos os concellos galegos de menos de 10.000 habitantes e que sexa remitido ao Parlamento de Galicia.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2022 10:36:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/02/2022 10:36:54

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/02/2022 10:37:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2022 10:37:18



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, traspón á lexislación española o Convenio internacional sobre normas de formación titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros, 1995 (STCWF/1995), recollendo os requisitos para a obtención dos títulos, as atribucións dos mesmos nos buques de pesca, as súas capacidades en buques de acuicultura, os referendos de títulos doutros países e unha ampla variedade de asuntos relativos aos títulos de pesca.

Por outro lado, a Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación, que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

Ademais, a disposición final terceira o Real Decreto 36/2014, de 24 de xaneiro, autoriza ao Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento de dito real decreto.

Queda claro, pois, que as competencias básicas de ordenación nesta materia corresponden ao Ministerio competente en pesca, tal é como queda establecido no artigo 42 da Ley 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima del Estado, que sinala que o Goberno central, a proposta do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector, no marco do sistema educativo xeral, establecendo os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento ou competente en materia de mariña mercante.

Con esta base, hai ben poucos día demandábase da Xunta de Galicia “reducir carga administrativa” e “simplificar” o acceso ao proceso de formación, así como, “a homologación de titulacións”, alén de instar ao Goberno galego a coordinarse coas demais comunidades autónomas e co Ministerio para a homologación das titulacións das escolas náutico-pesqueiras.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, coordine con todas as comunidades autónomas a simplificación dos procesos formativos e a homologación de titulacións do sector pesqueiro”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 08/02/2022 11:14:17

Teresa Egerique Mosquera na data 08/02/2022 11:14:35

José Manuel Balseiro Orol na data 08/02/2022 11:14:52

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/02/2022 11:15:08

Ana Belén García Vidal na data 08/02/2022 11:15:18

Manuel Santos Costa na data 08/02/2022 11:15:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/02/2022 11:15:43

Daniel Vega Pérez na data 08/02/2022 11:16:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Observatorio da Eólica Mariña constitúese o 9 de xuño de 2021 co obxectivo de ser o punto de encontro onde identificar oportunidades e analizar o impacto que suporía a instalación de parques eólicos mariños na costa galega, sempre desde o diálogo, o consenso e a transparencia.

Está integrado por unha representación da administración autonómica, unha representación do tecido industrial de Galicia, e unha ampla representación do sector pesqueiro galego, dende a Federación Galega de Confrarías, xunto coas tres Federacións provinciais e o Consello Galego de Pesca.

Deste xeito, no eido do Observatorio, aprobáronse a creación de 3 grupos de traballo: Normativa e Planificación, Tecnoloxía e Innovación e de Impacto Social.

Na última xuntanza do 2 de febreiro constituíuse precisamente o grupo de traballo de Impacto Social, que é o que se encargará de analizar o impacto social que pode supoñer a implantación de parque eólicos mariños na costa galega. Este grupo de traballo analizará a proposta de zonas que recollan os plans de ordenación do espazo mariño (POEM), cuxo documento definitivo aínda non deu a coñecer o Goberno Central, e a súa integración nos obxectivos ecolóxicos, económicos e sociais.

Así, calquera proxecto que se aprobe terá que ser compatible coas actividades marítimos- pesqueiras xa existentes e respectar a protección do medio ambiente e das costas galegas.

Esta situación e proceder, dotado da máxima transparencia e participación, contrasta coa formulada polo Goberno central, que dota de abeiro a varios proxectos sen que estean aprobados os POEM e leva a participación lonxe do sector marítimo-pesqueiro.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que considere a opinión do sector marítimo pesqueiro entre os organismos consultados, no caso das iniciativas, no eido da eólica mariña, tal e como se recolle nos acordos acadados dentro do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia”.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/02/2022 11:18:48

Teresa Egerique Mosquera na data 08/02/2022 11:19:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Balseiro Orol na data 08/02/2022 11:19:15

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/02/2022 11:19:34

Ana Belén García Vidal na data 08/02/2022 11:19:45

Manuel Santos Costa na data 08/02/2022 11:20:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/02/2022 11:20:12

Daniel Vega Pérez na data 08/02/2022 11:20:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Luis Bará Torres** e das deputadas **Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende practicamente o seu aceso á presidencia da Xunta de Galiza o Sr. Núñez Feijóo ven amosando un manifesto -e non inocente- desleixo pola adecuación da planta xudicial ás necesidades dos galegos e galegas que permita unha áxil resposta dos xulgados e tribunais ás demandas das galegas, cumprindo o vello aforismo de que unha Xustiza para que sexa tal ha ser rápida.

Dende a programación de 2010 ate 2018, período no que o Partido Popular gobernaba na Xunta de Galiza e no Estado español, non se crearon novos xulgados en Galiza, agás no ano 2017 no que se crearon novas unidades en Ferrol, Ourense, Vigo e A Coruña. Isto é durante máis dunha década, a planta dos partidos xudiciais das vilas e pobos de Galiza non experimentaron ningunha variación no número dos seus xulgados. Realidade que dende o BNG consideramos preocupante e clara expresión dunha estratexia deliberada e planificada dirixida á concentración da actividade xudicial nas denominadas “sete grandes cidades”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación provocada pola desatención aos partidos xudiciais das cidades e vilas de Galiza é de tal consideración que atendendo á comunicación realizada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, en cumprimento da Lei de Planta e Demarcación Xudicial, o Pleno da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na súa sesión de 26 de febreiro de 2021 propón, por considerar responden a necesidades mínimas e esenciais, a creación de diversas unidades xudiciais, entre elas:

Xulgado mixto núm.3 Viveiro

Xulgado mixto núm.4 Vilagarcía de Arousa

Xulgado mixto núm. 4 de Ribeira

Xulgado mixto núm.4 de Carballo

Constando que a Xunta de Galiza non recolleu e asumiu a proposta realizada polo máximo órgano de goberno da xudicatura en Galiza, o Estado unicamente acordou ampliar á administración de Xustiza galega cun novo xulgado con sede na cidade de A Coruña.

Como resultado da desatención ás demandas formuladas polo órgano de goberno da xudicatura de Galiza os xulgados mixtos de Ribeira, Vilagarcía, Viveiro e Carballo presentan unha taxa de conxestión superior á media estatal e galega, pouco compatible cun boa prestación do servizo público, e cun ingreso de asuntos na vía civil superior ao módulo aprobado, carácter orientativo, polo Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por iso que ante as necesidades estruturais e non soamente puntuais dos indicados partidos xudiciais de Galiza, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Realizar as xestións e propostas oportunas para dotar con urxencia a, cando menos, os partidos xudiciais de Viveiro, Vilagarcía de Arousa, Ribeira e Carballo dun novo xulgado de primeira instancia e instrución.

2.- Manifestar a súa oposición a calquera modificación normativa ou decisión gubernamental que poda implicar a supresión dos partidos xudiciais actualmente existentes, ou a redución de competencias para a celebración de vistas e práctica de dilixencias e actuacións nas actuais sedes dos partidos xudiciais existentes.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Montserrat Prado Cores

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2022 11:54:43

Rosana Pérez Fernández na data 08/02/2022 11:54:47

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2022 11:54:56

Daniel Castro García na data 08/02/2022 11:55:04

Daniel Pérez López na data 08/02/2022 11:55:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/02/2022 11:55:30



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

En xullo de 2019, aprobouse o proxecto de construción de dúas sendas peonís na estrada OU-537, en San Cibrao das Viñas, e na OU-536, na Derrasa, no Pereiro de Aguiar.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con data 13 de xullo do 2020 formalizouse o contrato (Clave OU/16/269.06) das obras de execución do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-537, desde Parque Tecnolóxico ata as instalacións deportivas de Monterrei e outro na OU-536, desde A Derrasa ata o encoro de Cachamuña, no municipio de Pereiro de Aguiar.

Os traballos, adxudicados por un importe de preto de 780.000 euros , contan cun prazo de execución de 6 meses.

A intervención define un itinerario na marxe dereita da estrada autonómica Ou-537, a vía dos parques empresariais, cunha lonxitude aproximada de máis de 2 quilómetros, entre a intersección coa OU-101, na Medorra, e a intersección coa OU-536, na Derrasa.

A outra senda construírse na marxe esquerda da OU-536, desde o punto quilométrico 7+080, á altura da ponte sobre o río Loña, no trazado da antiga estrada, frecuentada por peóns pola proximidade do encoro de Cachamuña, ata o paso de peóns do punto 8+080, na Derrasa.

As sendas terán un ancho mínimo de 1,8 metros na OU-537 e de 2,5 metros na OU-536, e irán separadas da calzada por unha cuneta de seguridade e por unha banda axardinada nalgúns tramos, segundo as necesidades de cada subtrecho. Executaranse con formigón coloreado.



Estas actuacións, son cofinanciadas con Fondos Feder 2014/2020 para o fomento da mobilidade sostible, están enmarcadas no Plan de senllas na comarca de Ourense.

Este plan ten como obxectivo incrementar a seguridade de peóns e ciclistas, debido a que son as persoas usuarias máis vulnerables das estradas. Tamén se busca promover unha mobilidade máis sostible, favorecendo modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

As obras de acordo co establecido no contrato subscrito entre a Xunta de Galicia e a empresa construtora, debería finalizarse no mes de xaneiro de 2021. Así, despois dun ano, as obras atópanse sen acabar, e paralizadas.

En outubro de 2021, nos medios de comunicación publicouse as que se iniciarían de forma inmediata ao modificarse o proxecto orixinal adxudicado incluíndo novas melloras ao mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que retome de forma inmediata o proxecto de construción das sendas peonís na estrada OU-537, en San Cibrao das Viñas, e na OU-536, na Derrasa, no Pereiro de Aguiar.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/02/2022 12:52:39

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2022 12:52:50

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2022 12:53:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2022 12:53:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

Hai un tempo este Grupo Parlamentar levou á Comisión 7ª unha proposición non de lei para protexer ás nosas razas autóctonas caninas a imaxe do que se fixo en Canarias ante unha eventual saída adiante do borrador do proxecto de lei de dereitos dos animais, unha lei estatal que prohibiría a cría de cans entre particulares.

Esta iniciativa non saíu adiante porque o grupo popular incomprendiblemente votou en contra en base a un argumentario moi xocoso pero que denotou a falta de comprensión que o seu portavoz tivo da iniciativa presentada polo BNG.

Falabamos daquela que a intención da proposta podía ser boa pero que mantiña eivas de gran importancia igualando todo tipo de cans a animais de compañía, incluíndo a animais como os furóns... en tal categoría.

Nas zonas agrícolas os cans van moito máis alá de ser animais de compañía, e as súas condicións de animais de protección ou pastores parece que deberán ser recoñecidas como tales, xa que forman parte non só da familia, senón tamén do medio de vida de unha ou varias familias.

As nosas razas autóctonas de cans están recoñecidas pola Xunta de Galiza e polo Ministerio de Agricultura (MAPA), o can de palleiro, o podengo galego, o perdigueiro galego e o chisquelo ou guicho, as 3 últimas en perigo de extinción pola inacción da Xunta de Galiza, saíndo adiante o can de palleiro que é un pastor galego.... e que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despois da miña exposición anterior descubrín que o PP descoñece que está en perigo de extinción, dándolle en privado carta de natureza á cría sen control desta raza de cans.

Vivimos, por tanto un país a 2 velocidades e estes animais atópanse no medio. De Madrid preténdese mascotizar animais que son moito máis que mascotas e dende a Xunta pretenden deixalos en estado de abandono, conformándose cunhas axudas a algunha asociación e lavar a cara nisto.

Como daquela a iniciativa non saíu adiante porque se confundiu a declaración destes animais como patrimonio natural, etnográfico, xenético con declaralos BIC insistimos na nosa iniciativa dándolle outro enfoque para instar á Xunta a buscar a fórmula xurídica adecuada para poder alcanzar unha auténtica protección destas nosas razas autóctonas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a buscar a fórmula xurídica adecuada para declarar ás nosas razas caninas autóctonas especialmente protexidas, dado que están todas en perigo de extinción, de modo que ningún outro tipo de lexislación poida interferir na súa recuperación.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Xosé Luis Rivas Cruz
María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P.do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/02/2022 13:24:22

María González Albert na data 08/02/2022 13:24:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/02/2022 13:24:36

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2022 13:24:47





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), a evolución do número de **explotacións de carne** entre os anos 2008 e 2020 en Galiza e en Ourense é a seguinte:

Ano	Galiza	Ourense
2008	26.363	2.259
2020	18.879 (-7.484)	1.425 (-834)

É interesante destacar unha cifra e unha porcentaxe: En Ourense o número de explotacións de vacún de carne destaca polo exiguo da cifra, 2.259 sobre 26.363, e comparando porcentaxes responde en 2008 a un 8,57% e en 2.020 continúa á baixa cun 7,55%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se o descenso é brutal e alarmante en Galiza, en Ourense éo moito máis. Entre 2008 e 2020, en explotacións de carne de vacún, Ourense, sobre 2.259 explotacións, perde 834.

O número de cabezas non diminúe senón que aumenta, pero Ourense segue cunha porcentaxe exigua, 47.297 sobre as 360.978 do País. Ourense tamén segue a dinámica de concentración de cabezas de gando en menos explotacións pero aquí o aumento é considerable pois mentres en Galiza pasan dunha media de 12,40 cabezas por explotación a 19,12 en 2020, na provincia de Ourense pasan de 15,05 a 33,19.

Esta dinámica, no caso de Ourense, podería ser debida ao maior peso dos **cebadeiros** de COREN, moitos becerros en moi poucas instalacións (naves de engorde).

Se nos referimos ao lácteo o panorama é aínda máis triste, Ourense en 2.008 so contaba con 615 explotacións e en 2020 quedaban so 236.

A caída do total de leite e carne amosa unha realidade de deterioro e abandono sen precedentes, que visto comarca a comarca en porcentaxes é esmagador:

Allariz-Maceda.....	-33%
Baixa Limia.....	-45%
O Carballiño.....	-49%
O Ribeiro.....	-54%
Terra de Celanova.....	-60,68%



Esta dinámica que as estatísticas denuncian a respecto dos sectores da carne e do leite son aplicables a tódolos sectores produtivos de grande parte do noso rural, facendo especial mención á provincia de Ourense e ao leste e sur da provincia de Lugo.

De seren certas as propagandas do partido que sustenta ao goberno da Xunta de Galiza, detectado este proceso de abandono masivo de explotacións familiares e vista a teoría das políticas comunitarias que se desprende das propagandas oficiais, teríamos que estar **asistindo a unha recuperación poboacional derivada de políticas de apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares tanto lácteas coma de carne, con terra**, debido a esforzos orzamentarios e a plans urxentes que corruxisen a deriva a que se ve sometido este noso territorio, nomeadamente a provincia de Ourense e o leste e sur da provincia de Lugo onde o esforzo das Administracións debера ser maior.

Isto sería feito atendendo ás teóricas políticas comunitarias verdes, green ou como se chamen, de xestión directa do territorio, de respecto medioambiental, de benestar animal, de asentamento de poboación, de...

En canto ás causas desta agonía económica e social, están á vista:

Económicas. O custe de produción dun quilo de carne, logo da brutal suba de prezos dos insumos, combustibles, electricidade, materiais de construción..., rolda os 7 euros quilo/canal. A realidade está nos 4.70 euros/kg./canal que se pagan hoxe.

A “lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria” determina que para o cálculo dos custes de produción deberanse ter en conta elementos coma: fertilizantes, fitosanitarios, zoonosanitarios, combustibles e enerxía, maquinaria, reparación, alimentos para os animais, gastos de veterinaria, traballos contratados ou man de obra asalariada... Se os custes de produción soben e os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prezos da carne ou do leite non o fan, o resultado final é o peche do negocio, por ruinoso.

Sociais. As condicións de vida da xente son un factor fundamental e as condicións de vida no rural galego, e no de Ourense en particular, non son as mais atractivas para que a xente fiquen a vivir e desenvolver un plan de vida a xeito dos tempos de hoxe.

Sen Centros escolares e Centros de Saúde en proximidade, sen centros de atención ás crianzas en idade escolar, sen centros de atención e lecer para a xente maior, con transporte necesariamente individual porque o colectivo case desapareceu, se pechan as entidades bancarias, tabernas e centros sociais, se non chegan as infraestruturas telemáticas e outros servizos máis que hoxe son esenciais para unha mínima calidade de vida... quen vai querer quedar a vivir nun rural desatendido e incómodo?

Se o poder político, responsable en gran medida desta situación, non ofrece medidas correctoras, decididas e creadoras de proxectos de vida baseados nas ofertas que o territorio dá e articuladoras de esperanzas colectivas, o futuro do noso rural está fanado.

Este poder político ten unha grande responsabilidade no que ten a ver coa situación económica e social en que se encontra, neste caso, o sector produtor de bovino de carne e o rural galego en xeral. Non se debe esquecer que **é o poder político quen ten nas súas mans os instrumentos legislativos e económicos (orzamentos) para facer que esta situación mude.**

Mais por outra parte tamén debemos contextualizar en que marco económico e político nos desenvolvemos, isto é, no económico estamos nunha economía libre de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado, é dicir o capitalismo, no que o poder real recae nas grandes corporacións, neste caso agroalimentarias, que o que queren é materia prima barata (carne, leite, legumes, horta, froita...) para vendela co maior beneficio posible, marcando prezos e condicionando sistemas e xeitos de produción.

A recente reforma da xa citada lei 12/2013, de 2 de agosto, “...de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria” transcribe as esixencias comunitarias da directiva europea sobre prácticas comerciais desleais: “Co fin de evitar a destrución do valor na cadea alimentaria, cada operador da mesma deberá pagar ao operador inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo de produción de tal produto en que efectivamente incorra ou asuma o devandito operador”.

O texto indica que deberán elaborarse os índices de prezos e de custos de produción mediante o emprego dos criterios que deberán garantir a transparencia e obxectividade.

E aquí as contas non dan. **En 2010 tiñamos un millón de vacas e 45.000 explotacións. En 2020, co mesmo número de vacas, quince mil explotacións menos. Un rural cada vez con menos xente.**

Un goberno que vele polos intereses do País en conxunto debe reverter esta situación. Non pode ser que a actividade económica teña valor so polo volume de ganancias que xera, e si polo emprego que activa, a xestión do territorio que suscita, o benestar que orixina e a poboación que fixa e mantén dinámica.

Daquela cómpre tomar partido polo conxunto do País e neste caso do Medio Rural onde se sitúan, polo menos fisicamente, na actividade primaria, a produción destes bens.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son precisas, pois, medidas políticas orientadas a favorecer os sectores produtivos (mellores prezos para os produtos agropecuarios) en contra dos sectores especulativos, mellorar as condicións sociais e os servizos no rural e corrixir a tendencia deste sistema económico-social que o que quere son consumidores concentrados en grandes áreas xeográficas e comerciais destruindo ese entramado social e económico do rural, característico deste noso País porque o consideran demasiado caro, complicado e nada moderno.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- Marcar coma prioridade a creación de mesas de diálogo e negociación que reúnan os axentes que interveñen nas cadeas de produción, para estableceren prezos que, salvados os custes de produción, aseguren ganancias que permitan un desenvolvemento económico-social dos diferentes sectores produtivos do rural.

-Planificar accións coordinadas e debidamente orzamentadas destinadas a activar zonas deprimidas, abandonadas e despoboadas que permitan o reinicio das actividades agrogandeiras que fixen poboación, reactiven a economía e xestionen territorio coa meta posta na necesaria soberanía alimentaria.

-Facilitar o comercio de proximidade e a venda directa poñendo en marcha unha rede de matadoiros e Centros Comarcais de Transformación que permitan o desenvolvemento de pequenas e medianas explotacións familiares de producións tanto ecolóxicas coma integradas así coma o aproveitamento dos excedentes do autoconsumo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Orientar todas estas medidas cara a unha única meta: a consecución de produtos de calidade, o respecto á sostenibilidade e equilibrio medio ambiental, e o peche na medida do posible dos ciclos (consecución de insumos para a produción de carnes, transformación dos produtos primarios...)

-Recuperar unha porcentaxe de SAU que permita camiñar cara a unha soberanía alimentaria que elimine a dependencia de insumos exógenos.

-Priorizar plans de choque nas amplas zonas das provincias de Ourense e Lugo onde o abandono agrogandeiro e despoboación son máis acusados.

-Orientar e priorizar todas estas medidas ao fortalecemento e expansión do modelo de pequenas e medianas explotacións agropecuarias.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2022 13:35:15

María del Carmen Aira Díaz na data 08/02/2022 13:35:20

María González Albert na data 08/02/2022 13:35:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/02/2022 13:35:38



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O día 21 de xaneiro deste ano, sorprendentemente o Sr. Feijóo formulou á ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana unha proposta encamiñada a rexeitar a construción da prolongación da A-52 dende Porriño a Vigo que contempla esta nova vía en túnel.

A insólita proposta do presidente da Xunta de Galicia é deter este proxecto por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, é dicir, a non construír a autovía en túnel e substituíla pola supresión da peaxe da AP-9 entre o Alto de Puxeiros (Vigo) e Porriño.

A obra prevista, dunha lonxitude aproximada de 10 quilómetros, daría continuidade ao itinerario da autovía A-52 que actualmente descorre entre Benavente e Porriño, permitindo a súa culminación ata Vigo, descorrendo en túnel baixo o alto de Puxeiros, cunhas características e parámetros de trazado mais homoxéneos.

Pendente da realización dun novo trámite ambiental, o seu trazado en túnel permite diversificar os tráfico que conflúen na Avenida de Madrid segundo a súa procedencia:

a) En primeiro lugar un tráfico de proximidade que seguirá utilizando o actual trazado da A-55, principalmente en relación co termo municipal de Mos e as áreas de actividade nel implantadas.

b) En segundo lugar un tráfico de orixe máis metropolitano e rexional, que utilizará o novo trazado ao configurarse como remate da autovía A-52, permitindo a súa chegada a Vigo. Neste caso os tráfico de comunicación Porto de Vigo-Vigo-Ourense-Madrid canalizaranse por este novo eixo; o tempo que constituirá o principal eixo de comunicación entre a PLISAN-PTL-Zona Franca Balaídos e Porto de Vigo.



En relación ao novo trámite ambiental a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal fai unha proposta de trazado para os efectos da súa avaliación, que permite unha menor afectación ao ámbito do río Eifonso, considerado espazo natural de interese local.

Proposta de trazado que o Ministerio de Fomento vén de incorporar as alternativas da tramitación ambiental dada a menor afectación ambiental desta proposta.

O Ministerio de Transportes prevé someter proximamente a información pública e remitir para declaración de impacto ambiental o tramo pendente da A-52 entre Vigo e Porriño.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rectificar inmediatamente a proposta do seu presidente, aceptando o proxecto do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que propón como alternativa a construción do tramo pendente da A-52 Porriño – Vigo, en túnel.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/02/2022 14:02:01

Noelia Otero Lago na data 08/02/2022 14:02:08





Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2022 14:02:21

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2022 14:02:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2022 14:02:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A comunicación das persoas e empresas de Vigo e da súa área de influencia co resto do Estado a través do transporte público é unha cuestión de indubidable interese público e de carácter, incluso, intermunicipal.

As liñas aéreas con Madrid, Barcelona, Canarias, a recuperación dende este mes de febreiro dos voos a Valencia e Bilbao e demais conexións de Peinador, fan que os avións que aterran ou despegan dende este aeroporto teñan unha ocupación superior ao 90 % en cada voo, polo que existe un fluxo de máis de 200 persoas por cada avión.

Esta ocupación xera unha demanda potencia de usuarios e usuarias do transporte público colectivo de persoas viaxeiras por estrada. Ademais a implantación dun autobús directo ó aeroporto permitiría diminuír a pegada de carbono causada polos desprazamentos en vehículos individuais a Peinador. Neste senso, desde a nova estación de autobuses en Vigo situada no centro da cidade é preciso contar cunha liña que conecte esta parte da cidade co aeroporto de Vigo para conseguir tanto unha redución do tráfico individual como unha maior intermodalidade.

Por outra banda, está a importancia do turismo de Vigo en todos os meses do ano grazas á desestacionalización das súas ofertas, co Nadal, coas Illas Cíes, coas praias, feiras e festas.

No mes de agosto do ano pasado, pese ás restricións da pandemia da COVID-19, a cidade tivo unha ocupación hoteleira do 90 % e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido). Tamén, no mes de decembro do 2021 os hoteis de Vigo atoparon no Nadal a súa “tempada alta”, a súa taxa de ocupación sobresa e a nivel nacional. A última enquisa de Ocupación Hoteleira publicada o 25 de xaneiro polo INE reconfirma a



cidade de Vigo como o destino peninsular cunha maior taxa de ocupación nese mes. Dita taxa permitiu que a ocupación e a recadación chegaran a superar ás do 2019 nese mesmo período de tempo.

Esta gran subida do turismo en Vigo co seu consecuente retorno económico foi reconecido por todo o tecido económico e social da cidade. Este incremento no número de visitantes ten unha gran repercusión social e económica para Vigo, pero tamén para toda Galicia.

A maiores da poboación da área de influencia de Vigo, os e as turistas que visitan esta cidade demandan un autobús directo ó aeroporto.

A Xunta de Galicia apoia as liñas de autobuses que existen noutras cidades de Galicia co seu aeroporto. Sería xusto que a cidade máis poboada de Galicia conte cunha liña de transporte público ao seu aeroporto.

Por isto, o Grupo Parlamentario Socialista cree moi necesario implantar unha liña de autobuses directos desde o centro da cidade ata o Aeroporto de Peinador.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar e financiar unha liña de autobús directa que conecte o centro de Vigo co Aeroporto de Peinador.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/02/2022 14:05:21

Noelia Otero Lago na data 08/02/2022 14:05:28

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2022 14:05:38

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2022 14:05:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2022 14:05:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Dende hai aproximadamente un ano, que comezou a nova adjudicataria a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada, na Comarca do Eume son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias en relación a este servizo, debido a atrasos e reducións de frecuencias e horarios, e nomeadamente en diversos servizos na liña que comunica Pontedeume coas cidades de Ferrol e A Coruña (XG871).

Dende o comezo da prestación deste servizo pola nova empresa adjudicataria por parte do Concello de Pontedeume foron numerosas as ocasións nas que se lle trasladou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a necesidade de que se adoptaran as medidas necesarias para o correcto funcionamento deste servizo, o ter detectadas numerosas deficiencias.

Na auditoría realizada pola Consellería e remitida recentemente ao Concello de Pontedeume recollíase a proposta de reforzar servizos e frecuencias nun 11 % dando prioridade ás horas puntas da mañá, de mediodía e da tarde para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral e estudiantíl. Pero lonxe desta mellora a Xunta de Galicia, sen previo aviso, na semana do 10 de xaneiro deste ano, procedeu a supresión de varias liñas deste servizo.

Por parte da veciñanza eumesa, así como polos concellos da bisbarra afectados piden unha solución inmediata a estes problemas, restituíndo as liñas suprimidas recentemente, así como solicitando un incremento de servizos que cubran as necesidades da cidadanía da Comarca do Eume tal e como se acordara nos últimos meses.

Son necesarias melloras neste servizo de transporte interurbano que pasan por: recuperar os servizos que ofrecía a anterior empresa adjudicataria, aumentar as frecuencias, gratuidade deste servizo para os estudantes e unha información veraz sobre os horarios.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar unha solución rápida aos numerosos problemas que está a padecer a veciñanza da Comarca do Eume como consecuencia do mal funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada, nomeadamente trala recente supresión de varias liñas sen previo aviso e que está a ter consecuencias negativas tamén entre os menores de idade usuarios del.

Pazo do Parlamento, 8 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/02/2022 13:10:14

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/02/2022 13:10:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/02/2022 13:10:43





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres e das deputadas Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas de recortes e privatizacións dos servizos públicos implantadas pola Xunta desde o ano 2009 levaron a unha situación crítica o sistema público de saúde.

O trasvase de grandes cantidades de fondos públicos á sanidade privada, a non cobertura de postos de traballo vacantes por xubilacións, a non cobertura de baixas e vacacións, a explotación laboral... son manifestacións do deterioro do sistema sanitario público, que lle afecta dunha maneira especialmente intensa á atención primaria e ás urxencias extrahospitalarias.

A pandemia da COVID puxo en evidencia unha situación que xa era moi precaria antes de 2020, como se puxo de manifesto nas denuncias de colexios, sindicatos, persoal e das persoas usuarias.

Ao longo dos últimos meses, numerosas mobilizacións en todo o noso país están poñendo de manifesto o descontento social con esta degradación da sanidade pública. Tamén son constantes as protestas do persoal do SERGAS, que denuncian o deterioro das condicións laborais, o esgotamento físico e mental, a mala organización, a redución de persoal...





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o BNG vimos chamando a atención sobre a necesidade de reforzar a atención primaria mediante o incremento do gasto público, a dotación de medios humanos e materiais, a ampliación da carteira de servizos, o respecto dos dereitos laborais e unha mellor organización, incluíndo a garantía da atención presencial.

A área de Pontevedra está a sufrir como todas as demais zonas de Galiza o deterioro da atención primaria, debido á redución de persoal e á degradación das condicións laborais. Un dos ámbitos máis maltratados é o dos PAC, sometidos a unha forte presión asistencial e a unhas condicións laborais extremas.

As denuncias do persoal dos PAC son continuas, como tamén son habituais as queixas das persoas usuarias do servizo. O ocorrido o pasado domingo 6 de febreiro é unha mostra clara dunha situación que se vén dando de maneira habitual dos PAC da área de Pontevedra e en toda Galiza. Nesa xornada, no canto dos tres facultativos que deberían atender o servizo só estivo un. Nas 14 horas que durou a súa garda atendeu a 106 persoas entre atención presencial e telefónica e efectuou cinco saídas para atender a pacientes a domicilio.

Ademais da grave situación creada pola ausencia de persoal médico durante as citadas saídas, hai que poñer de relevo as condicións de presión laboral, estrés e frustración ás que se viu sometido o único facultativo, que chegou a manifestar en declaracións públicas a súa intención de deixar o traballo como médico.

Tanto a Xerencia da Área Sanitaria como o SERGAS teñen que adoptar de maneira urxen medidas para evitar unha situación tan grave como a descrita, que nin é casual nin é específica de Pontevedra senón que se produce de maneira habitual en todo o país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a mellorar a atención sanitaria na área de Pontevedra e nomeadamente a dotar do persoal necesario os PAC para evitar situacións como a sufrida o pasado 6 de febreiro no PAC da Parda, no que só había un facultativo cando tiña que haber tres.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2022 17:59:29

Iria Carreira Pazos na data 08/02/2022 17:59:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2022 17:59:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a incidencia da posíbel implantación dunha fábrica de fibras téxtiles en Galiza no conxunto do sector forestal e na estrutura do territorio galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o anuncio da Unión Europea da creación do chamado “Mecanismo de recuperación e resiliencia” como resposta á crise económica xerada pola Covid-19 a Xunta de Galiza comezou a falar dun proxecto de fábrica de fibras téxtiles como grande proxecto tractor para o país. “Determinante”, chamoulle o presidente da Xunta, que destacou esta fábrica como chave para o futuro da moda sustentábel e para o sector da madeira, cunha previsión de até 200.000 Tm anuais de fibras téxtiles.

O mesmo presidente da Xunta gabou en nota de prensa do pasado 18 de xaneiro este proxecto que ten, parece ser, un investimento previsto de 800 millóns de euros e que en palabras de Núñez Feixóo “tería capacidade para xerar 1.500 empregos directos e abastecer de materia prima ao sector téxtil”, incidindo na importancia deste e doutros proxectos tractores para mellorar a competitividade da economía galega.

A creación desta factoría aumentaría de xeito importante as necesidades de corta de madeira dos 8,5 millóns de m³ anuais que se dan na actualidade no noso país





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incrementando estes números, segundo os cálculos da propia Xunta de Galiza, en cando menos 1,5 millóns de toneladas máis.

Ese importante incremento só pode ser acadado por dúas vías. Aumentando a superficie forestada en Galiza e incrementando a produtividade das plantacións xa existentes mediante a aplicación de técnicas silvícolas, melloras xenéticas... Todo isto tendo en conta que hoxe en Galiza temos algo máis de dous millóns de hectáreas de superficie forestal e que o monte ocupa no país máis de 2/3 do conxunto do territorio galego (70%).

Con estes datos previos fica claro que unha proposta como a da grande fábrica de fibras téxtiles procedentes da celulosa suporá para o sector forestal de Galiza un importante estrés e unha grande distorsión no modelo de negocio dun sector que hoxe representa o 1,8% do PIB do país.

Consideramos, polo tanto, de especial importancia facer unha análise en profundidade da incidencia que o proxecto de fábrica de fibras téxtiles terá nunha Galiza hoxe xa forestada por riba das súas posibilidades e cunha pseudo-moratoria para novas plantacións de eucalipto en vigor a pesares de seren esta a árbore máis comunmente usada en fábricas destas características.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a elaborar e facer público, en colaboración coas Universidades galegas, un estudo detallado e comparado da incidencia que a aparición en escena dunha fábrica de fibras téxtiles cun horizonte de produción de até 200.000 tn. anuais terá en:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A planificación territorial do monte galego
2. O sector da produción forestal e a presenza e distribución das distintas especies arbóreas no territorio.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2022 09:37:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/02/2022 09:37:40

María del Carmen Aira Díaz na data 09/02/2022 09:37:49

María González Albert na data 09/02/2022 09:37:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as demoras continuadas na emisión de facturas por responsabilidade das distribuidoras e/ou comercializadoras de enerxía eléctrica e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego no exercicio das súas competencias exclusivas en materia de consumo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde 2021 as e os consumidores, domésticos ou industriais, de enerxía eléctrica sofren unha escalada sen precedentes no prezo. Unha situación de inflación insoportable que se acompaña de importantes subas noutros ámbitos, como o gas, os combustíbeis fósiles ou a cesta da compra, como amosa que o ano 2021 pechase cunha inflación en Galiza do 6,7%, dúas décimas superior ao do conxunto do Estado español (6,5%).

Hai que recordar que no tocante ao prezo da luz, 2021 pechou como o ano máis caro da serie histórica, cun prezo medio de 111,93 euros/MWh debido á espiral alcista do “pool” no segundo semestre, onde numerosos días chegou mesmo a sobardar os 300 euros/MWh. No mes de xaneiro de 2022 o prezo medio do mercado foi de 201,72 euros/MWh, un 235,3% superior ao prezo medio de xaneiro dun ano antes e nos primeiros días de febreiro volveu superar os 210 euros/Mwh.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se a escalada de prezos e feitos como o baleirado dos encoros que afecta de forma importante comarcas do sur de Lugo e de Ourense, como a Baixa Limia ou Monterrei-Viana non fose suficiente mostra do abuso das compañías eléctricas, nos meses de outubro a decembro producíronse grandes atrasos na facturación para un gran número de clientes en Galiza e no conxunto do Estado.

Este atraso mantense ou comeza neste inicio de ano en moitas persoas consumidoras que están a denunciar a situación por medio da prensa, das redes sociais ou de reclamacións ás eléctricas e ás asociacións de consumo. Isto produce un efecto de desamparo e pánico na cidadanía, pois nun contexto de suba do prezo e de frío invernal non son quen de saber canto pagarán e se poderán asumir os prezos, o cal ocasiona unha grande incerteza.

A todo isto súmase que as mudanzas de tarifa horarias acometidas en xuño de 2021 polo goberno central ocasionou alteración nas facturacións e nas previsións de gasto para moitos consumidores e consumidoras, singularmente aqueles que tiña discriminación horaria. Precisamente esta mudanza é, presuntamente, un dos posíbeis motivos do atraso, toda vez que supuxo unha reprogramación de millóns de contadores. En todo caso, este era un cambio predicible e organizado polo propio sistema, que deba ter meirandes garantías.

Este tipo de situacións están afectando, segundo se vai coñecendo, a grandes firmas como Endesa ou Naturgy. Para máis inri Naturgy, que tiña unha boa parte do seu servizo de atención ao cliente en Galiza mais que o deslocalizou case na súa totalidade co silencio da Xunta de Galiza, tivo o seu servizo de atención ao cliente caído durante máis de dez días, abondando na situación de desamparo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo as propias comercializadoras, que atribúen á distribución o problema, habería un 16% de clientes afectados a nivel de Estado. Porén, non está habendo unha política clara de información, nin por parte das eléctricas nin por parte dos gobernos responsables en planificación enerxética ou en consumo e protección das persoas usuarias.

Así as cousas, hai clientes que levan até seis meses sen recibir as facturas e isto atenta contra o seu dereito de estudar ofertas de empresas competidoras, ademais dos problemas xa sinalados. Aínda que algunhas das comercializadoras informen de posíbeis fraccionamentos, é necesario que se fiscalice que se está a ofrecer esta posibilidade e que as administracións pulen por unha solución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a incoar expedientes e, se procede, sancións contra as entidades responsábeis da extrema demora na remisión de facturas da luz a milleiros de clientes galegos así como o impulso dunha campaña específica de información e asesoramento respecto dos dereitos e a fiscalización de que estes están a ser respectados e garantidos.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2022 11:48:03

Daniel Pérez López na data 09/02/2022 11:48:06

Ramón Fernández Alfonso na data 09/02/2022 11:48:18

Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2022 11:48:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está en boga no mundo a creación de territorios intelixentes, é unha estratexia europea, pero tamén latinoamericana, con intención de modificar unha maneira de vivir nas comunidades e a relación destas co planeta.

Por isto hai consenso en que un territorio intelixente debe integrar unha aposta pola sostibilidade ambiental, a incorporación de novas tecnoloxías e a cohesión e desenvolvemento social.

As modificacións tecnolóxicas do século XXI obrigan a unha comprensión distinta de como nos establecemos como sociedade en relación co territorio, por isto os modelos de habitabilidade no rural ou na cidade, deben mudarse. Disto xorden preguntas que tamén se fixeron grupos de investigación que que rousan en torno a onde radica a intelixencia dun territorio e que é o enfoque social do mesmo, tal e como recolle Gloria Isabel Quintero Pérez, docente e investigadora da Universidade de Antioquía. Cuestións todas moi interesantes e que ben merecen unha pensada científica que nos leva a implementar medidas moi ocorrentes pero faltas de cohesión que nos alonxen dos beneficios que poden supor unha nova maneira de relacionarnos, instalarnos no territorio, de producir, que nos leven a melloras sociais inclusivas, solidarias e integradoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que no é o obxecto desta iniciativa hai que lembrar que non só se está a falar das smart village senón tamén das smart cities, o que indica que é un movemento xeralizado derivado ou motivado polas novas tecnoloxías e o seu gran desenvolvemento, acelerado probablemente pola preponderancia que cobraron durante a pandemia. Cada vez hai máis persoas pero tamén máis obxectos conectados en rede, o que indica que é bo poñer as tecnoloxías no centro como ferramenta para acadar un fin, que é unha mellora como sociedade que convive entre si e co seu medio ambiente doutro xeito ao que viña acontecendo, porque ata o de agora a afectación da tecnoloxía ás persoas veu sendo tanxencial.

Segundo parece as previsións para 2050 son que o 70% da poboación mundial vivirá nas urbes, por isto, aínda é máis importante fixarse nos territorios rurais, aproveitando esta oportunidade para que haxa un punto de inflexión a respecto de como se entende o rural galego por parte do goberno da Xunta, do goberno do Estado e da propia poboación galega, de modo que as novas tecnoloxías sexan catalizadoras das melloras sociais tan necesarias no rural e que este non quede como nicho para as distintas empresas explotadoras das materias primas sen que aporten ningún valor para o territorio e as persoas.

Tamén é fundamental contar coa poboación para o deseño destes territorios, para isto deberían participar as/os cidadáns, organizacións sociais, empresas, academias e institucións que serían motivadoras de solucións para as necesidades da poboación e a relación directa coas melloras na calidade de vida.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a emprender as seguintes actuacións como garantía para que os territorios intelixentes conduzan á mellora social e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de calidade de vida das habitantes do rural galego, que parece que é o fin último sendo o uso das novas tecnoloxías só un medio:

-Implicar á sociedade no deseño do proxecto de smart village, para alonxarse dunha aplicación instrumental sen aval científico nin social.

-Contar cos organismos públicos como as OACs, os centros de investigación agraria e a universidade para darlle un empaque ao proxecto que vaia máis alá dunha inversión económica sen cohesión.

-Contar con organismos privados como os GDR para que participen no mesmo sentido.

-Abrir a participación ás persoas individuais interesadas.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P.do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 09/02/2022 12:10:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/02/2022 12:10:17

María González Albert na data 09/02/2022 12:10:26

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2022 12:10:35



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) é un avance dos sistemas sanitarios que en Galicia comezou a ter algunha previsión de funcionamento en distintos puntos da xeografía hai dúas décadas. O desenrolo deste servizo foi lento e con diversas dificultades, fundamentalmente pola baixa dotación de recursos que durante os últimos anos viuse notoriamente diminuído, alimentando os problemas de funcionamento e deixando en evidencia unha política de Recursos Humanos retorcida.

A pesares destes problemas, a dedicación esforzada dos profesionais que formaban parte do servizo conseguiu avanzar ata chegar a un volume de case 15 unidades en toda Galicia nos anos 2018 e 2019. Foi neste punto cando o goberno de Galicia, a través do seu presidente, anunciou que no ano 2021 o cen por cen do territorio estaría cuberto por este servizo.

A realidade actual é que existen numerosas queixas sobre o servizo en dúas vertentes. Por un lado os profesionais lamentan a política de recursos humanos, que obriga aos sanitarios a traballar en condicións precarias en varios casos. Por outra vía sucédense as reclamacións sobre a irrealidade da presenza do HADO en todos os concellos. Así comezan a existir reclamacións de carácter formal a través de concellos e plenos municipais sobre a implantación deste servizo en concellos que demandan que non son atendidos porque os recursos non son suficientes. Sobre Barbanza ou en A Mariña este problema xa foi tratado no Parlamento de Galicia, a través de sendas iniciativas do PSdeG, nas que o Parlamento ven de aprobar esixir á Xunta de Galicia que cumpra a extensión do servizo a todos os concellos dos respectivos distritos. Este evidente recoñecemento de que o servizo non está a funcionar tamén está provocando problemas noutras comarcas, como no interior de Pontevedra, ou algúns outros territorios da provincia de Ourense.

A situación causa preocupación, polo que resulta necesario reforzar a idea de que o HADO é un servizo que debe ser ampliado e que non pode estar suxeito a



vaivéns nin a pretensións de difundir información sobre servizos sanitarios que non se cumpren, provocando desacougo entre a cidadanía e desigualdades entre os concellos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estender o servizo HADO a todos os concellos de cada distrito sanitario no que estea implantado.
2. Ter en funcionamento de maneira real e efectiva o servizo HADO para todos os concellos de Galicia durante o ano 2022.
3. Mellorar as condicións laborais dos profesionais dos servizos HADO de Galicia, xerando a maior estabilidade posible nas súas contratacións.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 16:03:56

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 16:04:05





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2022 16:30:00
Nº Registro: 30203
Data envío: 09/02/2022 16:07:34.812

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 16:04:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario Socialista ten demandado en diversas iniciativas rexistradas no Parlamento de Galicia á Consellería de Emprego e Igualdade a necesidade de traballar para incentivar a través das mesas de diálogo social con sindicatos e asociacións empresarias a introdución de plans de igualdade específicos para evitar a discriminación laboral das persoas LGTBI. Na interpelación plenaria do día 9 de decembro do 2021, a conselleira de Igualdade e Emprego afirmaba “... *non soamente se dá a través da Secretaría Xeral de Igualdade senón actualmente a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais. Galicia mantén permanentemente aberto o diálogo social para abordar calquera cuestión vinculada co ámbito laboral e cos axentes participantes, cales son os sindicatos e o tecido empresarial. Neste sentido a dirección xeral está traballando nun estudo específico sobre a problemática e a situación laboral do colectivo LGBI, estudo que se elevará ao diálogo social para a súa análise o vindeiro ano 2022*”.

Ademais de compartir a preocupación e a necesidade de actuar ante os datos publicados no informe sobre LGTBIfobia no traballo elaborado por UGT que sustentou as iniciativas deste grupo parlamentario a conselleira manifestou que dende a Xunta de Galicia se estaba xa a traballar neste senso. O informe da UGT indicaba que o 96 % das persoas LGTBI considera "inconveniente" facer pública a súa orientación sexual no seu posto de traballo en Galicia, e que 6 de cada 10 traballadores ou traballadoras recoñeceu sufrir algún tipo de discriminación ou agresión. Pero a pesar de compartir no discurso a problemática por parte da conselleira, finalmente no debate da moción correspondente o Grupo Parlamentario Popular votou en contra da resolución debatida.

No inicio deste 2022, coñecemos que a situación do colectivo LGTBI na negociación colectiva segundo un novo estudo da UGT “As persoas LGTBI na negociación colectiva”, arroxa que só tres de cada dez convenios teñen cláusulas de protección laboral a estas persoas. Ademais, da totalidade de convenios



analizados no estudo, non hai ningún con cláusulas que se refiran ás persoas trans no emprego, nin á súa protección ou ás súas necesidades específicas, de maneira que as persoas trans están totalmente desprotexidas na negociación colectiva. A pesar dos esforzos realizados desde os sindicatos por situar cláusulas de protección na negociación colectiva, na actualidade continúa existindo un enorme baleiro na materia.

O Grupo Parlamentario Socialista comparte coa UGT que as medidas deben ser efectivas e para iso é necesario que sexan claras e de obrigado cumprimento polo que tanto a nivel estatal como autonómico cómpre trasladar as administracións a esixencia de incentivar ás empresas a establecer plans de igualdade LGTBI.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a traballar para incentivar a través das mesas de diálogo social con sindicatos e asociacións empresariais a introdución de plans de igualdade específicos para evitar a discriminación laboral das persoas LGTBI.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/02/2022 16:24:42

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/02/2022 16:24:51

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 16:25:01

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 16:25:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 16:25:20



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado mes de setembro o Concello de Vigo remitiu á Dirección Xeral de Patrimonio o proxecto da posta en valor das galerías da fortaleza de O Castro.

Tres meses despois o Concello recibía a autorización provisional con informe favorable ao proxecto de musealización previsto pero solicítase unha nova proposta para reconsiderar algúns aspectos do proxecto e aclaracións que xa foron remitidas desde o Consistorio a pesar de que algunhas das solicitadas invaden competencias municipais.

A recuperación deste espazo para a cidadanía viguesa, que prevé unha ambiciosa musealización que xirará ao redor das batallas navais que tiñan lugar na ría de Vigo e na importancia da fortaleza de O Castro como baluarte da cidade, debería ter comezado xa. O Castro é o corazón de Vigo, o punto de orixe da historia da cidade onde se asentaron os primeiros poboadores.

A Xunta de Galicia, no canto de sumarse a esta necesaria iniciativa da cidade, está a frear a apertura das galerías subterráneas descubertas como visita musealizada co atraso desde a Dirección Xeral de Patrimonio. O Goberno do Estado investiu xa 800.000 euros na recuperación das murallas e agora achegaría 1.200.000 euros para a musealización.

Este proxecto enmárcase no impulso iniciado polo Goberno municipal á recuperación de O Castro nos últimos anos, e que xa permitiu unha nova iluminación das murallas, o reforzo da varanda do miradoiro ou a derriba restaurante O Castelo.

Despois de 5 meses do inicio dos trámites aínda se agarda pola necesaria autorización.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar celeridade e responder canto antes ao proxecto remitido á Dirección Xeral de Patrimonio dende o Concello de Vigo para a posta en valor das galería de O Castro.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/02/2022 16:28:40

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2022 16:28:47

Noa Susana Díaz Varela na data 09/02/2022 16:28:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 16:29:05



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende o recoñecemento en 2016 do Camiño Portugués da Costa coma itinerario oficial do Camiño de Santiago, esta ruta ten evolucionado de forma notable ata a súa total consolidación.

Esta boa aceptación por parte dos peregrinos e peregrinas non está exenta de inconvenientes que prexudican seriamente a boa evolución do Camiño Portugués da Costa e que as administracións deben tratar de evitar ou resolver.

Os principais problemas cos que se atopan os e as peregrinas teñen que ver co paso polo esteiro do Miño. Na actualidade non está en funcionamento o ferri entre Caminha e A Guarda, isto quere dicir que os e as peregrinas non dispoñen dun transporte regular para cruzar o río. A alternativa ao ferri que teñen os peregrinos e peregrinas é utilizar os taxi-mar, unhas embarcacións portuguesas que traballan baixo demanda cunhas tarifas que, segundo as testemuñas dos usuarios e usuarias, varían dependendo do número de persoas que transporten.

O ferri que hai entre Caminha e A Guarda é propiedade da Cámara de Caminha, que tamén é responsable da súa xestión. Este barco non entrou en funcionamento dende a apertura de fronteiras a primeiros do mes de maio. Resulta obvio que a mobilidade entre as dúas beiras do Miño é un problema na actualidade. Para buscar unha solución a medio e longo prazo introduciuse na estratexia da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Río Miño, coma obxectivo do seu plan de acción incluíuse o estudo de mobilidade transfronteiriza. Na actualidade estase a definir os pregos para encargar o estudo que defina coma pode ser a comunicación do futuro entre as dúas vilas ribeireñas do esteiro do Miño.

Con esta situación, é necesario buscar unha solución a curto prazo. Debería determinarse se o ferri vai a seguir funcionando e incluso se ese é o



transporte que cumpre coas expectativas que poden ter as persoas usuarias dos dous países. De non ser así teríase que traballar de forma inmediata para implantar un novo servizo de transporte de pasaxeiros entre A Guarda e Caminha.

Outro dos problemas que esta provocando importantes quebrantos e confusión entre moitos peregrinos que pretenden chegar a Santiago de Compostela polo Camiño da Costa procedentes de Portugal esta relacionado coa desinformación respecto a este itinerario que se esta dando dende o país veciño. Na propia web oficial do Camiño de Santiago di que "O Camiño Portugués da Costa entra en Galicia pola vila mariñeira da Guarda, tras cruzar o río Miño na súa desembocadura", facendo clara referencia a conexión que ten o Camiño de Santiago entre Portugal e Galicia. A pesar desta referencia tan clara da entrada en Galicia dende Portugal, distintas organizacións e entidades portuguesas formulan alternativas que nada teñen que ver coa ruta recoñecida e promovida oficialmente.

Nalgunhas publicacións indícaselle aos peregrinos e peregrinas que o Camiño da Costa vai dende Camiña ata Cerveira para atravesar alí cara a Goian e volver de novo ata A Guarda. Co cal se aumenta o percorrido do peregrino en case 30 quilómetros e se lle priva de cruzar en barco o esteiro do Miño, unha experiencia que paga a pena. Outra alternativa que propoñen dende Portugal é, unha vez chegados a Caminha, seguir pola beira do Miño ata Valença para enlazar alí co Camiño Portugués. Este caso é moito máis grave xa que se anula o percorrido pola Costa Atlántica Galega por A Guarda, O Rosal, Oia, Baiona, Nigrán, etc.

O noso grupo parlamentario consideramos que esta desinformación é grave para peregrinos e peregrinas. Con tantas publicacións contraditorias teñen moi difícil saber cal é o verdadeiro Camiño Portugués da Costa o que pode repercutir negativamente na súa experiencia do Camiño de Santiago



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Buscar solucións a curto prazo para resolver o problema do transporte de pasaxeiros e pasaxeiras entre A Guarda e Caminha, para dar continuidade ao Camiño Portugués da Costa no seu paso polo esteiro do Miño.
2. Unha xuntanza dos alcaldes afectados co vicepresidente 1º e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo para trasladarlle de primeira man a problemática xurdida en relación co Camiño Portugués da Costa.
3. Que se manifeste e tome medidas en relación ás publicacións que difundan itinerarios non oficiais do Camiño Portugués da Costa.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/02/2022 17:13:19

Martín Seco García na data 09/02/2022 17:13:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 17:13:37



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Os casos de abusos e agresións sexuais a menores no seno da Igrexa católica constitúen graves vulneracións dos dereitos destes nenos e nenas, cometidas ao longo do tempo e con importantes repercusións e secuelas sobre a súa saúde e desenvolvemento, que condicionan a súa vida adulta.

Son moitos os países da nosa contorna que impulsaron iniciativas e desenvolveron investigacións a través de comisións independentes ou gobernamentais, polo que o noso país non pode quedar atrás.

As persoas afectadas teñen dereito á información veraz, ao recoñecemento como vítima e á protección e reparación debidas, e o conxunto das administracións teñen o dereito e deber de contar coa información precisa, dende as perspectivas máis amplas e diversas, para cumprir coas súas funcións de salvagarda dos dereitos da infancia e da adolescencia.

As Cortes Xerais aprobaron recentemente a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á violencia, que incorpora ao noso ordenamento xurídico as ferramentas de protección máis actualizadas e eficaces, conforme ao dereito internacional.

O Grupo Socialista presentou no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei co fin de mellorar a prevención, ofrecer a maior protección posible e asegurar a reparación ás vítimas, tendo en conta os precedentes doutros países.

E na que entende que é o Defensor do Pobo o que ten que elaborar un informe como leito para que a sociedade española e as súas institucións encaren este gravísimo asunto, aportando as garantías precisas debido a súa profesionalidade e rigor, sen prexuízo de que este poida apoiarse para a elaboración nunha comisión independente de asesoramento, integrada por expertos, representantes das administracións públicas, das asociacións en defensa dos afectados e incluso na



Igrexa católica.

Por desgraza o noso país non se libra desta lacra e na actualidade hai abertas en Galicia varias investigacións tras denuncias interpostas en centros escolares vinculados á Igrexa católica, é por iso polo que dende o Grupo Socialista entendemos necesario contribuír a determinación dos feitos e responsabilidades, á reparación das vítimas e a planificación de políticas públicas orientadas á prevención destes abusos, a través da Valedora do Pobo xa que esta institución constitúe o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia

A actitude do presidente da Xunta de Galicia ante a posibilidade da creación dunha Comisión de investigación ten sido a de rexeitar a comisión e relativizar o papel da Igrexa nos abusos, manifestando que “hacer solo una comisión de investigación para una organización me parece que es una comisión bastante incompleta”, e que “los abusos a menores afectan a distintas organizaciones públicas y privadas”, así como que “mientras no erradiquemos este tipo de actuaciones, debemos ser muy serios y muy rigurosos en la investigación completa, sin distinciones a quien investigamos”.

Esta relativización resulta dificilmente comprensible se consideramos que a Igrexa católica ten sido a principal institución educativa no noso país ó longo da historia, xogando incluso na actualidade un papel moi importante no ámbito social eido educativo e pasando polas súas mans millóns de menores ao longo da historia, sen parangón nin comparación posible con ningunha outra institución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio a que sexan investigados de todos os xeitos posibles os abusos sexuais cometidos sobre menores por membros da Igrexa católica, así como o seu apoio e alento ás vítimas deses abusos, instando ao Goberno de Galicia a facilitar esa investigación e prestar toda a colaboración posible para tal fin.

B) Instar a Xunta de Galicia a:

- Solicitar á Valedora do Pobo a redacción dun informe no que se reflecta a situación de posibles abusos a menores por parte da Igrexa católica en



Galicia en colaboración con todos os colectivos e persoas implicadas, así como que dispoña a súa total colaboración co Defensor del Pueblo nos traballos que esta institución desenvolva neste eido.

- Elaborar un protocolo específico que constitúa una guía sinxela e clara para que os membros da comunidade educativa dispoñan duns criterios orientadores e uns procedementos de actuación básicos, pero claros e completos, ante posibles casos de abuso sexual a menores.
- Promover a formación necesaria no seno da comunidade educativa dirixida á sensibilización e prevención, dotando aos docentes dos coñecementos e habilidades para realizar una detección o máis temperá posible e actuar con rapidez e firmeza ante a existencia de calquera posible conducta de abuso sexual perpetrado sobre o alumnado.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/02/2022 17:10:11

Pablo Arangüena Fernández na data 09/02/2022 17:10:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 17:10:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Actualmente en Galicia vivimos nun contexto de pandemia mundial, atravesando a sexta onda do coronavirus a Covid-19.

Entre moitos dos sectores afectados, destaca o grupo poboacional de persoas maiores, en primeiro lugar polo evidente risco para a súa saúde tendo en conta que ofrecen unha vulnerabilidade maior ante o virus, e tamén pola soidade non desexada acrecentada polas restricións derivadas da loita na contención do virus. Pero ademais existen consecuencias derivadas deste contexto que acrecentaron as deficiencias xa existentes antes da pandemia pero que agora se agravaron, e unha de elas é a barreira dixital que impide que as persoas maiores poidan ter a autonomía suficiente na súa vida diaria. Unha das necesidades básicas de toda persoa é o acceso ás xestións básicas que se precisa para autoxestionar a propia economía, normalmente directamente relacionada aos procesos e xestións bancarias. O proceso de dixitalización da propia sociedade vai moi rápido para permitir o correcto proceso de transición e adaptación das persoas maiores a estes cambios.

Por todo Isto é preciso que dende a Administración Autonómica se teña en conta esta situación para facilitar o proceso de mediación entre as entidades bancarias e os usuarios máis vulnerables, neste caso os maiores. Colaborar de xeito coordinado para facilitar ás persoas maiores ou con limitacións cognitivas ou discapacidade a accesibilidade cognitiva que precisan para poder adaptarse ao avance dixital nun contexto de pandemia.

O Capítulo VII da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, titulado Envellecemento activo e saudable, cita textualmente:

1. As administracións públicas de Galicia integrarán o envellecemento saudable en todas as súas políticas, coa finalidade de potenciar o benestar físico, social e mental das persoas durante o curso da súa vida, especialmente na vellez.



2. Así mesmo, promoverán a participación das persoas maiores na sociedade de acordo coas súas necesidades, expectativas e capacidades, favorecendo a súa autonomía persoal, á vez que lles proporcionarán a protección, seguridade e coidados axeitados.

Por todo elo é preciso concretar un plan de acción que blinde os dereitos das persoas maiores e garanta as necesidades básicas da vida diaria tal e como solicitamos dende o Grupo Socialista dende fai un ano. É urxente executar un proceso de mediación entre as entidades bancarias e os usuarios mais vulnerables.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que elabore, coa maior inmediatez, un protocolo de accesibilidade personalizada bancaria dirixido ao colectivo de persoas afectadas, fundamentalmente persoas maiores ou con discapacidade, así como executar un plan de mediación coas entidades bancarias para facilitar dito protocolo.”

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 17:15:47

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 17:15:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 17:16:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Desenvolver políticas que fomenten a corresponsabilidade ten un impacto profundo na igualdade, pero tamén, como é lóxico, na economía e na calidade da sociedade. O ansiado cambio de paradigma no social, no laboral pero tamén no ámbito dos coidados debería condicionar as accións políticas e económicas futuras.

O obxectivo debe ser conseguir, a través de políticas transversais, a participación equilibrada entre mulleres e homes na vida familiar e no mercado de traballo coa reestruturación e reorganización dos sistemas laboral e educativo e dos recursos sociais, co fin de introducir a igualdade de oportunidades no emprego, variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.

Segundo o último baremo do CIS a respecto desta cuestión, o 82 % das persoas coidadoras principais de menores de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5 % as avoas e só o 4,8 % os pais. Indica tamén que as mulleres empregan entre 4 e 5 horas diarias a tarefas domésticas, mentres que os homes empregan pouco máis dunha hora.

Co último estudo do IGE como referencia (2017), o 14,85 % das mulleres pedían redución de xornada no seu traballo para coidar algún menor de entre 0 a 12 anos, mentres que a porcentaxe de homes era do 5,06 %.

Todos estes datos, que coa pandemia aínda empeoraron e puxeron de manifesto a realidade da maioría das mulleres galegas, demostran que non podemos deixar de lado a clara relación entre a carga de traballo doméstico e a actividade laboral das mulleres.

Diante desta situación, que manifesta un escenario pouco alentador sobre a necesaria xestión corresponsable dos coidados, as Administracións públicas deberan focalizar os seus esforzos en asegurar políticas que favorezan que a carga de traballo non remunerado, doméstico ou de coidados, sexa compartida por todos os membros da familia, con obrigas non diferenciadas por xénero. Do



contrario, o dereito a traballar fóra da casa seguirá sendo imposible para un gran número de mulleres.

Conscientes desta situación, na Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19 os tres grupos parlamentarios acordaron instar a Xunta “a reforzar o apoio aos programas de conciliación e corresponsabilidade a fin de rematar coa discriminación, e así facilitar a igualdade no acceso ao emprego e no desenvolvemento da carreira profesional das mulleres galegas”.

Mais a realidade foi que nos orzamentos do exercicio 2022 o Goberno galego reduciu brutalmente o programa destinado a corresponsabilidade e conciliación, sendo unha das partidas que sufriu un dos maiores recortes (máis dun 25 % con respecto a 2021) de todas as contas. Tampouco tivo lugar a actualización do Plan de conciliación e corresponsabilidade, mandatada, por certo, por este mesmo Parlamento.

No século no que debemos centrar todos os nosos esforzos na corresponsabilidade e a xestión compartida dos coidados, primeiro chanzo da ansiada igualdade e paso previo á conciliación real, o Grupo Parlamentario Socialista entende que o Goberno galego debe asumir a responsabilidade que lle corresponde e dar resposta ao mandato do Parlamento galego impulsando unha repartición máis igualitaria entre mulleres e homes da carga dos coidados, coa aprobación de novas medidas que incentiven a corresponsabilidade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar no Parlamento de Galicia, no primeiro trimestre de 2022 a avaliación do Plan galego de conciliación corresponsabilidade 2018-2021. Cos resultados da avaliación dese primeiro plan, presentarse no segundo trimestre un novo para o período 2022-2025 con medidas concretas para este ano acompañadas do seu correspondente orzamento.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 09/02/2022 17:11:52

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 17:12:07

Noelia Otero Lago na data 09/02/2022 17:12:16

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 17:12:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/02/2022 17:13:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feminismo ensinounos que aquilo que non se nomea non existe. No mesmo sentido, aquilo que non se mide tampouco. Así, ao longo da historia algunhas das loitas máis importantes dos colectivos de mulleres e feministas foi a visibilización e a medición da realidade, desde o número de asasinatos machistas ata os indicadores de desigualdade laboral.

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e na importancia do traballo invisible das mulleres para soste a vida e un sistema económico que non podería rodar sen el.

A crise da covid-19 puxo de relevo a importancia da achega da forza de traballo das mulleres á sociedade. Por unha banda, a través das numerosas profesións que sendo esenciais para a crise están ocupadas maioritariamente por mulleres, por exemplo ámbitos como o sanitario, o asistencial ou o sector da alimentación, claves nos peores





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momentos. Por outra banda, puxo de relevo tamén a importancia do traballo doméstico, tanto do regulado, como do que se desenvolve baixo o que coñecemos como “economía mergullada”, aquel que desenvolven moitas mulleres sen remuneración algunha.

Cómpre salientar que o denominado como traballo doméstico ten sido un dos máis invisibilizados ao longo da historia. É este un ámbito moi importante de discriminación, tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é necesario avanzar no fortalecemento do sistema público de atención ás necesidades sociais, no recoñecemento e dignificación e equiparación de dereitos das traballadoras do fogar e tamén no estudo pormenorizado do que supón o traballo invisíbel que se desenvolve nos fogares, de cal é o seu valor económico para que sexa recoñecido na súa xusta medida o seu valor social. Coñecer cal é a realidade da que estamos a falar é o paso mínimo e imprescindible para transformar a realidade.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa contribución non remunerada que lle regala a vixencia do sistema patriarcal. Un dos estudos máis significativos que temos sobre a realidade galega é a estimación que desenvolveu o Instituto Galego de Estatística respecto do valor xerado polas actividades no ámbito doméstico, que representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, desde entón non se desenvolveu en Galiza un novo estudo ao respecto malia que os sucesivos Plans estatísticos sinalan entre os seus obxectivos a inclusión da perspectiva de xénero. Ao abeiro deste marco temporal non se ten fixado como prioridade e tampouco houbo un compromiso explícito na tramitación da nova lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

É necesario que unha cuestión tan importante para a igualdade das mulleres, máis aínda nun contexto de empobrecemento, non demore. Coas consecuencias da covid-19 este asunto adquire unha gran relevancia, pois coñecemos xa a importante afectación ás mulleres, tanto do punto de vista laboral como de sobrecarga das responsabilidades atribuíbeis ao ámbito persoal e familiar. Polo tanto, é de prever un aumento da achega desta forza de traballo das mulleres e debemos avaliar que supón iso para a economía galega e como penaliza as súas condicións de vida de cara a impulsar políticas públicas conducentes a visibilizar e valorizar ese traballo e a reducir as desigualdades existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a comprometerse con avanzar na realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2022 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Conta Satélite da Produción Doméstica ao abeiro dos programas públicos de estatística de Galiza.

2. Realizar as actuacións necesarias para que, en coordinación e aproveitamento dos datos estatísticos ao abeiro do Artigo 17 da lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, se desenvolva un estudo completo, en colaboración coas universidades galegas, do reparto do tempo nos fogares galegos.

3. Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 09:52:56

Daniel Pérez López na data 10/02/2022 09:53:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2022 09:53:09

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2022 09:53:18





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativas ao impacto na economía galega e na vida das mulleres da desigual saída da crise da covid-19 en termos de desigualdade laboral e empobrecemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise socioeconómica da pandemia da covid-19, sumada aos efectos das medidas lesivas aplicadas desde o ano 2008 para a crise financeira, das que as maiorías sociais aínda non se recuperaran, ten unha enorme repercusión na vida das mulleres do noso país, por agrandar as fendas da desigualdade laboral e pola feminización da pobreza.

Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes).

Así mesmo, é necesario recordar que a permanencia da chamada fenda salarial por razóns de xénero, ilegal sobre o papel, é a mellor mostra da boa saúde do sistema patriarcal neste marco económico e laboral así como do fracaso das políticas públicas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arbitradas ao respecto, que non acaban de despegaren do papel. Así as cousas, en Galiza temos hoxe, con datos respecto do ano 2020, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros. O salario medio galego sitúase en 19.900€ e os salarios femininos están aínda un 10,95% por debaixo da media galega malia que a crise financeira tivo un efecto degradador dos salarios masculinos reducindo a fenda (non por avanzar en igualdade das mulleres senón pola precarización do mercado laboral e a súa afectación tamén ao colectivo masculino).

A día de hoxe existe consenso arredor da evidencia de como a crise da covid-19 está impactando economicamente de maneira moi destacada ás mulleres, nomeadamente por mor do seu papel destacado en profesións especialmente precarizadas e/ou afectadas pola crise. Existen, polo tanto, indicios para ter activadas todas as alertas.

En informes como *A Economía Galega 2019/2020* elaborado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela recóllense evidencias e hipóteses respecto do impacto da covid-19 no mercado de traballo galego. Neste sentido, un dos aspectos que aborda o traballo é avaliar que podemos agardar respecto da recuperación dos salarios advertindo de que as crises económicas nunca teñen efectos equivalentes entre grupos, sinalaban a posibilidade de incidencia significativa sobre aspectos como a desigualdade, a pobreza e a brecha de xénero. Para estimar este impacto, desenvolven unha aproximación tendo en conta a evolución salarial na crise anterior e canto tempo levou recuperar os niveis salariais do 2008.

Esta prospección permítenos ver os resultados do período anterior e ter en conta, aínda tendo en consideración as diferenzas, aspectos interesantes para o período no que nos atopamos e, sobre todo, para o futuro respecto do que teremos que actuar. Neste sentido, o estudo sinala cuestións interesantes, singulamente, que “*a crise iniciada en*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2008 supuxo unha perda de postos de traballo que no inicio de 2020 aínda non se recuperara, pero tamén tivo un forte impacto sobre os salarios dos traballadores. En aparencia, a perda salarial recupérase totalmente entre 2017 (mulleres) e 2018 (homes), despois de acumular unha perda arredor do 10% no ano 2013. Porén, cando temos en conta as características das novas traballadoras e traballadores que se van incorporando aos novos postos de traballo, así como as melloras das características dos que conseguiron manterse no mercado de traballo neste período (promocións, máis antigüidade ou experiencia), observamos que a perda no salario día efectivo é aínda dun 5% en 2018; e, polo tanto, a posible redución da brecha de xénero indicada pola evolución dos salarios observados en termos efectivos quedou anulada.”

Segundo os datos do IGE, a taxa de risco de pobreza da muller ten aumentado nos últimos anos, empeorando significativamente en 2020, cun aumento do 1,25%. Esta situación, ademais, afecta de forma especialmente incisiva tanto ás máis maiores, que superan os 65 anos, como ás máis novas, abondando na precarización da mocidade.

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprese cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

É evidente a situación de enorme agravamento das desigualdades sociais e o seu impacto de xénero. Polo tanto, é necesario que os gobernos e as políticas públicas atendan esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a incrementar os esforzos e as actuacións para combater a desigualdade económica e laboral das mulleres a través das seguintes medidas:

1. Impulsar a creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

2. Demandar do goberno central a transferencia das competencias plenas en inspección laboral e do financiamento suficiente para levar a cabo o aumento dos recursos persoais e materiais destinados á inspección laboral e comprometerse a realizar un programa específico de inspección laboral para perseguir a discriminación por razón de xénero

3. Programar no prazo máximo de 6 meses a realización dunha auditoría do cumprimento da lexislación en materia de igualdade na administración pública e nas contratacións públicas que dela dependen (como pode ser, por exemplo, a rede de atención a dependencia, servizos de limpeza, etc).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Cumprir o compromiso desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 10:21:30

Daniel Pérez López na data 10/02/2022 10:21:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2022 10:21:56

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2022 10:22:58



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Arredor de un de cada tres adolescentes estivo involucrado en casos de acoso escolar e un de cada dez en casos de ciberacoso; un de cada catro xa se emborrachou e fumou a idade temperá e un de cada cinco consumiu cánnabis.

Ademais as mozas e mozos **involucrados en casos de acoso escolar ou ciberacoso teñen taxas de consumos de risco ata tres veces superiores** segundo os datos dun estudo "Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias" publicado na revista Children and Youth Services Review que analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a **alumnos de IES concertados de Galicia**, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha das principais conclusións é que o acoso escolar, o ciberacoso, o consumo de drogas e alcohol e outras condutas problemáticas estarían interrelacionadas. Neste traballo desenvolvido polos investigadores Rafael Pichel, Sandra Feijóo, Manuel, Isorna, Jesús Varela e Antonio Rial, destacan que os esforzos de prevención e intervención deben realizarse desde unha idade máis temperá, antes de secundaria, xa que **os nenos de 12 anos xa están inmersos no acoso escolar e nos consumos de risco**.

Os datos deste estudo reflicten que un de cada tres adolescentes (34,4%) estivo involucrado en acoso escolar, no caso de ciberacoso o 14,1% das e dos adolescentes.

A conclusión dos expertos involucrados no traballo é que o bullying é un problema en aumento e as altas taxas de victimización atopadas no grupo de idade de 12-13 anos apoian a idea de que o acoso se está estendendo a idades máis novas



O pasado mes de setembro, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade presentou no Consello Galego de Convivencia os principais resultados da macroenquisa de convivencia escolar na que os datos en cambio confirmarían a mellora dos resultados de 2015. Diminúe a percepción de condutas negativas respecto do cuestionario realizado en 2019 e menos de 10 de cada 100 alumnos consideran que se produce acoso. Participaron preto de 218.600 membros da comunidade escolar, que mostraron un grao de satisfacción co centro de entre o 76 e o 90 %. Esta mellora, está baseada na **percepción** da comunidade educativa. Neste marco, xa hai meses que se anunciaba por parte do conselleiro a nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025. Chegados a febreiro de 2022 e tratándose dun asunto tan sensible compre coñecer en que punto está e acelerar a súa posta en marcha.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a posta en marcha da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025.

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 10/02/2022 11:23:19

Noa Susana Díaz Varela na data 10/02/2022 11:23:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/02/2022 11:23:33



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A política sanitaria da Xunta de Galicia durante todos estes anos está a provocar en todo o territorio galego unha gravísima situación de colapso.

O Servizo de Atención Primaria, que xa era dramática antes do COVID-19 por mor dos recortes efectuados polos gobernos do PP, ou a falla de profesionais, entre outros factores, deteriorouse aínda máis pola crise sanitaria.

Isto provoca situacións que menoscaban o dereito a unha sanidade pública que proclama a nosa Constitución.

O Concello de Pontevedra non é alleo a esta situación e o último episodio denunciado aconteceu o pasado domingo 6 de febreiro no PAC de A Parda.

Un PAC que presta servizo ao concello de Pontevedra e 8 municipios máis da contorna, e que durante todo o día so contou con un médico, 14 horas de traballo sen axuda doutro facultativo.

Situación da que fora advertida previamente a Xerencia desta área sanitaria, sen que tomara ningunha medida.

Isto ocasionou unhas colas de decenas de persoas á espera de ser atendidas pero a situación complicouse aínda máis cando este médico tivo que saír a varios domicilios.

Durante as 3 horas que prestou asistencia domiciliaria, este PAC que cubre as necesidades sanitarias de 125.000 persoas estivo sen facultativo.

O resultado despois de 14 horas de traballo sen descanso foron 106 asistencia e un facultativo extenuado física e psicolóxicamente pola tensión sufrida.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos moito tempo denunciando por unha banda este trato aos profesionais da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia e por outra a ausencia dunha Atención Primaria potente, de calidade e universal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a cobertura das prazas dos profesionais sanitarios no Centro de Saúde de A Parda.

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/02/2022 11:45:12

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2022 11:45:20

Marina Ortega Otero na data 10/02/2022 11:45:27

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2022 11:50:01
Nº Rexistro: 30311
Data envío: 10/02/2022 11:50:01.910

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/02/2022 11:45:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación dos servizos de vixilancia e seguridade nos centros de menores Santo Anxo de Rábade e no Avelino Montero en Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do servizo de vixilancia dos centros de menores Santo Anxo de Rábade e Avelino Montero de Pontevedra denunciaron desde finais do pasado ano que a empresa concesionaria, Mersant, non lles estaba a pagar os salarios.

A situación desde entón non fixo máis que agravarse e suma xa tres meses de impagos, incluída a paga extraordinaria correspondente a decembro dalgúns dos traballadores. Perante as denuncias e a negativa dos traballadores a cubrir as baixas dos seus compañeiros até non lles aboaren os salarios adebedados.

Porén, malia que a Xunta de Galiza é a responsábel do servizo, a través da Consellaría de Política Social, en vez de resolver o problema, decidiu contratar outra empresa para cubrir o servizo.

A empresa Mersant é unha vella coñecida da administración pública polos incumprimentos e vulneracións en materia de dereitos laborais e salariais non só nos centros de menores senón tamén noutras áreas, como Sanidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por esta razón, para o Grupo Parlamentario do BNG é inadmisíbel que o Goberno galego non actúe para resolver o problema e impedir que empresas destas características poidan seguir concorrendo a procesos de licitación públicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Adoptar as medidas necesarias para rescindir o contratos coa empresa de vixilancia encargada da seguridade dos centros de menores Santo Anxo de Rábade e Avelino Montero por incumprimento da concesión do servizo e vulneración dos dereitos salariais do persoal.

2. Adoptar as medidas que sexan necesarias para introducir cláusulas sociais nos pregos de licitación deste e doutros servizos públicos co obxectivo de que empresas que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras e traballadores non poidan concorrer nin ser beneficiarias de procesos de licitación pública.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 11:54:47

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2022 11:54:50

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2022 11:54:59

Xosé Luis Bará Torres na data 10/02/2022 11:55:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, e das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a declaración do día 10 de marzo como Día da clase obreira galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos primeiros días de marzo de 1972 asinouse en Madrid e baixo os auspicios de Rodolfo Martín-Villa, un convenio colectivo para Bazán Ferrol-Cádiz-Cartagena. Fíxose sen a presenza dos representantes de Ferrol, que tiñan decidido en asembleas reclamar a negociación dun convenio colectivo para Bazán Ferrol rachando co marco estatal.

Despois da sinatura do convenio en Madrid, realizáronse novamente numerosas asembleas en Bazán e os principais dirixentes sindicais foron despedidos, prohibíndoselles a entrada nas instalacións; e ante a protesta de todo o persoal do estaleiro por este feito, a dirección decidiu pechar as portas e impedir o acceso a todos os traballadores e traballadoras.

O día 10 de marzo, sobre as sete e media da mañá, e ante a imposibilidade de incorporárense ao traballo, o persoal dirixiuse en número de 4.000 a Caranza, coa intención de xuntarse cos traballadores da construción que alí estaban precisamente levantando ese barrio, e despois encamiñarse ás Pías para xuntarse cos traballadores de Astano que estaban preparándose para saír ao seu encontro na ponte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Foron interceptados no comezo da avenida das Pías por dúas seccións da policía armada que realizaron varias cargas e dispararon contra os obreiros, co resultado de 2 mortos, Amador Rey Rodríguez, e Daniel Niebla García; ademais de 28 feridos, 6 deles de bala.

Ferrol foi posto en estado de excepción durante 20 días e o Crucero Canarias foi destinado na ría para protexer os estaleiros, e, se fose preciso, voar a ponte. Máis de 250 persoas foron despedidas na comarca, 169 detidas, 43 pasaron a ser xulgadas.

Inmediatamente en Vigo comezan a convocarse paros solidarios, primeiro nos estaleiros e despois na Citroën. Durante os meses seguintes, e coincidindo tamén coa negociación do convenio de Barreras e con reivindicacións de melloras laborais en Vulcano e Citroën, chegaron a parar máis 15.000 traballadores e traballadoras do metal na comarca de Vigo.

Tres anos despois, en xuño de 1975, nas datas en que ían ser xulgados polos feitos do 72 os que foron coñecidos como os 23 de Ferrol, houbo paros en Astano, en Mugar dos (na empresa INADÉN), en Ferrol, en Vigo, e nas Pontes, onde a prensa da época recolle que pararon uns 4.000 traballadores. En todos os casos os paros e as asembleas remataban co envío de telegramas a diferentes autoridades gobernativas manifestando a solidariedade coas persoas xulgadas e solicitando a súa absolución.

Dun xeito máis ou menos consciente ou máis ou menos intuitivo, o feito é que o valor, a determinación, a solidariedade e a dignidade amosada por todas aquelas persoas resultan case incríbeis e emocionantes.

Hoxe ninguén pon en dúbida que aqueles acontecementos axudaron dun xeito moi importante a agravar a crise da ditadura franquista, outorgándolles unha transcendencia política e social moito máis aló do estritamente laboral, ao mesmo que tempo que deixaban unha pegada imborrábel en toda unha xeración de traballadores e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadoras, nas súa familias, e na sociedade galega en xeral sen a que non se entendería a forza ou a composición do movemento sindical na Galiza.

Na conmemoración do 25 aniversario de aquel de 10 de marzo do 1972, Alfonso Tellado Sande, na altura dos feitos traballador de Bazán e posteriormente dirixente sindical da CIG, diría nunha entrevista que aquel día o movemento obreiro da Galiza converteuse en movemento obreiro galego.

50 anos despois o movemento sindical da Galiza segue a conmemorar ano tras ano aqueles feitos e o que significaron, institucionalizando dun xeito popular e ben asentado aínda que oficioso, a data do 10 de marzo como día da Clase obreira galega.

É por isto que o Grupo Parlamentar do BNG propón a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a declarar oficialmente o día 10 de marzo como Día da clase obreira galega a partir do presente ano 2022, así como a potenciar o marco galego de relacións laborais.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2022 12:57:35

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2022 12:57:48

Daniel Pérez López na data 10/02/2022 12:57:59

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2022 12:58:13

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 12:58:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as condicións laborais e salariais das mulleres traballadoras no ámbito dos coidados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza arredor do 80% das persoas coidadoras profesionais e non profesionais de persoas maiores, dependentes e con discapacidade, son mulleres. Ademais, a maior parte das persoas receptoras de coidados en situación de dependencia son tamén mulleres debido ao alongamento da esperanza de vida. Cómpre lembrar que a esperanza de vida entre as mulleres se sitúa seis anos por riba da dos homes.

Nun país coma o noso, no que a poboación maior de 65 anos representa unha porcentaxe cada vez maior, o ámbito dos coidados é un elemento central que debe preocupar e ocupar ao Goberno e, de maneira especial, as condicións de traballo na que se atopan as persoas que coidan.

Neste senso, en que condicións traballa quen coida?

Desde hai anos, antes mesmo da pandemia, as traballadoras dos principais servizos sociosanitarios (o SAF, as residencias de maiores (especialmente privadas) e as traballadoras das residencias e centros de día públicos) veñen denunciando a precariedade das súas condicións laborais e esixindo a súa mellora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De maneira sintética:

a) As traballadoras do SAF denuncian a vulneración reiterada por parte das empresas que xestionan este servizo do seu convenio colectivo, sen renovar desde 2011.

b) As traballadoras das residencias privadas denuncian o incumprimento dos seus dereitos laborais, a falta de persoal mesmo o incumprimento das rateos esixidas legalmente e a negativa da patronal a mellorar as súas condicións laborais e salariais na renovación dun convenio colectivo caducado desde 2019.

c) Pola súa banda, as traballadoras públicas das residencias e centros de día, veñen reclamando a restitución dos seus dereitos laborais após a suspensión do artigo 19 do V Convenio desde 2012. Unha medida que se anunciou hai unha década como temporal mais que se mantén actualmente en vigor.

Coidar a quen coida debe ser un principio fundamental sempre porén, máis aínda despois do vivido durante a pandemia da Covid-19.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Implicarse de maneira activa e decidida na negociación dos convenios colectivos do Servizo de Axuda no Fogar e das residencias privadas para garantir a mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras destes servizos esenciais. Neste senso, o Goberno galego convocará a todas as partes a senllas mesas de diálogo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Dar cumprimento de maneira urxente e inmediata ao acordo unánime do Parlamento de Galiza do 13 de marzo de 2019 para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública galega.

3. Adoptar as medidas necesarias para restituír os dereitos laborais do persoal público, especialmente das traballadoras dos servizos sociosanitarios públicos, procedendo á derogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público co obxectivo de restituír, nomeadamente, a vixencia do artigo 19 do V Convenio.

4. Cumprir de maneira inmediata coas obrigas da administración pública en materia de igualdade a través da aprobación, no prazo máximo de tres meses, do I Plan de igualdade Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 12:57:10

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2022 12:57:14

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2022 12:57:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade dunha nova Lei de Montes Veciñais en Man Común adaptada á realidade e consensuada coa cidadanía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na coñecida como “Lei de acompañamento aos orzamentos” para 2022 a Xunta de Galiza introduciu, máis unha vez pola porta de atrás e suprimindo os trámites e garantías que corresponderían á correcta tramitación de novas leis, importantes modificacións a distintas normas entre as que se atopaba a Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común.

Todas as alarmas saltaron na colectividade comuneira de Galiza ao ver que os cambios que a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introducía na mencionada Lei 13/1989 ían en dous sentidos:

- Dunha banda o de traspasar, alí onde non exista veciñanza, os montes veciñais a titularidades públicas eliminando así dun golpe o seu carácter veciñal.

- Doutra banda na posibilidade de que por razóns puramente burocráticas un monte veciñal en man común poida ser declarado en estado de grave abandono ou degradado para que, unha vez feita a declaración, o monte veciñal en tal estado poida ser entregado a xestión dunha empresa forestal ou madeireira por un período de 50 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, a través dunha lei, a de Medidas Fiscais e Administrativas, que en absoluto está pensada para tal fin, introdúcense até 6 modificacións de calado nunha norma, a de Montes Veciñais, que precisa ser posta ao día con garantías e o debate social e político necesarios para actualizar unha lei que regula algo tan importante e propio de Galiza como son os montes veciñais en man común e a súa forma específica de propiedade de orixe xermánica.

Non acaba de entenderse esta urxencia por introducir cambios de calado na lei de Montes Veciñais a través da Lei de Acompañamento cando a propia Consellaría do Medio Rural ten anunciado, incluso na primeira reunión anual do Consello Forestal de Galiza, a próxima modificación e actualización integral da lei de Montes Veciñais en Man Común hoxe en vigor neste mesmo ano 2022 se non é por adiantar a posibilidade de furtar terras ás Comunidades de Montes de cara á promoción da Lei de Recuperación de Terra Agraria e tamén o de facilitarlle terras de balde a empresas de diversa índole (eólicas, forestais, mineiras, centros comerciais...).

Vista a situación, a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común (ORGAMMVV) tense mostrado tremendamente crítica coas reformas legislativas introducidas e no pasado 14 de Xaneiro rexistraron no Parlamento de Galiza unha proposta de Iniciativa Lexislativa Popular para a elaboración da nova Lei na que establecen as liñas mestras que entenden básicas para que a norma poida satisfacer as necesidades do sector.

Pretenden con esta proposta de lei contrarrestar os cambios normativos impulsados polo Partido Popular para permitir privatizar os montes veciñais en man común, para entregarllos ás empresas forestais e madeireiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O texto da proposta de lei de montes veciñais rexistrado pola ORGACMM foi elaborada en asembleas de comunidades de montes celebradas en todas as zonas de Galiza. Xurde pois das propias comunidades de montes e reflicte o seu sentir.

Os principios fundamentais que motivan a presentación desta ILP son o reforzamento do carácter xermánico (comunal) dos montes veciñais, a mellora do funcionamento asembleario e democrático das comunidades de montes, o recoñecemento da titularidade veciñal como unha máis e distinta das titularidades públicas e privadas, acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel, e unha fiscalidade axeitada á figura e ás funcións dos montes veciñais.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Iniciar a correcta tramitación dunha nova Lei de Montes Veciñais en Man Común partindo do debate sectorial e pasando pola tramitación correspondente no Parlamento de Galiza.

2. Incorporar como liñas mestras desa nova Lei de Montes Veciñais as demandas do sector priorizando o reforzamento do carácter xermánico (comunal) dos montes veciñais, a mellora do funcionamento asembleario e democrático das comunidades de montes, o recoñecemento da titularidade veciñal como unha máis e distinta das titularidades públicas e privadas, acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel, e unha fiscalidade axeitada á figura e ás funcións dos montes veciñais.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2022 13:15:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2022 13:15:13

María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2022 13:15:22

María González Albert na data 10/02/2022 13:15:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as inspeccións realizadas nos centros para persoas con discapacidade e as irregularidades detectadas polos servizos de inspección da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mércores 9 de febreiro de 2022 a Xunta de Galiza publicou no DOG o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2022 e a rendición da avaliación do ano 2021.

En materia de discapacidade dase conta da realización, durante o ano 2021, de 100 inspeccións en centros –máis dos previstos inicialmente.

Porén, descoñecemos en detalle cales son estes centros e tamén o resultado desas inspeccións, é dicir, as irregularidades detectadas, se as houber, e procedementos sancionadores iniciados, de ser o caso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara no prazo máximo dunha semana copia das actas de inspección e dos expedientes sancionadores iniciados nos centros de discapacidade de Galiza durante 2021.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 13:16:57

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2022 13:17:11

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2022 13:17:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a precarización e fragmentación do dispositivo contra incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural tense lanzado desde o comezo desta lexislatura a unha campaña publicitaria continua na que a modernización e actualización da vixente Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (ou o que queda dela tras das sucesivas modificacións nas Leis de Acompañamento aos Orzamentos) ten sido un dos focos principais

Despois de meses de anuncios no Consello Forestal de Galiza celebrado o pasado 18 de xaneiro a Xunta de Galiza avanzou un documento de “Directrices para a elaboración do Anteproxecto de Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza” que publicitou, tamén, a través dunha nota de prensa.

Na comunicación aos medios avanzábase que o documento se baseaba “nun amplo consenso tanto co servizo de prevención como coas universidades” e que entre os obxectivos do novo texto estará, entre outras cousas, o de profesionalizar as brigadas, mellorar a distribución competencial na loita contra o lume distinguindo entre a planificación preventiva e a execución de tarefas de prevención en senso estrito e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contemplando tamén a extinción, a restauración e a recuperación dos terreos afectados polos lumes.

Non tardaron as forzas sindicais en poñer en cuestión os grandes titulares cos que a Xunta de Galiza se dirixiu aos medios negando a maior e sinalando que o documento non foi negociado cos sindicatos. Así, desde a Central Intersindical Galega estiman que o que fan estas directrices é afondar na división do servizo de incendios e precarizar o traballo, abocando ao persoal a vivir por debaixo do límite da pobreza. O documento non se negociou coas organizacións sindicais.

Destacan desde a CIG que para a realización da proposta de lei foi contratada a Universidade de Vigo e que a sondaxe que esta realizou fíxose en grupos de traballo no que as organizacións sindicais tiñan o mesmo peso que calquera asociación ou colexio profesional, asociacións da industria, empresariais... Esta estratexia anulaba de facto a obriga legal de negociación colectiva a través das mesas de negociación da Administración Pública afectando de xeito claro ás condicións laborais do persoal entre outras cousas.

En resumo, coa carauta de proceso participativo estase levando a cabo un procedemento opaco mediante o que Medio Rural saltou a negociación coas organizacións sindicais como lexítimas representantes dos traballadores e traballadoras. Sirva como exemplo que para avalar o novo Plan de Dotación de Medios, di que realizou unha enquisa a 2.500 persoas das que se descoñece cales foron as cuestións enquisadas e a que persoal se reparti.

O mandato parlamentario derivado do Ditame elaborado tras a vaga de lumes que arrasou Galiza en 2017 xa determinou esa necesidade de profesionalización do servizo e está en vigor sen necesidade da elaboración da nova lei. De feito preocupa o feito de que as directrices presentadas non avanza, máis aló dos titulares, nesa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesionalización, máis ben ao contrario. Todo parece indicar que o que se pretende é un desmantelamento do Servizo de Incendios Forestais da Xunta derivando boa parte cara os concellos e creando un “ente instrumental específico” (chiringuito) de coordinación.

Falan de profesionalización do sector, mentres que propoñen dividir o servizo de incendios reforzando e recuperando o modelo de brigadas municipais creado nos 90, pero con seis meses (mínimos) de traballo. Esta proposta choca frontalmente coa profesionalización, cun servizo público único no que o seu persoal traballe todo o ano facendo prevención e labores de extinción, ben formado e equipado. É radicalmente imposible a profesionalización cun traballo de seis meses que deixa ao persoal tan precarizado que os obriga a vivir por debaixo do límite da pobreza xa que nin se achegarían ao salario mínimo en cómputo anual.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Avanzar na efectiva profesionalización do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais substituindo os contratos de fixos-descontinuos por brigadas anuais.

2. Dimensionar o SPDIF dun xeito axeitado ás necesidades do territorio con persoal dependente da Consellaría do Medio Rural profesionalizado e cun mando único.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Iniciar o preceptivo proceso de negociación coas forzas sindicais convocando a mesa de negociación colectiva como xeito de garantir os dereitos laborais das traballadoras e traballadores.

4. Marcar as pautas precisas para que o persoal do SPDIF poida traballar como un servizo apto para atender todo tipo de emerxencias rurais.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2022 16:55:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2022 16:55:22

María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2022 16:55:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 10/02/2022 16:55:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A sentenza da sección terceira do TSXG de 21 de xaneiro de 2022 anula o acordo da Xunta de 7 de novembro de 2019, polo que se autorizaba o repotenciamento dun parque eólico en Corme, que fora declarado “de interese especial” pola Xunta o 2 de febreiro de 2018, ao abeiro da Lei de fomento de iniciativas empresariais de 2017. A sentenza determina que a redución á metade do prazo para a consulta pública do impacto ambiental é contraria a dereito.

En concreto, di a sentenza que a redución á metade dos prazos que contempla a DA primeira da Lei de aproveitamento eólico de Galicia de 2009 non pode aplicarse ao trámite de información pública a efectos ambientais, que non pode ser inferior a 30 días por aplicación da normativa estatal e europea. Así, literalmente, no seu fundamento xurídico décimo quinto, establece que *“a primacía do dereito comunitario sobre o autonómico non deixa lugar a dúbidas, do que se conclúe que non foi acorde a dereito a redución do prazo de información pública á metade no procedemento de avaliación do impacto ambiental establecido no apartado 4 da disposición adicional primeira da LAEGCEFCA, xa que en ningún caso podía ser inferior a 30 días, que logo o artigo 36.1 da LEA (tarde), precisou que serían hábiles”*.

Pola súa banda, a sentenza do mesmo órgano xudicial de 9 de novembro de 2020 anula a aprobación definitiva (que amparaba unha modificación do proxecto inicial) por parte do Consello da Xunta doutro parque eólico, o de Sasdónigas, en Mondoñedo, considerando que *“en Sasdónigas estamos ante unha fragmentación en dúas fases realizada pola promotora, sendo evidente que o emprazamento xeográfico é o mesmo e se comparten elementos clave de funcionamento”* e que *“atopámonos ante a división artificial dun único Parque Eólico en dos fases; a fase II carece dos elementos e equipamentos necesarios para ser considerada unha instalación independente da fase I, entendendo o T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que a figura do Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde unha perspectiva unitaria”* e que *“realizando unha avaliación ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evítase unha verdadeira avaliación global de todo o proxecto”*.



Tamén di esa sentenza que *“Para que as modificacións dun parque eólico teñan o carácter de non esencial, haberán de dispor de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación; e, no presente caso, se ben existe, o documento non contén todos os informes sectoriais necesarios para valorar correctamente a incidencia ambiental da modificación proposta pola promotora”*.

Engade a sentenza que non se valoraron correctamente “elementos especialmente protexidos, como o Camiño de Santiago”, nin o seu “impacto visual e acústico”, nin o feito de que afecte “a importantes recursos hídricos”, entre eles dúas lagoas.

Por medio de sentenza de 11 de decembro de 2020 do mesmo órgano xudicial, o TSXG tamén anulou outra autorización da Xunta para un parque eólico na Serra do Oribio, entre Samos e Triacastela, porque o Goberno galego autorizou en 2019 o parque, en Rede Natura, como se fose unha modificación doutro previo que obtivera permiso ambiental en 2005, nos últimos días do executivo de Manuel Fraga, considerando que o goberno de Emilio Pérez Touriño prohibiu os novos parques en Rede Natura, pero co argumento de que o do Oribio non era novo senón unha modificación do que xa obtivera o permiso ambiental en 2005, argumento que desbotou o TSXG, entendendo que non se podía considerar vixente nin “eterna” a declaración ambiental anterior, que segundo a lexislación daquela aplicable tería que caducar aos cinco anos, que ademais na actualidade resultaría “obsoleta” polos “múltiples cambios lexislativos” que houbo dende aquela, e que o autorizado en 2019 era un novo parque, non unha modificación doutro anterior que nin se comezara a executar. Así, o tribunal entende que o parque eólico de Oribio non se pode considerar “existente” para a súa excepcional autorización, xa que “non se comezara a executar o proxecto de 2007-2009, non estando en explotación, nin instalados aeroxeneradores”, polo que conclúe que non se pode “modificar o que non existe”.

As sentenzas anteriores son exemplos da conflitividade xurídica que está a xerar o proceso de desenvolvemento eólico en Galicia, en paralelo coa social que se concreta en múltiples manifestacións, movementos veciñais e protestas en moitos concellos. A situación chegou a tal punto que, a mediados de decembro de 2021, o informe Enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia elaborado polo Consello da Cultura Galega concluíu a necesidade dunha moratoria na autorización de parques para poder así, de maneira "prioritaria", "revisar o Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG) e sometelo a avaliación ambiental estratéxica". O CCG di no seu informe que "A salvagarda dos valores do territorio ante o desenvolvemento eólico actual require unha actuación proactiva da Administración na identificación, inventario e protección deses valores", instando tamén a Xunta a



"salvagardar lugares que teñen valor pola súa riqueza natural, cultural, paisaxística, etnográfica ou histórica" e resaltando que "Coa implantación masiva dos parques eólicos estase a superar a capacidade de carga do sistema natural".

Froito desa presión, na Lei de acompañamento dos orzamentos deste ano, recentemente aprobada, a Xunta deu un aparente bandazo introducindo unha moratoria para non tramitar novos parques eólicos ata as municipais de 2023 ante a súa incapacidade para analizar todas as solicitudes que recibe, pero o Goberno galego reservouse a posibilidade (discrecional) de seguir adiante cos proxectos que considere relevantes e apenas dúas semanas despois da súa entrada en vigor o propio Feijóo, anunciou unha nova reforma legal para dar "prioridade na tramitación" ás "empresas que constrúan parques eólicos na comunidade e destinen o 50 % da enerxía que produzan á industria a través de contratos de prezo fixo", cousa que se pretende facer por medio dun artigo na futura lei de áreas empresariais, unha norma cuxo borrador exposto ao público hai unhas semanas non falaba en absoluto de parques eólicos.

Desta forma, a Xunta segue a introducir cambios no ámbito eólico a través de todo tipo de leis pero sen reformular nin a norma que actualmente é o marco do sector en Galicia, a de 2009 corrixida xa nove veces, nin o Plan eólico de 1997, que nunca foi sometido a avaliación ambiental estratéxica como debería telo sido conforme a lexislación actual (estatal e comunitaria), o cal implica que a propia planificación eólica de Galicia que ampara o desenvolvemento eólico na nosa comunidade carece dun trámite esencial dunha planificación das súas características, algo que hoxe determinaría a súa nulidade radical.

Por tanto, as actuacións do Goberno de Galicia en materia eólica, ademais de basearse nun plan non avaliado ambientalmente, están sendo constantemente corrixidas polos tribunais, o cal implica problemas para os afectados e as empresas promotoras, ao mesmo tempo que a lexislación eólica galega é un galimatías de normas que mudan constantemente e non están axeitadamente coordinadas entre si nin actualizadas, mentres as decisións políticas da Xunta nun ámbito tan importante desde o punto de vista económico e enerxético e con tanto impacto social e ambiental como o eólico son erráticas e carecen de rumbo, xerando todo iso inseguridade xurídica e conflictividade social nun ámbito que debería ter unha normativa clara tendente a permitir un desenvolvemento eólico ordenado e estable que respecte o medio e contribúa economicamente nas zonas onde se instalan os parques eólicos.



En conclusión, a enerxía eólica é un vector imprescindible da transición enerxética xusta e o seu desenvolvemento é de enorme importancia para o noso país e para o mundo, pero a carencia dun marco normativo claro e estable, xunto á incapacidade da Administración galega para atender desde o punto de vista cuantitativo e tamén cualitativo ás súas competencias nesta materia e unha política lexislativa errática e desacertada están xerando, ademais de conflitividade e alarma social, incerteza xurídica e económica, que é criticada desde ámbitos moi diversos que inclúen non só os afectados senón á propia AEGA, representante dos promotores eólicos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a que, no ámbito das súas competencias, evite e reduza a inseguridade xurídica existente en torno á instalación de novos parques eólicos en Galicia, dotando ao sector dun marco xurídico claro, estable e respectuoso coa normativa estatal e europea, asegure ademais que os seus criterios administrativos respectan a legalidade e mellore os medios e a coordinación nesta materia dentro da Administración autonómica.

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2022 17:08:22

Paloma Castro Rey na data 10/02/2022 17:08:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/02/2022 17:08:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Hai poucos días Amigas das Árbores denunciou o último episodio dunha continuada serie de talas masivas de árbores e fragas autóctonas na Ribeira Sacra. Esta nova tala inclúe árbores centenarias, en pleno corazón da Ribeira Sacra, concretamente "na estrada que comunica Loureiro co embarcadoiro e o encoro de Santo Estevo de Ribas do Sil, encoro de San Pedro e Os Peares no concello de Nogueira de Ramuín".

En marzo de 2021 foi denunciada ante a opinión pública polo mesmo colectivo a tala indiscriminada dunha fraga de 2.5 hectáreas formada por especies autóctonas no concello de Parada de Sil, tamén en pleno corazón da Ribeira Sacra, eliminando todo o sotobosque e o bosque de ribeira a carón do regato da Senra. A forma de efectuar a tala constitúe nese caso como noutros unha práctica silvícola altamente agresiva que elimina todas as árbores dunha zona producindo a desaparición de flora e fauna, a colmatación dos cursos fluviais, perda de chan fértil e erosión, ademais do impacto paisaxístico.

En abril de 2019 produciuse outra tala dunha carballeira con exemplares de ata 200 anos no concello de Nogueira de Ramuín, en plena Ribeira Sacra e a carón do Parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, que foi denunciada por Amigos da Terra e a Sociedade Galega de Historia Natural.

En marzo de 2015 Amigos da Terra denunciou a tala indiscriminada da que consideraba a mellor colección de árbores da Ribeira Sacra, centos de árbores de distintas especies maioritariamente autóctonas e algúns delas centenarias no lugar de A Rasa-Loureiro, no concello de Nogueira de Ramuín.

A tala de árbores autóctonas (e máis aínda de fragas enteiras) ten un impacto evidente tanto desde o punto de vista medioambiental como paisaxístico. Esta sucesión de agresións ao medio e á paisaxe prodúcese nun espazo que ten un elevadísimo valor ecolóxico, cultural e etnográfico e que en teoría debería gozar do máximo grado de protección, na medida en que os Canóns do Sil forman parte da Rede Natura 2000 como LIC e ZEC, a pesar do cal nos últimos anos a Ribeira



Sacra vén sufrindo reiteradas agresións que afectan aos seus valores etnográfico-culturais, paisaxe e ecosistemas, ao mesmo tempo que se trata de promocionar a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, levando a que a candidatura para obter esa declaración tivese que ser retirada a mediados de 2021 ante un informe do ICOMOS, o Consello Internacional de Monumentos e Sitios, organismo asesor da UNESCO, que advertía carencias técnicas na proposta da candidatura, entre outras cousas pola existencia de agresións ambientais entre as que se contan canteiras a ceo aberto, explotacións eólicas e repoboacións con especies forestais alóctonas.

En nadal de 2018, o propio presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a declaración como BIC de toda a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, o que incluía as súas especies arbóreas centenarias, pero, a pesar diso, a corta de árbores senlleiras segue a producirse con total impunidade e ante a pasividade da Administración principal responsable de velar polo medio ambiente, pola protección da paisaxe, do territorio e do patrimonio material e inmaterial, que é a Xunta de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Adoptar todas as medidas necesarias para protexer o medio ambiente e a paisaxe da Ribeira Sacra, contribuíndo dese xeito a que prospere a candidatura dese espazo para ser declarado como patrimonio da humanidade.

2º) En liña co anterior, adoptar as medidas necesarias para evitar a tala de árbores senlleiras e fragas autóctonas na Ribeira Sacra, incluíndo, no seu caso, a compensación económica aos propietarios de terreos privados por calquera limitación dos seus dereitos, así como o fomento da plantación de especies arbóreas autóctonas na Ribeira Sacra”.

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2022 11:53:59





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2022 17:35:17
Nº Rexistro: 30387
Data envío: 10/02/2022 17:35:17.601

Paloma Castro Rey na data 10/02/2022 11:54:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/02/2022 11:54:24

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza** para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2022.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2022 12:01:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/02/2022 12:01:42

Mercedes Queixas Zas na data 14/02/2022 12:01:50

Daniel Castro García na data 14/02/2022 12:02:01

Paulo Ríos Santomé na data 14/02/2022 12:02:11

María do Carme González Iglesias na data 14/02/2022 12:02:19

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 12:02:28

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2022 12:02:36

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 12:02:46

María González Albert na data 14/02/2022 12:03:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/02/2022 12:03:26

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2022 12:03:35

María del Carmen Aira Díaz na data 14/02/2022 12:03:47

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2022 12:03:57

Iria Carreira Pazos na data 14/02/2022 12:04:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 14/02/2022 12:04:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/02/2022 12:04:29

Rosana Pérez Fernández na data 14/02/2022 12:04:39

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/02/2022 12:04:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza**, para dar explicacións polos incumprimentos en contratos no servizo de transporte público de Galiza, así como informar dos traballos de inspección e control dos mesmos.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 14/02/2022 18:12:39

María do Carme González Iglesias na data 14/02/2022 18:12:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/02/2022 18:12:54

Alexandra Fernández Gómez na data 14/02/2022 18:13:01

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2022 18:13:07

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2022 18:13:14

María González Albert na data 14/02/2022 18:13:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/02/2022 18:13:29

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2022 18:13:48

María del Carmen Aira Díaz na data 14/02/2022 18:13:55

Daniel Castro García na data 14/02/2022 18:14:04

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2022 18:14:14

Iria Carreira Pazos na data 14/02/2022 18:14:21

Daniel Pérez López na data 14/02/2022 18:14:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/02/2022 18:14:37

Rosana Pérez Fernández na data 14/02/2022 18:14:45

Mercedes Queixas Zas na data 14/02/2022 18:14:54

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/02/2022 18:15:02

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2022 18:15:11



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, para informar **“do desenvolvemento do Plan de Transportes de Galicia.”**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 10:01:17
Nº Rexistro: 30544
Data envío: 15/02/2022 10:01:17.561

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 10:01:14

CSV: BOPGDSPG-rMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e a deputada abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 4ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 4ª do secretario xeral de política lingüística** para avaliar o desenvolvemento do Programa 151A Fomento da Lingua Galega, así como o proxecto para este 2022.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/02/2022 12:00:14

Daniel Castro García na data 14/02/2022 12:00:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/02/2022 12:00:39



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura- do secretario xeral de Educación e Formación Profesional para explicar a **"Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 4ª, Educación e Cultura



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 09:49:32
Nº Rexistro: 30542
Data envío: 15/02/2022 09:49:32.965

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 9:49:21

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de marzo de 2020 o DOG publicaba unha resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que deixaba sen efecto a resolución do 16 de marzo de 2018 pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego.

A proposta para incoar a declaración BIC de patrimonio cultural inmaterial para o baile galego tradicional contou con alegacións presentadas por diferentes persoas e colectivos, relacionados coa antropoloxía e o patrimonio etnolóxico de Galiza, e tamén co propio baile tradicional.

Á vista do contido destas alegacións, enténdese que a proposta presentada non responde aos criterios de participación e aval social necesarios nin atende ao conxunto dos valores da representación cultural que se pretende protexer, tal e como conclúe o Servizo de Inventario:

«Á vista de todo o anterior e tomando en consideración o contido da información recollida na fase do procedemento de participación pública, considérase que, ben que semella acreditado o carácter sobranceiro do baile tradicional, a súa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descrición e a das comunidades, organizacións e individuos que o manteñen, debe ser revisada e completada»

En consecuencia, a resolución resolve retomar as actuacións previas “para a máis ampla descrición da manifestación e das prácticas sociais actuais, para o que se completará o procedemento desde unha perspectiva antropolóxica para tramitar ao seu remate unha nova incoación”.

Transcorridos case dous anos desta resolución que deixaba sen efecto aqueloutra publicada en 2018, pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego, non se ten constancia de que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural canalizase novas actuacións sociais encamiñadas a activar unha nova incoación que resolva as eivas anotadas na anterior co obxectivo de salvagardar unha parte fundamental da nosa cultura como é o baile tradicional, en simbiose co canto e a música de noso.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que accións ten desenvolvido o goberno para reiniciar os traballos encamiñados a incoar un novo expediente para a música e o baile tradicional como Ben de Interese Cultural do patrimonio inmaterial?

. Que persoas e colectivos presentaron alegacións á resolución pola que se incoaba o procedemento para declarar ben de interese cultural do patrimonio inmaterial o baile tradicional galego?

. Cal era o contido desas alegacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mantivo o goberno contacto nestes dous anos coas persoas e colectivos que alegaron?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/02/2022 10:44:41

Daniel Castro García na data 04/02/2022 10:44:45

Mercedes Queixas Zas na data 04/02/2022 10:44:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a vaga de lumes que percorreu a provincia de Ourense na última fin de semana de xaneiro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mes de xaneiro de 2022 foi un mes de seca en Galiza. Foi, de facto, e segundo os datos da Xunta de Galiza, o mes de xaneiro máis seco da última década no país. Choveu menos da metade do agardado principalmente polos efectos da influencia anticiclónica de “La Niña”, que se prolongou durante máis de 20 días e que fixo que as escasas precipitacións que houbo ao longo do mes se concentrasen nos 10 primeiros días do ano.

Concretamente a media acumulada de choiva en Galiza para xaneiro foi de 58 litros/m², uns datos que se sitúan un 64% por baixo do valor climático normal, segundo anunciou en rolda de prensa a conselleira de Medio Ambiente. Estes datos son aínda máis graves se nos fixamos no contraste entre leste e oeste, e de norte a sur. Así, dentro deste panorama de seca xeneralizado a peor parte levouna a provincia de Ourense cunha media de 15 litros/m² e, dentro desta, na comarca de Valdeorras que tivo localidades que non chegaron nin aos 5 litros/m.

A estes datos pluviométricos únense os datos térmicos. Xaneiro destacou tamén en Galiza por teren unhas diferencias moi altas entre as temperaturas máximas e as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mínimas, nomeadamente no interior. Así, en zonas da Limia e Monterrei alcanzáronse os -10° pola noite mentres que as máximas polo día estaban próximas aos 15° positivos. Déronse así unhas condicións meteorolóxicas extremadamente propicias para a aparición e propagación dos incendios forestais que, de feito, deron paso á efectiva aparición deses lumes en distintos puntos da provincia de Ourense na última fin de semana no mes.

Resulta polo tanto cando menos sorprendente que a conselleira de Medio Ambiente afirmase en rolda de prensa o día 1 de febreiro que a situación “non é preocupante” como para “ter que tomar medidas”; declaracións feitas con posterioridade a unhas xornadas nas que tivemos que asistir a lumes en máis de 20 focos distintos e na súa maior parte na provincia de Ourense e incluso en espazos tan sensíbeis como a serra de Larouco ou o Parque Natural do Xurés.

A Consellaría do Medio Rural prohibira, uns días antes, as queimas particulares en previsión desta posibilidade mais a incorporación do persoal fixo discontinuo de 9 meses non se produciu até o 1 de febreiro, co que o acontecido nesa fin de semana puido converterse nunha traxedia se ás condicións de seca e temperaturas e tivese sumado a variábel do vento que, desta volta, si colaborou.

Na última fin de semana de xaneiro o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios atopábase incompleto e baixo de efectivos ao que se unía o feito de que os encoros de referencia non se recuperaron aínda dos baleirados realizados polas hidroeléctricas neste verán (con muitas irrisorias por parte da Xunta de Galiza).

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Consideran que a Xunta de Galiza tiña tomadas todas as medidas preventivas posíbeis ante os incendios forestais no mes de xaneiro de 2022 tendo presentes as condicións climatolóxicas existentes que favorecían a propagación dos mesmos?
- Cantas foron as hectáreas finalmente afectadas polos incendios declarados nas xornadas do 29, 30 e 31 de xaneiro de 2022?
- Consideran que a Consellaría tiña tomadas todas as medidas preventivas posíbeis para esa fin de semana concreta?
- Que efectivos dispoñíbeis tiña o SPDIF nesas xornadas nos distritos pertencentes á provincia de Ourense?
- Que medidas excepcionais de prevención tomou a Consellaría do Medio Rural despois de 20 días de seca e temperaturas extremas máis aló da prohibición das queimas de particulares?
- Como valora a situación dos encoros de referencia nesas datas e a súa posíbel incidencia no caso de ter sido necesario o uso de medios aéreos nas labores de extinción?
- Que afectación ten nos distintos lumes que afectaron a 100 hectáreas do Xurés o feito da inexistencia durante 29 anos (de 1993 a 2022) dun Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural?

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/02/2022 13:08:46

María del Carmen Aira Díaz na data 04/02/2022 13:08:49

María González Albert na data 04/02/2022 13:09:00



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Lei 3/11, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito de protección á familia, á infancia, e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirán servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/07, do 27 de xullo, lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi a que garantiu a existencia dos puntos de encontro, creados para dar un servizo que facilite e reserve a relación entre as/os menores e as persoas da súa familia, cando exista unha situación de crise, permitindo e garantindo a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En Galicia os puntos de encontro unicamente se localizan nas 7 principais cidades, o que supón un servizo totalmente ineficaz, tendo en conta o gran volume de persoas usuarias.

Este ano inaugurarase un novo punto de encontro en Ribeira que cubrirá a zona do Barbanza, pero seguen a quedar moitas zonas do noso país sen cubrir o que provoca a existencia de listas de agarda que se demoran moito no tempo e que impiden o cumprimento de resolucións xudiciais, xerando unha perda de dereitos para as persoas.



Así mesmo, o agravio económico para algunhas familias, en moitos casos con dificultades económicas, por teren que se desprazar ás veces máis de 100 quilómetros para poder usar este servizo.

Ao que se suma que en moitos casos, os locais para levar a cabo estas visitas, non cumpren, nin de lonxe, coas condicións mínimas para os/as usuarios, como é o caso do Punto de Encontro de Pontevedra, que está sito na Avenida de Vigo, na parte traseira da Delegación Provincial de Sanidade.

Esta situación non desexable, empeora por mor da pandemia, a Xunta de Galicia reenvía un protocolo no que establece medidas xenéricas de desinfección, espallamento das visitas e distanciamento social, o que diminúe o número de visitas diarias e en consecuencia se reduce o acceso de moitas familias.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Pode explicarnos o Goberno galego cal é a situación dos Puntos de Encontro Familiar?

2ª) Entende o Goberno galego que 8 puntos de encontro son suficientes para cubrir a demanda existente en todo o país?

3ª) Como pensa o Goberno galego arranxar a situación das listas de agarda?

4ª) Ten previsto o Goberno galego encargar un estudo sobre a necesidade de aumentar esta rede, número de PEF necesarios e lugares axeitados para poder cubrir este servizo de forma eficiente?

5ª) Ten previsto neste ano abrir novos centros?

6ª) Ten previsto o Goberno galego cambiar a situación do Punto de Encontro de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/02/2022 13:45:28

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2022 13:45:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández, Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xestiona as actuacións que se desenvolven en Galicia dentro do Plan Hurbe 2010-2020, dando cumprimento ao reto manifestado pola Xunta de Galicia de acadar un urbanismo responsable en toda a comunidade e apostar pola recuperación e o reequilibrio territorial entre as vilas e cidades galegas.

Segundo o balance do Plan Hurbe exposto na páxina *web* da Consellería de Medio Ambiente, dende 2010 executáronse ou comprometéronse un total de 317 actuacións urbanísticas en decenas de concellos galegos, cunha mobilización de 148,96 millóns de euros e a dotación orzamentaria para este exercicio 2021 é de 7,4 millóns de euros.

Na sede electrónica da Xunta de Galicia aparece aberto o prazo de presentación para todo o ano e establece que “*Os programas do actual Plan Hurbe 2014-2017 son:*”

- *Programa de equipamentos públicos.*
- *Programa de humanización de rúas.*
- *Programa de urbanización e mellora de espazos públicos.*

O presidente da Xunta de Galicia en declaracións aos medios o pasado 17 de xaneiro afirmou que a Xunta seguiría apostando polo “fermosismo galego” co Plan Hurbe, plan que mobilizou dende a súa posta en marcha 150 millóns de euros en 320 actuacións e anunciou unha dotación de sete millóns de euros para “mellorar, humanizar e coidar” neste exercicio 2022, indicando que “Estamos a falar de axudas para que tanto concellos como particulares reduzan os impactos paisaxísticos dalgunhas construcións, apostando pola rehabilitación de vivendas e edificios para dar unha segunda, terceira ou cuarta vida a inmobles de carácter histórico, cultural ou situados en zonas de obrigada protección”, incidindo na rehabilitación como elemento clave para dinamizar os centros históricos, atraer turistas e activar o comercio.



Por iso, as deputadas e os deputados que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da xestión e resultados acadados co Plan Hurbe 2010-2020?

2ª) Cales foron os concellos beneficiados con este plan?

3ª) Cales foron as obras financiadas e as contías recibidas por cada un dos concellos beneficiados?

4ª) Como se fai a valoración das solicitudes achegadas para a súa concesión?

5ª) Cantos dos fondos dedicados a este plan foron fondos propios e cantos viñeron do Estado?

6ª) Cantos dos sete millóns de euros anunciados para este exercicio 2022 son fondos propios e centos veñen do Estado?

7ª) Cal ou cales van ser os criterios de distribución destes 7 millóns de euros?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/02/2022 16:16:46

Pablo Arangüena Fernández na data 04/02/2022 16:16:59

Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/02/2022 16:17:15

Patricia Otero Rodríguez na data 04/02/2022 16:17:28





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o apoio ás mobilizacións feministas do 8 de Marzo e demanda dos compromisos pendentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento Ni una menos após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde Latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros tanto produtivos como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano mais que aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.



No ámbito galego a Xunta de Galiza limítase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para deixar de incumprir os seus compromisos en materia de igualdade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora que siga vixente a ilegal fenda salarial? Que actuacións vai desenvolver ao respecto?

. Como valora o maior impacto da crise económica e social nas mulleres galegas? Que actuacións vai desenvolver ao respecto?

. Cales son as razóns de incumprir os seus compromisos respecto das cláusulas de igualdade?

. Considera o goberno galego que está á altura das demandas feministas do 8m?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2022 11:51:35

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 11:51:38



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A crise económica xerada a consecuencia da expansión da covid-19 supuxo un forte impacto económico para o pequeno e mediano comercio local. Esta crise foi o derradeiro golpe para moitos pequenos e medianos comercios.

A consecuencia da crise é que o sector do pequeno e mediano comercio non podan facer fronte aos gastos fixos e están ao límite de perder a súa liquidez. A situación estase volvendo insostible dende o punto de vista económico e está afectando á supervivencia dun sector con forte implantación en Galicia.

A realidade que está xurdindo ó longo deste ano debido á pandemia da COVID-19 semella complicada para o sector do pequeno e mediano comercio e para o seu tecido asociativo.

Neste ano de crise económica a maior preocupación das asociacións de comerciantes neste momento é a emisión da orde de subvención para este ano 2022 para asociacións e federacións, polo medo a que volva a acontecer o do ano pasado, cando non se fixeron efectivas as subvencións ata o mes de novembro. Se isto acontecese outra vez, a estas federacións e asociacións de comerciantes non lles permitiría planificar as accións para levar a cabo con tempo suficiente, ademais de ter que xustificalas, outra vez, nun curto espazo de tempo, que xera improvisación e é o que menos precisan neste momento de crise económica.

Outra preocupación que teñen ditas asociacións son as contías das mesmas, así como as porcentaxes subvencionadas para as diferentes accións, xa que dada a falta de liquidez das asociacións, con cotas conxeladas ou suprimidas durante meses, non lles permitirá levar a cabo as accións que o comercio precisa nesta situación de crise económica que están vivindo.

O Goberno autonómico carece de acción fronte á crise económica, carece de compromiso e de medidas para a reactivación económica. Ten que poñer en marcha e incrementar inmediatamente as subvencións para as asociacións do pequeno e mediano comercio para protexer ós comerciantes fronte esta crise económica. A Administración autonómica non pode dar unha resposta á maior



crise económica fora de tempo, con meses de retraso e cando pasou máis dun ano do comezo da crise.

A Xunta de Galicia ten que actuar para favorecer a reactivación económica de Galicia cando comezamos a camiñar cara á nova normalidade. O Goberno autonómico ten que axudar as pequenas empresas e os autónomos necesitan respaldo para poder reabrir, xerar emprego e posibilitar que as familias teñan ingresos mes a mes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia convocar de forma urxente as subvencións para este ano 2022 para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise?
2. Vai a Xunta de Galicia a Incrementar a cantidade das subvencións para as asociacións e federacións do pequeno e mediano comercio para que o tecido asociativo poda facer fronte a esta crise?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/02/2022 12:33:52

Martín Seco García na data 07/02/2022 12:33:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Exposición de motivos

Durante os últimos anos numerosas sentenzas confirmaron o evidente fracaso do concurso eólico impulsado polo goberno do Sr. Núñez Feijoo, que xa naceu eivado ao botar abaixo o concurso anterior por sectarismo político e que se complementou con modificacións levadas a cabo polo propio PP no Goberno do Estado para desincentivar a aposta por este tipo de enerxía.

Pasados os anos e no medio dun boom eólico caracterizado pola falta de planificación, a desordenación e a falta de garantías democráticas, xurídicas, medioambientais e de desenvolvemento económico, continúan a sucederse sentenzas que amosan o fracaso histórico do Partido Popular.

As sentenzas ilustran como as presuntas “tachas de ilegalidade” do anterior concurso son un argumento sen sostibilidade e xa desmontado por sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo. Ben ao contrario, é o actual concurso eólico o que cada vez presenta máis indicios de dubidosa legalidade ao tempo que incumpre todos anuncios relativos ao investimento, á creación de emprego e á potencia instalada.

Deste xeito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) recoñeceu en varias sentenzas o dereito de indemnización dos parques eólicos que foron aprobados durante o goberno bipartito e anulados pola Xunta de Galiza presidida por Núñez Feijoo deixando constancia de danos evidentes e da existencia dunha responsabilidade patrimonial por parte do Goberno galego coa suspensión do proceso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de ter pagado case tres millóns de euros no ano 2018, desta vez, a Administración deberá pagar case un millón de euros máis por mor da sentenza favorable a Aucosa Eólica.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza do seu fracaso eólico despois da última sentenza do TSXG de febreiro de 2022 que condena á Xunta a pagar case un millón de euros máis por anular infundadamente o concurso do bipartito?

- Cal é o volume económico total que ten aboado o goberno galego desde o 2009 con sentenzas deste tipo?

- Considera o goberno galego que foi un erro impulsar a anulación do concurso eólico do bipartito a luz das sentenzas negativas arredor desta cuestión que está a recibir e que supoñen un importante volume para as arcas públicas?

- Asume o goberno galego algunha responsabilidade?

- Que repercusións considera a Xunta de Galiza que ten esta e outras sentenzas no posicionamento de Galiza no desenvolvemento do sector eólico?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/02/2022 13:18:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/02/2022 13:20:16

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2022 13:20:27



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia do mércores 19 de xaneiro de 2022 o Instituto de Estudos do Territorio publicou a Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2022, destinadas a concellos galegos que teñan menos de 20.000 habitantes co obxectivo de colaborar e corresponsabilizar os concellos galegos en relación coa mellora da contorna paisaxística, a través de intervencións dirixidas a corrixir alteracións ou impactos relacionados con certos equipamentos de titularidade municipal que supoñen unha deterioración do carácter ou da calidade da paisaxe.

No punto 5 do apartado 7. Forma e prazo de presentación das solicitudes establécese literalmente:

“5. Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia ata que se esgote o orzamento da convocatoria. Considerarase data de presentación válida aquela na que o expediente sexa presentado completo e conste no mesmo a solicitude, correctamente cuberta, e toda a documentación exixida na presente resolución. Así mesmo, considerarase esgotado o orzamento cando se efectúe o rexistro da última solicitude de axuda que totalice o importe total do crédito desta convocatoria. Nese caso, e sempre antes da data máxima sinalada neste punto, poderán seguirse rexistrando solicitudes en lista de reserva provisional, as cales serán atendidas por rigorosa orde de entrada, supeditadas a que se produzan desestimacións ou revogacións das solicitudes de axuda previas. O esgotamento do crédito comportará a inadmisión de todas aquelas solicitudes que se instrúan con posterioridade do mesmo xeito que se inadmitirán todos aqueles expedientes que non teñan entrada na sede electrónica de Galicia”.



A documentación que teñen que achegar os concellos consta dunha declaración responsable na que se ten que facer constar un conxunto de requisitos explicitados no punto 7 do apartado sétimo e no apartado oitavo se establece a documentación complementaria que inclúe:

- a) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello solicitante no modelo do anexo II, na cal se faga constar:

1º. O acordo do concello polo cal se solicita a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta resolución e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.c) desta resolución. No referido acordo deberá constar expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, e o acordo deberá estar adoptado antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

2º. Que se cumpriu coa obriga e remisión das contas do concello ao Consello de Contas de Galicia, á cal fai referencia o punto 3.1.b) desta resolución.

3º. A plena dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van desenvolver as actuacións. Deberá quedar acreditado que o concello, antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, xa ten a dispoñibilidade sobre eles, nos termos establecidos no segundo parágrafo do punto 3.2.b) desta resolución.

4º. Dereitos recoñecidos netos (capítulos I, II e III do estado de ingresos) do orzamento liquidado da entidade, do ano que corresponda, para o cálculo do esforzo fiscal do concello.

- b) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as cales se solicita a subvención, asinada electronicamente pola persoa representante da entidade local.

c) Tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á solicitude da subvención, no caso de que sexa de aplicación o previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros, prevista para o contrato menor.



d) Ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, nas solicitudes de subvención para obras, deberá achegarse un documento co nivel de proxecto ou memoria valorada da obra que se vai realizar, asinado electronicamente polo técnico ou pola técnica que o redacte, co seguinte contido mínimo:

1º. Memoria explicativa.

2º. Orzamento das partidas con indicación das unidades e prezos de cada unha. En ningún caso se admitirán orzamentos a tanto global (partidas alzadas ou similares).

3º. Referencia catastral e planos de situación/coordenadas que permita xeolocalizar con exactitude os edificios, bens e equipamentos obxecto das axudas.

4º. Planos a escala e detalle suficientes para describir as actuacións.

5º. Reportaxe fotográfica do ben e da súa contorna onde se aprecia o estado actual que presenta. 2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

A concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun crédito financeiro de 600.000 € e as solicitudes poderanse presentar desde as 12.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ata o día 28 de febreiro de 2022.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta subvención e aos concellos beneficiados?

2ª) Considera o Goberno galego que a convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva é o modo máis transparente e que garante a igualdade de oportunidades para todos os concellos?

3ª) Que día e a que hora tivo entrada a primeira solicitude de subvención?

4ª) Cantos concellos solicitaron esta subvención?



5ª) A que hora tivo entrada cada unha das solicitudes presentadas?

6ª) Cando se esgotou o crédito destinado ao financiamento destas axudas?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/02/2022 12:56:38

Paloma Castro Rey na data 07/02/2022 12:56:51

Pablo Arangüena Fernández na data 07/02/2022 12:57:00



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O número de turistas internacionais que visitaron Galicia o ano pasado aumentou un 43 % con respecto ao ano anterior, aínda que aínda representa menos da metade dos rexistrados en 2019, último ano anterior á pandemia.

Así o reflicte a enquisa de Movementsos Turísticos nas Fronteiras, publicada o 2 de febreiro polo Instituto Nacional de Estatística (INE), segundo a cal, ao longo de 2021, chegaron a Galicia 772.545 turistas internacionais.

Esta cifra supón un 43,06 % máis que os 540.004 estranxeiros que visitaron a comunidade ao longo de 2020, un ano especialmente afectado pola pandemia do coronavirus e as restricións de mobilidade.

Porén, os efectos desta mesma pandemia en 2021, a pesar da recuperación, provocaron que a cifra siga por debaixo da metade dos turistas internacionais que chegaron a Galicia en 2019, máis de 1,6 millóns.

Con estes datos o Goberno autonómico debería ter un plan de promoción para atraer ó turismo internacional a nosa comunidade autónoma, máis neste ano Xacobeo 2022. As cifras demostran que no pasado ano, sendo tamén Xacobeo, non fixo que repuntase o suficiente este turismo estranxeiro.

O Goberno de España levou a cabo ó longo do ano 2021 varias accións para atraer ó turismo internacional a Galicia con motivo do ano Xacobeo. O Executivo central programou 103 accións asociadas á promoción do Camiño de Santiago-Xacobeo 2021-22.

Destacan, por exemplo: Galicia e a exposición fotográfica do Camiño de Santiago, en Oslo nos meses de xuño e xullo; a presentación para a prensa sobre o Xacobeo 2021-22, en Chicago, que se celebrou na primeira metade do ano; presentacións específicas do Xacobeo 2021-22 para axentes, previstas en Roma, París e Lisboa, Campañas locais en Italia, Irlanda e Brasil; Formación de axentes en México e Rusia; 36 viaxes internacionais de prensa; 21 viaxes de axentes, dous deles especificamente orientados ao turismo accesible en Dublín e Tokio.



E mencionar especialmente a conversión da oficina de Turismo en Roma, situada na céntrica praza de España, nun Centro multimedia interactivo (CMI), que inclúe un punto de información Xacobeo e pode ser o escenario de varias actividades dirixidas á prensa, axentes e público.

A Xunta de Galicia debería ter planificadas unha series de accións para atraer o turismo internacional a Galicia aproveitando os anos Xacobeos 2021-22.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten pensado a Axencia de Turismo de Galicia elaborar unha planificación de accións internacionais para promocionar Galicia como destino turístico ó longo de todo este ano?

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/02/2022 12:41:52

Martín Seco García na data 07/02/2022 12:42:34



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Museo de Arte Contemporánea Galega Carlos Maside do Castro de Osedo, en Sada, atópase nun preocupante estado de deterioro agardando dende hai anos pola súa declaración como ben de interese cultural pola Xunta de Galicia.

Nin os acordos parlamentarios nin as solicitudes por parte de institucións e colectivos culturais parecen ser suficientes para que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural incoe dunha vez por todas ese expediente, cuxos trámites se iniciaron en 2018.

Diante deste inexplicable atraso, a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo de Sada (A Coruña) vén de elaborar un manifesto no que denuncian “a pasividade que pon en risco o noso patrimonio cultural”, ademais do incumprimento por parte da Xunta de Galicia da Lei de patrimonio cultural.

Xunto co manifesto, esta asociación cultural recolleu miles de sinaturas de apoio, que foron presentadas no Parlamento nunha xornada na que o Grupo Parlamentario Socialista tivo a oportunidade de manter unha xuntanza con ela.

O Museo Carlos Maside, concibido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo como espazo de reivindicación dos autores e autoras das vangardas galegas que permanecían exiliados tras a Guerra Civil, alberga un dos fondos máis importantes da pintura galega contemporánea, con obras de autores como Castelao, Laxeiro, Urbano Lugrís ou Luís Seoane.

No ano 2018 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural anunciaba o inicio dos trámites para proceder á incoación da súa declaración como ben de interese cultural (BIC). Ese mesmo ano o Consello da Cultura Galega animaba a declaralo BIC canto antes e a Consellaría de Cultura completaba o inventario da colección co obxecto de frear a deterioración das obras.

Na actualidade o edificio, memoria e historia do noso país, permanece pechado salvo visitas puntuais baixo demanda, o que está a acrecentar os graves problemas de humidade que comezaron xa a afectar parte da obra depositada no museo.

Catro anos máis tarde do inicio dos trámites, non parecen existir razóns técnicas que xustifiquen o atraso na incoación dese expediente e por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:



1ª) Segundo o Goberno galego, cales son as verdadeiras razóns para non incoar de inmediato o expediente BIC do Museo Carlos Maside?

2ª) Pode dicirnos o Goberno galego en que fase concreta está o expediente?

3ª) Ten o Goberno galego algunha previsión para a súa declaración BIC?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 07/02/2022 13:03:20

Noelia Otero Lago na data 07/02/2022 13:04:35



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cales foron os criterios empregados polo Goberno galego para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e Agader destinados a obras de infraestruturas rurais nos exercicios 2020 2021?

2ª) Pode dicirnos o Goberno galego, cal foi a totalidade dos fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con destino aos concellos galegos e para que conceptos durante os anos 2020 e 2021?





Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2022 10:34:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/02/2022 10:35:01

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/02/2022 10:35:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a ampliación da planta xudicial nos partidos de Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Carballo e Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende practicamente o seu aceso á presidencia da Xunta de Galiza o Sr. Núñez Feijóo ven amosando un manifesto -e non inocente- desleixo pola adecuación da planta xudicial ás necesidades dos galegos e galegas que permita unha áxil resposta dos xulgados e tribunais ás demandas das galegas, cumprindo o vello aforismo de que unha Xustiza para que sexa tal ha ser rápida.

Dende a programación de 2010 ate 2018, período no que o Partido Popular gobernaba na Xunta de Galiza e no Estado español, non se crearon novos xulgados en Galiza, agás no ano 2017 no que se crearon novas unidades en Ferrol, Ourense, Vigo e A Coruña. Isto é durante máis dunha década, a planta dos partidos xudiciais das vilas e pobos de Galiza non experimentaron ningunha variación no número dos seus xulgados. Realidade que dende o BNG consideramos preocupante e clara expresión dunha estratexia deliberada e planificada dirixida á concentración da actividade xudicial nas denominadas “sete grandes cidades”.

A situación provocada pola desatención aos partidos xudiciais das cidades e vilas de Galiza é de tal consideración que atendendo á comunicación realizada polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consello Xeral do Poder Xudicial, en cumprimento da Lei de Planta e Demarcación Xudicial, o Pleno da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na súa sesión de 26 de febreiro de 2021 propón, por considerar responden a necesidades mínimas e esenciais, a creación de diversas unidades xudiciais, entre elas:

Xulgado mixto núm.3 Viveiro

Xulgado mixto núm.4 Vilagarcía de Arousa

Xulgado mixto núm. 4 de Ribeira

Xulgado mixto núm.4 de Carballo

Constando que a Xunta de Galiza non recolleu e asumiu a proposta realizada polo máximo órgano de goberno da xudicatura en Galiza, o Estado unicamente acordou ampliar á administración de Xustiza galega cun novo xulgado con sede na cidade de A Coruña.

Como resultado da desatención ás demandas formuladas polo órgano de goberno da xudicatura de Galiza os xulgados mixtos de Ribeira, Vilagarcía, Viveiro e Carballo presentan unha taxa de conxestión superior á media estatal e galega, pouco compatible cun boa prestación do servizo público, e cun ingreso de asuntos na vía civil superior ao módulo aprobado, carácter orientativo, polo Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza.

E por iso que ante as necesidades estruturais e non soamente puntuais dos indicados partidos xudiciais de Galiza, fórmulase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende o Goberno Galego que a actual planta e demarcación xudicial galega axústase á realidade de Galiza, permitindo unha axeitada prestación do servizo público?

. Propuxo a Xunta de Galiza a creación de novas unidades xudiciais nos partidos de Viveiro, Carballo, Vilagarcía de Arousa e Ribeira?

. Ten previsto propoñer a inmediata creación de novos xulgados mixtos nestes partidos xudiciais?

. Considera o Goberno Galego abondas as actuais competencias e facultades da Xunta de Galiza en materia de administración de xustiza, nomeadamente, no que a planta e demarcación xudicial se refire?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Montserrat Prado Cores

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 08/02/2022 12:03:10

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2022 12:03:15

Daniel Castro García na data 08/02/2022 12:03:27

Daniel Pérez López na data 08/02/2022 12:03:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/02/2022 12:03:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), a evolución do número de **explotacións de carne** entre os anos 2008 e 2020 en Galiza e en Ourense é a seguinte:

Ano	Galiza	Ourense
2008	26.363	2.259
2020	18.879 (-7.484)	1.425 (-834)

É interesante destacar unha cifra e unha porcentaxe: En Ourense o número de explotacións de vacún de carne destaca polo exiguo da cifra, 2.259 sobre 26.363, e comparando porcentaxes responde en 2008 a un 8,57% e en 2.020 continúa á baixa cun 7,55%

Se o descenso é brutal e alarmante en Galiza, en Ourense éo moito máis. Entre 2008 e 2020, en explotacións de carne de vacún, Ourense, sobre 2.259 explotacións, perde 834.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O número de cabezas non diminúe senón que aumenta, pero Ourense segue cunha porcentaxe exígua, 47.297 sobre as 360.978 do País. Ourense tamén segue a dinámica de concentración de cabezas de gando en menos explotacións pero aquí o aumento é considerable pois mentres en Galiza pasan dunha media de 12,40 cabezas por explotación a 19,12 en 2020, na provincia de Ourense pasan de 15,05 a 33,19.

Esta dinámica, no caso de Ourense, podería ser debida ao maior peso dos **cebadeiros** de COREN, moitos becerros en moi poucas instalacións (naves de engorde).

Se nos referimos ao lácteo o panorama é aínda máis triste, Ourense en 2.008 so contaba con 615 explotacións e en 2020 quedaban so 236.

A caída do total de leite e carne amosa unha realidade de deterioro e abandono sen precedentes, que visto comarca a comarca en porcentaxes é esmagador:

Allariz-Maceda.....	-33%
Baixa Limia.....	-45%
O Carballiño.....	-49%
O Ribeiro.....	-54%
Terra de Celanova.....	-60,68%

Esta dinámica que as estatísticas denuncian a respecto dos sectores da carne e do leite son aplicables a tódolos sectores produtivos de grande parte do noso rural, facendo especial mención á provincia de Ourense e ao leste e sur da provincia de Lugo.

De seren certas as propagandas do partido que sustenta ao goberno da Xunta de Galiza, detectado este proceso de abandono masivo de explotacións familiares e vista a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teoría das políticas comunitarias que se desprende das propagandas oficiais, teríamos que estar **asistindo a unha recuperación poboacional derivada de políticas de apoio ás pequenas e medianas explotacións familiares tanto lácteas coma de carne, con terra**, debido a esforzos orzamentarios e a plans urxentes que corríxisen a deriva a que se ve sometido este noso territorio, nomeadamente a provincia de Ourense e o leste e sur da provincia de Lugo onde o esforzo das Administracións debера ser maior.

Isto sería feito atendendo ás teóricas políticas comunitarias verdes, green ou como se chamen, de xestión directa do territorio, de respecto medioambiental, de benestar animal, de asentamento de poboación, de...

En canto ás causas desta agonía económica e social, están á vista:

Económicas. O custe de produción dun quilo de carne, logo da brutal suba de prezos dos insumos, combustibles, electricidade, materiais de construción..., rolda os 7 euros quilo/canal. A realidade está nos 4.70 euros/kg./canal que se pagan hoxe.

A “lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria” determina que para o cálculo dos custes de produción deberanse ter en conta elementos coma: fertilizantes, fitosanitarios, zosanitarios, combustibles e enerxía, maquinaria, reparación, alimentos para os animais, gastos de veterinaria, traballos contratados ou man de obra asalariada... Se os custes de produción soben e os prezos da carne ou do leite non o fan, o resultado final é o peche do negocio, por ruinoso.

Sociais. As condicións de vida da xente son un factor fundamental e as condicións de vida no rural galego, e no de Ourense en particular, non son as mais atractivas para que a xente fiquen a vivir e desenvolver un plan de vida a xeito dos tempos de hoxe.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen Centros escolares e Centros de Saúde en proximidade, sen centros de atención ás crianzas en idade escolar, sen centros de atención e lecer para a xente maior, con transporte necesariamente individual porque o colectivo case desapareceu, se pechan as entidades bancarias, tabernas e centros sociais, se non chegan as infraestruturas telemáticas e outros servizos máis que hoxe son esenciais para unha mínima calidade de vida... quen vai querer quedar a vivir nun rural desatendido e incómodo?

Se o poder político, responsable en gran medida desta situación, non ofrece medidas correctoras, decididas e creadoras de proxectos de vida baseados nas ofertas que o territorio dá e articuladoras de esperanzas colectivas, o futuro do noso rural está fanado.

Este poder político ten unha grande responsabilidade no que ten a ver coa situación económica e social en que se encontra, neste caso, o sector produtor de bovino de carne e o rural galego en xeral. Non se debe esquecer que **é o poder político quen ten nas súas mans os instrumentos lexislativos e económicos (orxamentos) para facer que esta situación mude.**

Mais por outra parte tamén debemos contextualizar en que marco económico e político nos desenvolvemos, isto é, no económico estamos nunha economía libre de mercado, é dicir o capitalismo, no que o poder real recae nas grandes corporacións, neste caso agroalimentarias, que o que queren é materia prima barata (carne, leite, legumes, horta, froita...) para vendela co maior beneficio posible, marcando prezos e condicionando sistemas e xeitos de produción.

A recente reforma da xa citada lei 12/2013, de 2 de agosto, "...de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria" transcribe as esixencias comunitarias





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da directiva europea sobre prácticas comerciais desleais: “Co fin de evitar a destrución do valor na cadea alimentaria, cada operador da mesma deberá pagar ao operador inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custo de produción de tal produto en que efectivamente incorra ou asuma o devandito operador”.

O texto indica que deberán elaborarse os índices de prezos e de custos de produción mediante o emprego dos criterios que deberán garantir a transparencia e obxectividade.

E aquí as contas non dan. **En 2010 tiñamos un millón de vacas e 45.000 explotacións. En 2020, co mesmo número de vacas, quince mil explotacións menos. Un rural cada vez con menos xente.**

Un goberno que vele polos intereses do País en conxunto debe reverter esta situación. Non pode ser que a actividade económica teña valor so polo volume de ganancias que xera, e si polo emprego que activa, a xestión do territorio que suscita, o benestar que orixina e a poboación que fixa e mantén dinámica.

Daquela cómpre tomar partido polo conxunto do País e neste caso do Medio Rural onde se sitúan, polo menos fisicamente, na actividade primaria, a produción destes bens.

Son precisas, pois, medidas políticas orientadas a favorecer os sectores produtivos (mellores prezos para os produtos agropecuarios) en contra dos sectores especulativos, mellorar as condicións sociais e os servizos no rural e corrixir a tendencia deste sistema económico-social que o que quere son consumidores concentrados en grandes áreas xeográficas e comerciais destruindo ese entramado social e económico do rural, característico deste noso País porque o consideran demasiado caro, complicado e nada moderno.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cando pensa o goberno galego establecer un Plan Integral de Recuperación e Desenvolvemento das amplas comarcas do rural galego abandonadas e despoboadas, debidamente orzamentado e consensuado que priorice as pequenas e medianas explotacións agrogandeiras de carácter familiar?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/02/2022 13:56:48

María González Albert na data 08/02/2022 13:56:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/02/2022 13:57:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a incidencia da posíbel implantación dunha fábrica de fibras téxtiles en Galiza no conxunto do sector forestal e na estrutura do territorio galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o anuncio da Unión Europea da creación do chamado “Mecanismo de recuperación e resiliencia” como resposta á crise económica xerada pola Covid-19 a Xunta de Galiza comezou a falar dun proxecto de fábrica de fibras téxtiles como grande proxecto tractor para o país. “Determinante”, chamoulle o presidente da Xunta, que destacou esta fábrica como chave para o futuro da moda sustentábel e para o sector da madeira, cunha previsión de até 200.000 Tm anuais de fibras téxtiles.

O mesmo presidente da Xunta gabou en nota de prensa do pasado 18 de xaneiro este proxecto que ten, parece ser, un investimento previsto de 800 millóns de euros e que en palabras de Núñez Feixóo “tería capacidade para xerar 1.500 empregos directos e abastecer de materia prima ao sector téxtil”, incidindo na importancia deste e doutros proxectos tractores para mellorar a competitividade da economía galega.

A creación desta factoría aumentaría de xeito importante as necesidades de corta de madeira dos 8,5 millóns de m³ anuais que se dan na actualidade no noso país incrementando estes números, segundo os cálculos da propia Xunta de Galiza, en cando menos 1,5 millóns de toneladas máis.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ese importante incremento só pode ser acadado por dúas vías. Aumentando a superficie forestada en Galiza e incrementando a produtividade das plantacións xa existentes mediante a aplicación de técnicas silvícolas, melloras xenéticas... Todo isto tendo en conta que hoxe en Galiza temos algo máis de dous millóns de hectáreas de superficie forestal e que o monte ocupa no país máis de 2/3 do conxunto do territorio galego (70%).

Con estes datos previos fica claro que unha proposta como a da grande fábrica de fibras téxtiles procedentes da celulosa suporá para o sector forestal de Galiza un importante estrés e unha grande distorsión no modelo de negocio dun sector que hoxe representa o 1,8% do PIB do país.

Consideramos, polo tanto, de especial importancia facer unha análise en profundidade da incidencia que o proxecto de fábrica de fibras téxtiles terá nunha Galiza hoxe xa forestada por riba das súas posibilidades e cunha pseudo-moratoria para novas plantacións de eucalipto en vigor a pesares de seren esta a árbore máis comunmente usada en fábricas destas características.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- . Que previsión fai a Xunta de Galiza do impacto que a nova fábrica de fibras téxtiles pode ter no sector forestal de Galiza?
- . Vai ser o eucalipto a árbore prioritaria que forneza a materia prima para esa empresa?
- . Que impacto prevén que teña na presenza do eucalipto no país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que impacto prevén que teña na expansión e supervivencia doutras especies como as frondosas?

. Teñen pensado que a pseudomoaratoria hoxe en vigor cese no caso de que se efective a construción desta fábrica?

. Que horizonte de extensión de eucalipto consideran como viábel para garantir a biodiversidade no monte galego?

. Consideran compatíbel a presenza desta fábrica de fibras téxtiles cos obxectivos para o sector forestal marcados na Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza cara a neutralizade carbónica?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 09/02/2022 09:51:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 09/02/2022 09:51:14

María González Albert na data 09/02/2022 09:51:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as demoras continuadas na emisión de facturas por responsabilidade das distribuidoras e/ou comercializadoras de enerxía eléctrica e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego no exercicio das súas competencias exclusivas en materia de consumo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde 2021 as e os consumidores, domésticos ou industriais, de enerxía eléctrica sofren unha escalada sen precedentes no prezo. Unha situación de inflación insoportable que se acompaña de importantes subas noutros ámbitos, como o gas, os combustíbeis fósiles ou a cesta da compra, como amosa que o ano 2021 pechase cunha inflación en Galiza do 6,7%, dúas décimas superior ao do conxunto do Estado español (6,5%).

Hai que recordar que no tocante ao prezo da luz, 2021 pechou como o ano máis caro da serie histórica, cun prezo medio de 111,93 euros/MWh debido á espiral alcista do “pool” no segundo semestre, onde numerosos días chegou mesmo a sobardar os 300 euros/MWh. No mes de xaneiro de 2022 o prezo medio do mercado foi de 201,72 euros/MWh, un 235,3% superior ao prezo medio de xaneiro dun ano antes e nos primeiros días de febreiro volveu superar os 210 euros/Mwh.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como se a escalada de prezos e feitos como o baleirado dos encoros que afecta de forma importante comarcas do sur de Lugo e de Ourense, como a Baixa Limia ou Monterrei-Viana non fose suficiente mostra do abuso das compañías eléctricas, nos meses de outubro a decembro producíronse grandes atrasos na facturación para un gran número de clientes en Galiza e no conxunto do Estado.

Este atraso mantense ou comeza neste inicio de ano en moitas persoas consumidoras que están a denunciar a situación por medio da prensa, das redes sociais ou de reclamacións ás eléctricas e ás asociacións de consumo. Isto produce un efecto de desamparo e pánico na cidadanía, pois nun contexto de suba do prezo e de frío invernal non son quen de saber canto pagarán e se poderán asumir os prezos, o cal ocasiona unha grande incerteza.

A todo isto súmase que as mudanzas de tarifa horarias acometidas en xuño de 2021 polo goberno central ocasionou alteración nas facturacións e nas previsións de gasto para moitos consumidores e consumidoras, singularmente aqueles que tiña discriminación horaria. Precisamente esta mudanza é, presuntamente, un dos posíbeis motivos do atraso, toda vez que supuxo unha reprogramación de millóns de contadores. En todo caso, este era un cambio predicible e organizado polo propio sistema, que debiera ter meirandes garantías.

Este tipo de situacións están afectando, segundo se vai coñecendo, a grandes firmas como Endesa ou Naturgy. Para máis inri Naturgy, que tiña unha boa parte do seu servizo de atención ao cliente en Galiza mais que o deslocalizou case na súa totalidade co silencio da Xunta de Galiza, tivo o seu servizo de atención ao cliente caído durante máis de dez días, abondando na situación de desamparo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo as propias comercializadoras, que atribúen á distribución o problema, habería un 16% de clientes afectados a nivel de Estado. Porén, non está habendo unha política clara de información, nin por parte das eléctricas nin por parte dos gobernos responsables en planificación enerxética ou en consumo e protección das persoas usuarias.

Así as cousas, hai clientes que levan até seis meses sen recibir as facturas e isto atenta contra o seu dereito de estudar ofertas de empresas competidoras, ademais dos problemas xa sinalados. Aínda que algunhas das comercializadoras informen de posíbeis fraccionamentos, é necesario que se fiscalice que se está a ofrecer esta posibilidade e que as administracións pulen por unha solución.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Vai incoar expedientes e sancións a Xunta de Galiza contra as comercializadoras e/ou distribuidoras pola situación xerada a milleiros de galegos e galegas por mor da demora na remisión de facturas?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cal é a causa desta situación? Dirixiuse ao goberno central? E ás comercializadoras? E ás distribuidoras?

. Ten coñecemento o goberno galego da comisión de abusos neste marco, como por exemplo o non ofrecemento de fragmentacións e aprazamentos de facturas que cheguen acumuladas?

. Valora impulsar algunha demanda colectiva?

. Valora impulsar campañas ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Recibiu reclamacións ao abeiro do Instituto Galego de Consumo?
- . E solicitudes de actuación ao abeiro do INEGA?
- . Vai impulsar algún estudo por parte do goberno galego?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 09/02/2022 11:53:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/02/2022 11:53:56

Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2022 11:54:08



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) é un avance dos sistemas sanitarios que en Galicia comezou a ter algunha previsión de funcionamento en distintos puntos da xeografía hai dúas décadas. O desenrolo deste servizo foi lento e con diversas dificultades, fundamentalmente pola baixa dotación de recursos que durante os últimos anos viuse notoriamente diminuído, alimentando os problemas de funcionamento e deixando en evidencia unha política de Recursos Humanos retorcida.

A pesares destes problemas, a dedicación esforzada dos profesionais que formaban parte do servizo conqueiriu avanzar ata chegar a un volume de case 15 unidades en toda Galicia nos anos 2018 e 2019. Foi neste punto cando o goberno de Galicia, a través do seu presidente, anunciou que no ano 2021 o cen por cen do territorio estaría cuberto por este servizo.

A realidade actual é que existen numerosas queixas sobre o servizo en dúas vertentes. Por un lado os profesionais lamentan a política de recursos humanos, que obriga aos sanitarios a traballar en condicións precarias en varios casos. Por outra vía sucédense as reclamacións sobre a irrealidade da presenza do HADO en todos os concellos. Así comezan a existir reclamacións de carácter formal a través de concellos e plenos municipais sobre a implantación deste servizo en concellos que demandan que non son atendidos porque os recursos non son suficientes. Sobre Barbanza ou en A Mariña este problema xa foi tratado no Parlamento de Galicia, a través de sendas iniciativas do PSdeG, nas que o Parlamento ven de aprobar esixir á Xunta de Galicia que cumpra a extensión do servizo a todos os concellos dos respectivos distritos. Este evidente recoñecemento de que o servizo non está a funcionar tamén está provocando problemas noutras comarcas, como no interior de Pontevedra, ou algúns outros territorios da provincia de Ourense.

A situación causa preocupación, polo que resulta necesario reforzar a idea de que o HADO é un servizo que debe ser ampliado e que non pode estar suxeito a vaivéns nin a pretensións de difundir información sobre servizos sanitarios que



non se cumpren, provocando desacougo entre a cidadanía e desigualdades entre os concellos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que o servizo HADO reduciu a súa implantación nos distritos nos que ten unidades dispoñibles, non atendendo a todos os concellos para os que está destinado?
2. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a situación laboral dos profesionais que centran a súa labor no servizo HADO?
3. Pode garantir o goberno da Xunta de Galicia que implantará durante o ano 2022 o servizo HADO en todo o territorio asumindo unha demora só de un ano con respecto ao anunciado por Núñez Feijoo?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 16:02:52

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 16:02:59



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Grupo Parlamentario Socialista ten demandado en diversas iniciativas rexistradas no Parlamento de Galicia á Consellería de Emprego e Igualdade a necesidade de traballar para incentivar a través das mesas de diálogo social con sindicatos e asociacións empresarias a introdución de plans de igualdade específicos para evitar a discriminación laboral das persoas LGTBI. Na interpelación plenaria do día 9 de decembro do 2021, a conselleira de Igualdade e Emprego afirmaba “... non soamente se dá a través da Secretaría Xeral de Igualdade senón actualmente a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais. Galicia mantén permanentemente aberto o diálogo social para abordar calquera cuestión vinculada co ámbito laboral e cos axentes participantes, cales son os sindicatos e o tecido empresarial. Neste sentido a dirección xeral está traballando nun estudo específico sobre a problemática e a situación laboral do colectivo LGBI, estudo que se elevará ao diálogo social para a súa análise o vindeiro ano 2022”.

Ademais de compartir a preocupación e a necesidade de actuar ante os datos publicados no informe sobre LGTBIfobia no traballo elaborado por UGT que sustentou as iniciativas deste grupo parlamentario a conselleira manifestou que dende a Xunta de Galicia se estaba xa a traballar neste senso. O informe da UGT indicaba que o 96 % das persoas LGTBI considera "inconveniente" facer pública a súa orientación sexual no seu posto de traballo en Galicia, e que 6 de cada 10 traballadores ou traballadoras recoñeceu sufrir algún tipo de discriminación ou agresión. Pero a pesar de compartir no discurso a problemática por parte da conselleira, finalmente no debate da moción correspondente o Grupo Parlamentario Popular votou en contra da resolución debatida.

No inicio deste 2022, coñecemos que a situación do colectivo LGTBI na negociación colectiva segundo un novo estudo da UGT “As persoas LGTBI na negociación colectiva”, arroxa que só tres de cada dez convenios teñen cláusulas de protección laboral a estas persoas. Ademais, da totalidade de convenios analizados no estudo, non hai ningún con cláusulas que se refiran ás persoas trans no emprego, nin á súa protección ou ás súas necesidades específicas, de maneira que as persoas trans están totalmente desprotexidas na negociación colectiva. A pesar dos esforzos realizados desde os sindicatos por situar cláusulas



de protección na negociación colectiva, na actualidade continúa existindo un enorme baleiro na materia.

O Grupo Parlamentario Socialista comparte coa UGT que as medidas deben ser efectivas e para iso é necesario que sexan claras e de obrigado cumprimento polo que tanto a nivel estatal como autonómico cómpre trasladar as administracións a esixencia de incentivar ás empresas a establecer plans de igualdade LGTBI.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto a Consellería concluír e facer público estudo anunciado sobre a situación do colectivo LGTBI anunciado para 2022?
2. Que accións ten desenvolvido o ISSGA no marco da prevención laboral sobre diversidade sexual e non discriminación LGTBI?
3. Que accións formativas sobre igualdade e non discriminación LGTBI e cando vai impulsar a Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 09/02/2022 16:22:51

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/02/2022 16:23:16

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 16:23:26

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 16:23:34



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os casos de abusos e agresións sexuais a menores no seno da Igrexa católica constitúen graves vulneracións dos dereitos destes nenos e nenas, cometidas ao longo do tempo e con importantes repercusións e secuelas sobre a súa saúde e desenvolvemento, que condicionan a súa vida adulta.

Son moitos os países da nosa contorna que impulsaron iniciativas e desenvolveron investigacións a través de comisións independentes ou gobernamentais, polo que o noso país non pode quedar atrás.

As persoas afectadas teñen dereito á información veraz, ao recoñecemento como vítima e á protección e reparación debidas, e o conxunto das administracións teñen o dereito e deber de contar coa información precisa, dende as perspectivas máis amplas e diversas, para cumprir coas súas funcións de salvagarda dos dereitos da infancia e da adolescencia.

As Cortes Xerais aprobaron recentemente a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á violencia, que incorpora ao noso ordenamento xurídico as ferramentas de protección máis actualizadas e eficaces, conforme ao dereito internacional.

O Grupo Socialista presentou no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei co fin de mellorar a prevención, ofrecer a maior protección posible e asegurar a reparación ás vítimas, tendo en conta os precedentes doutros países.

E na que entende que é o Defensor do Pobo o que ten que elaborar un informe como leito para que a sociedade española e as súas institucións encaren este gravísimo asunto, aportando as garantías precisas debido a súa profesionalidade e rigor, sen prexuízo de que este poida apoiarse para a elaboración nunha comisión independente de asesoramento, integrada por expertos, representantes das administracións públicas, das asociacións en defensa dos afectados e incluso na Igrexa católica.



Por desgraza o noso país non se libra desta lacra e na actualidade hai abertas en Galicia varias investigacións tras denuncias interpostas en centros escolares vinculados á Igrexa católica, é por iso polo que dende o Grupo Socialista entendemos necesario contribuír a determinación dos feitos e responsabilidades, á reparación das vítimas e a planificación de políticas públicas orientadas á prevención destes abusos, a través da Valedora do Pobo xa que esta institución constitúe o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia

A actitude do presidente da Xunta de Galicia ante a posibilidade da creación dunha Comisión de investigación ten sido a de rexeitar a comisión e relativizar o papel da Igrexa nos abusos, manifestando que “hacer solo una comisión de investigación para una organización me parece que es una comisión bastante incompleta”, e que “los abusos a menores afectan a distintas organizaciones públicas y privadas”, así como que “mientras no erradiquemos este tipo de actuaciones, debemos ser muy serios y muy rigurosos en la investigación completa, sin distinciones a quien investigamos”.

Esta relativización resulta dificilmente comprensible se consideramos que a Igrexa católica ten sido a principal institución educativa no noso país ó longo da historia, xogando incluso na actualidade un papel moi importante no ámbito social eido educativo e pasando polas súas mans millóns de menores ao longo da historia, sen parangón nin comparación posible con ningunha outra institución.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto o Goberno galego solicitar á Valedora do Pobo a redacción dun informe no que se reflecta a situación de abusos a menores por parte da Igrexa Católica en Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2022 17:17:39
Nº Rexistro: 30228
Data envío: 09/02/2022 17:17:39.562

Paloma Castro Rey na data 09/02/2022 17:08:49

Pablo Arangüena Fernández na data 09/02/2022 17:08:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

Actualmente en Galicia vivimos nun contexto de pandemia mundial, atravesando a sexta onda do coronavirus a Covid-19.

Entre moitos dos sectores afectados, destaca o grupo poboacional de persoas maiores, en primeiro lugar polo evidente risco para a súa saúde tendo en conta que ofrecen unha vulnerabilidade maior ante o virus, e tamén pola soidade non desexada acrecentada polas restricións derivadas da loita na contención do virus. Pero ademais existen consecuencias derivadas deste contexto que acrecentaron as deficiencias xa existentes antes da pandemia pero que agora se agravaron, e unha de elas é a barreira dixital que impide que as persoas maiores poidan ter a autonomía suficiente na súa vida diaria. Unha das necesidades básicas de toda persoa é o acceso ás xestións básicas que se precisa para autoxestionar a propia economía, normalmente directamente relacionada aos procesos e xestións bancarias. O proceso de dixitalización da propia sociedade vai moi rápido para permitir o correcto proceso de transición e adaptación das persoas maiores a estes cambios.

Por todo Isto é preciso que dende a Administración Autonómica se teña en conta esta situación para facilitar o proceso de mediación entre as entidades bancarias e os usuarios máis vulnerables, neste caso os maiores. Colaborar de xeito coordinado para facilitar ás persoas maiores ou con limitacións cognitivas ou discapacidade a accesibilidade cognitiva que precisan para poder adaptarse ao avance dixital nun contexto de pandemia.

O Capítulo VII da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, titulado Envellecemento activo e saudable, cita textualmente:

1. As administracións públicas de Galicia integrarán o envellecemento saudable en todas as súas políticas, coa finalidade de potenciar o benestar físico, social e mental das persoas durante o curso da súa vida, especialmente na vellez.
2. Así mesmo, promoverán a participación das persoas maiores na sociedade de acordo coas súas necesidades, expectativas e capacidades, favorecendo a súa



autonomía persoal, á vez que lles proporcionarán a protección, seguridade e coidados axeitados.

Por todo elo é preciso concretar un plan de acción que blinde os dereitos das persoas maiores e garanta as necesidades básicas da vida diaria tal e como solicitamos dende o Grupo Socialista dende fai un ano. É urxente executar un proceso de mediación entre as entidades bancarias e os usuarios mais vulnerables.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

Que medidas ou recursos van a dispoñer para resolver a problemática de accesibilidade que están a vivir fundamentalmente as persoas maiores coa banca?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/02/2022 17:15:15

Julio Torrado Quintela na data 09/02/2022 17:15:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feminismo ensinounos que aquilo que non se nomea non existe. No mesmo sentido, aquilo que non se mide tampouco. Así, ao longo da historia algunhas das loitas máis importantes dos colectivos de mulleres e feministas foi a visibilización e a medición da realidade, desde o número de asasinatos machistas ata os indicadores de desigualdade laboral.

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e na importancia do traballo invisible das mulleres para soste a vida e un sistema económico que non podería rodar sen el.

A crise da covid-19 puxo de relevo a importancia da achega da forza de traballo das mulleres á sociedade. Por unha banda, a través das numerosas profesións que sendo esenciais para a crise están ocupadas maioritariamente por mulleres, por exemplo ámbitos como o sanitario, o asistencial ou o sector da alimentación, claves nos peores momentos. Por outra banda, puxo de relevo tamén a importancia do traballo doméstico,





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto do regulado, como do que se desenvolve baixo o que coñecemos como “economía mergullada”, aquel que desenvolven moitas mulleres sen remuneración algunha.

Cómpre salientar que o denominado como traballo doméstico ten sido un dos máis invisibilizados ao longo da historia. É este un ámbito moi importante de discriminación, tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego é necesario avanzar no fortalecemento do sistema público de atención ás necesidades sociais, no recoñecemento e dignificación e equiparación de dereitos das traballadoras do fogar e tamén no estudo pormenorizado do que supón o traballo invisíbel que se desenvolve nos fogares, de cal é o seu valor económico para que sexa recoñecido na súa xusta medida o seu valor social. Coñecer cal é a realidade da que estamos a falar é o paso mínimo e imprescindible para transformar a realidade.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa contribución non remunerada que lle regala a vixencia do sistema patriarcal. Un dos estudos máis significativos que temos sobre a realidade galega é a estimación que desenvolveu o Instituto Galego de Estatística respecto do valor xerado polas actividades no ámbito doméstico, que representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, desde entón non se desenvolveu en Galiza un novo estudo ao respecto malia que os sucesivos Plans estatísticos sinalan entre os seus obxectivos a inclusión da perspectiva de xénero. Ao abeiro deste marco temporal non se ten fixado como prioridade e tampouco houbo un compromiso explícito na tramitación da nova lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026.

É necesario que unha cuestión tan importante para a igualdade das mulleres, máis aínda nun contexto de empobrecemento, non demore. Coas consecuencias da covid-19 este asunto adquire unha gran relevancia, pois coñecemos xa a importante afectación ás mulleres, tanto do punto de vista laboral como de sobrecarga das responsabilidades atribuíbeis ao ámbito persoal e familiar. Polo tanto, é de prever un aumento da achega desta forza de traballo das mulleres e debemos avaliar que supón iso para a economía galega e como penaliza as súas condicións de vida de cara a impulsar políticas públicas conducentes a visibilizar e valorizar ese traballo e a reducir as desigualdades existentes.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Considera a Xunta de Galiza que debe corrixir o seu incumprimento da lexislación en materia de igualdade e impulsar as medidas necesarias para o estudo de cal é a achega á economía galega do traballo invisible de milleiros de mulleres?

. Considera a Xunta de Galiza que debe corrixir o seu incumprimento da lexislación en materia de igualdade e impulsar as medidas necesarias para o estudo de cal é o impacto da desigualdade no reparto do uso dos tempos para milleiros de mulleres e para o conxunto da sociedade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que non considera relevante saber cal é a equivalencia en termos PIB do traballo doméstico?

. Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para dar visibilidade e dignificar o traballo no fogar?

. Vai pór freo a Xunta de Galiza á súa política de baleirado e degradación dos servizos públicos de forma que as súas funcións deixen de recaer no traballo non remunerado que maioritariamente desenvolven as mulleres?

. Considera o goberno galego que neste contexto histórico é necesario ou prescindible medir o impacto económico do ámbito dos coidados?

. Cre o goberno galego que sería posíbel o sostemento deste sistema económico sen ese traballo invisíbel?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/02/2022 10:02:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2022 10:02:21

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 10:02:36

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2022 10:02:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativas ao impacto na economía galega e na vida das mulleres da desigual saída da crise da covid-19 en termos de desigualdade laboral e empobrecemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise socioeconómica da pandemia da covid-19, sumada aos efectos das medidas lesivas aplicadas desde o ano 2008 para a crise financeira, das que as maiorías sociais aínda non se recuperaran, ten unha enorme repercusión na vida das mulleres do noso país, por agrandar as fendas da desigualdade laboral e pola feminización da pobreza.

Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes).

Así mesmo, é necesario recordar que a permanencia da chamada fenda salarial por razóns de xénero, ilegal sobre o papel, é a mellor mostra da boa saúde do sistema patriarcal neste marco económico e laboral así como do fracaso das políticas públicas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arbitradas ao respecto, que non acaban de despegaren do papel. Así as cousas, en Galiza temos hoxe, con datos respecto do ano 2020, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros. O salario medio galego sitúase en 19.900€ e os salarios femininos están aínda un 10,95% por debaixo da media galega malia que a crise financeira tivo un efecto degradador dos salarios masculinos reducindo a fenda (non por avanzar en igualdade das mulleres senón pola precarización do mercado laboral e a súa afectación tamén ao colectivo masculino).

A día de hoxe existe consenso arredor da evidencia de como a crise da covid-19 está impactando economicamente de maneira moi destacada ás mulleres, nomeadamente por mor do seu papel destacado en profesións especialmente precarizadas e/ou afectadas pola crise. Existen, polo tanto, indicios para ter activadas todas as alertas.

En informes como *A Economía Galega 2019/2020* elaborado polo Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela recóllense evidencias e hipóteses respecto do impacto da covid-19 no mercado de traballo galego. Neste sentido, un dos aspectos que aborda o traballo é avaliar que podemos agardar respecto da recuperación dos salarios advertindo de que as crises económicas nunca teñen efectos equivalentes entre grupos, sinalaban a posibilidade de incidencia significativa sobre aspectos como a desigualdade, a pobreza e a brecha de xénero. Para estimar este impacto, desenvolven unha aproximación tendo en conta a evolución salarial na crise anterior e canto tempo levou recuperar os niveis salariais do 2008.

Esta prospección permítenos ver os resultados do período anterior e ter en conta, aínda tendo en consideración as diferenzas, aspectos interesantes para o período no que nos atopamos e, sobre todo, para o futuro respecto do que teremos que actuar. Neste sentido, o estudo sinala cuestións interesantes, singulamente, que “*a crise iniciada en*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2008 supuxo unha perda de postos de traballo que no inicio de 2020 aínda non se recuperara, pero tamén tivo un forte impacto sobre os salarios dos traballadores. En aparencia, a perda salarial recupérase totalmente entre 2017 (mulleres) e 2018 (homes), despois de acumular unha perda arredor do 10% no ano 2013. Porén, cando temos en conta as características das novas traballadoras e traballadores que se van incorporando aos novos postos de traballo, así como as melloras das características dos que conseguiron manterse no mercado de traballo neste período (promocións, máis antigüidade ou experiencia), observamos que a perda no salario día efectivo é aínda dun 5% en 2018; e, polo tanto, a posible redución da brecha de xénero indicada pola evolución dos salarios observados en termos efectivos quedou anulada.”

Segundo os datos do IGE, a taxa de risco de pobreza da muller ten aumentado nos últimos anos, empeorando significativamente en 2020, cun aumento do 1,25%. Esta situación, ademais, afecta de forma especialmente incisiva tanto ás máis maiores, que superan os 65 anos, como ás máis novas, abondando na precarización da mocidade.

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprese cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

É evidente a situación de enorme agravamento das desigualdades sociais e o seu impacto de xénero. Polo tanto, é necesario que os gobernos e as políticas públicas atendan esta situación.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que actuacións desenvolve a Xunta de Galiza para avaliar e evitar o impacto na economía galega e na vida das mulleres do empobrecemento e do aumento das desigualdades de xénero?

. Que actuacións desenvolve a Xunta de Galiza para impedir que a crise da covid-19 supoña un empeoramento das condicións salariais das mulleres galegas?

. E para combater fenda salarial?

. Que valoración fai o goberno galego respecto dos resultados para as mulleres traballadoras galegas da crise financeira e do seu impacto no marco laboral?

. Cal considera o goberno galego que é a afectación á economía galega?

. Valora o goberno galego a realización dunha auditoría do cumprimento da lexislación en materia de igualdade na administración pública e nas contratacións públicas que dela dependen?

. Por que non impulsa cláusulas de igualdade como comprometeu no ano 2019?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/02/2022 10:40:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/02/2022 10:40:15

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 10:40:24

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2022 10:40:33



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Arredor de un de cada tres adolescentes estivo involucrado en casos de acoso escolar e un de cada dez en casos de ciberacoso; un de cada catro xa se emborrachou e fumou a idade temperá e un de cada cinco consumiu cánnabis.

Ademais as mozas e mozos **involucrados en casos de acoso escolar ou ciberacoso teñen taxas de consumos de risco ata tres veces superiores** segundo os datos dun estudo "Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias" publicado na revista Children and Youth Services Review que analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a **alumnos de IES concertados de Galicia**, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha das principais conclusións é que o acoso escolar, o ciberacoso, o consumo de drogas e alcohol e outras condutas problemáticas estarían interrelacionadas. Neste traballo desenvolvido polos investigadores Rafael Pichel, Sandra Feijóo, Manuel, Isorna, Jesús Varela e Antonio Rial, destacan que os esforzos de prevención e intervención deben realizarse desde unha idade máis temperá, antes de secundaria, xa que **os nenos de 12 anos xa están inmersos no acoso escolar e nos consumos de risco**.

Os datos deste estudo reflicten que un de cada tres adolescentes (34,4%) estivo involucrado en acoso escolar, no caso de ciberacoso o 14,1% das e dos adolescentes.

A conclusión dos expertos involucrados no traballo é que o bullying é un problema en aumento e as altas taxas de victimización atopadas no grupo de idade de 12-13 anos apoian a idea de que o acoso se está estendendo a idades máis novas

O pasado mes de setembro, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade presentou no Consello Galego de Convivencia os principais resultados da macroenquisa de convivencia escolar na que os datos en cambio confirmarían a



mellora dos resultados de 2015. Diminúe a percepción de condutas negativas respecto do cuestionario realizado en 2019 e menos de 10 de cada 100 alumnos consideran que se produce acoso. Participaron preto de 218.600 membros da comunidade escolar, que mostraron un grao de satisfacción co centro de entre o 76 e o 90 %. Esta mellora, está baseada na **percepción** da comunidade educativa. Neste marco, xa hai meses que se anunciaba por parte do conselleiro a nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025. Chegados a febreiro de 2022 e tratándose dun asunto tan sensible compre coñecer en que punto está e acelerar a súa posta en marcha.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que calendario ten previsto a Consellería para a posta en marcha da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025?
2. Que valoración fai sobre a situación do acoso e ciberacoso nos centros escolares galegos e sobre as advertencias das expertas e expertos arredor da existencia de condutas de acoso, ciberacoso e consumos de risco en idades máis temperás?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2022 11:38:14
Nº Rexistro: 30307
Data envío: 10/02/2022 11:38:14.551

Noelia Otero Lago na data 10/02/2022 11:22:26

Noa Susana Díaz Varela na data 10/02/2022 11:22:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-iMXZl9rFj-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as condicións laborais e salariais das mulleres traballadoras no ámbito dos coidados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza arredor do 80% das persoas coidadoras profesionais e non profesionais de persoas maiores, dependentes e con discapacidade, son mulleres. Ademais, a maior parte das persoas receptoras de coidados en situación de dependencia son tamén mulleres debido ao alongamento da esperanza de vida. Cómpre lembrar que a esperanza de vida entre as mulleres se sitúa seis anos por riba da dos homes.

Nun país coma o noso, no que a poboación maior de 65 anos representa unha porcentaxe cada vez maior, o ámbito dos coidados é un elemento central que debe preocupar e ocupar ao Goberno e, de maneira especial, as condicións de traballo na que se atopan as persoas que coidan.

Neste senso, en que condicións traballa quen cuida?

Desde hai anos, antes mesmo da pandemia, as traballadoras dos principais servizos sociosanitarios (o SAF, as residencias de maiores (especialmente privadas) e as traballadoras das residencias e centros de día públicos) veñen denunciando a precariedade das súas condicións laborais e esixindo a súa mellora.

De maneira sintética:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) As traballadoras do SAF denuncian a vulneración reiterada por parte das empresas que xestionan este servizo do seu convenio colectivo, sen renovar desde 2011.

b) As traballadoras das residencias privadas denuncian o incumprimento dos seus dereitos laborais, a falta de persoal mesmo o incumprimento das rateos esixidas legalmente e a negativa da patronal a mellorar as súas condicións laborais e salariais na renovación dun convenio colectivo caducado desde 2019.

c) Pola súa banda, as traballadoras públicas das residencias e centros de día, veñen reclamando a restitución dos seus dereitos laborais após a suspensión do artigo 19 do V Convenio desde 2012. Unha medida que se anunciou hai unha década como temporal mais que se mantén actualmente en vigor.

Coidar a quen coida debe ser un principio fundamental sempre porén, máis aínda despois do vivido durante a pandemia da Covid-19.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Como valora a Xunta de Galiza as condicións laborais e salariais das traballadoras dos coidados?

. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para mellorar as súas condicións de traballo?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2022 13:02:13

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2022 13:02:16

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 13:02:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a necesidade dunha nova Lei de Montes Veciñais en Man Común adaptada á realidade e consensuada coa cidadanía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na coñecida como “Lei de acompañamento aos orzamentos” para 2022 a Xunta de Galiza introduciu, máis unha vez pola porta de atrás e suprimindo os trámites e garantías que corresponderían á correcta tramitación de novas leis, importantes modificacións a distintas normas entre as que se atopaba a Lei 13/1989 de Montes Veciñais en Man Común.

Todas as alarmas saltaron na colectividade comuneira de Galiza ao ver que os cambios que a Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introducía na mencionada Lei 13/1989 ían en dous sentidos:

- Dunha banda o de traspasar, alí onde non exista veciñanza, os montes veciñais a titularidades públicas eliminando así dun golpe o seu carácter veciñal.

- Doutra banda na posibilidade de que por razóns puramente burocráticas un monte veciñal en man común poida ser declarado en estado de grave abandono ou degradado para que, unha vez feita a declaración, o monte veciñal en tal estado poida ser entregado a xestión dunha empresa forestal ou madeireira por un período de 50 anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, a través dunha lei, a de Medidas Fiscais e Administrativas, que en absoluto está pensada para tal fin, introdúcese até 6 modificacións de calado nunha norma, a de Montes Veciñais, que precisa ser posta ao día con garantías e o debate social e político necesarios para actualizar unha lei que regula algo tan importante e propio de Galiza como son os montes veciñais en man común e a súa forma específica de propiedade de orixe xermánica.

Non acaba de entenderse esta urxencia por introducir cambios de calado na lei de Montes Veciñais a través da Lei de Acompañamento cando a propia Consellaría do Medio Rural ten anunciado, incluso na primeira reunión anual do Consello Forestal de Galiza, a próxima modificación e actualización integral da lei de Montes Veciñais en Man Común hoxe en vigor neste mesmo ano 2022 se non é por adiantar a posibilidade de furtar terras ás Comunidades de Montes de cara á promoción da Lei de Recuperación de Terra Agraria e tamén o de facilitarlle terras de balde a empresas de diversa índole (eólicas, forestais, mineiras, centros comerciais...).

Vista a situación, a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común (ORGAMMVV) tense mostrado tremendamente crítica coas reformas legislativas introducidas e no pasado 14 de Xaneiro rexistraron no Parlamento de Galiza unha proposta de Iniciativa Legislativa Popular para a elaboración da nova Lei na que establecen as liñas mestras que entenden básicas para que a norma poida satisfacer as necesidades do sector.

Pretenden con esta proposta de lei contrarrestar os cambios normativos impulsados polo Partido Popular para permitir privatizar os montes veciñais en man común, para entregarllos ás empresas forestais e madeireiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O texto da proposta de lei de montes veciñais rexistrado pola ORGACMM foi elaborada en asembleas de comunidades de montes celebradas en todas as zonas de Galiza. Xurde pois das propias comunidades de montes e reflicte o seu sentir.

Os principios fundamentais que motivan a presentación desta ILP son o reforzamento do carácter xermánico (comunal) dos montes veciñais, a mellora do funcionamento asembleario e democrático das comunidades de montes, o recoñecemento da titularidade veciñal como unha máis e distinta das titularidades públicas e privadas, acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel, e unha fiscalidade axeitada á figura e ás funcións dos montes veciñais.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Considera que a propiedade veciñal dos montes en Man Común é unha figura a protexer?

. As modificacións legislativas introducidas na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas de acompañamento aos orzamentos para 2022 garanten a protección desa forma de propiedade?

. Como compatibilizan a defensa da propiedade veciñal co traspaso aos concellos en calidade de “titulares provisionais do aproveitamento do monte” no caso de “inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños” ou a empresas privadas por até 50 anos no caso de montes “en estado de grave abandono ou degradación”?

. Como van garantir en calquera deses dous modelos que non se realicen actos de disposición como alugueiros, cesións, ocupacións ou contratos a terceiros e expropiacións nos montes en man común?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Existe algunha correlación entre o interese por apropiarse do monte veciñal en man común e a necesidade de poñer a disposición terras para a creación de polígonos agroforestais incluídos na LRTA?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/02/2022 13:19:34

María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2022 13:19:37

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2022 13:19:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as inspeccións realizadas nos centros para persoas con discapacidade e as irregularidades detectadas polos servizos de inspección da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mércores 9 de febreiro de 2022 a Xunta de Galiza publicou no DOG o Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2022 e a rendición da avaliación do ano 2021.

En materia de discapacidade dase conta da realización, durante o ano 2021, de 100 inspeccións en centros –máis dos previstos inicialmente.

Porén, descoñecemos en detalle cales son estes centros e tamén o resultado desas inspeccións, é dicir, as irregularidades detectadas, se as houber, e procedementos sancionadores iniciados, de ser o caso.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que centros para persoas con discapacidade foron inspeccionados en 2021?
- Que irregularidades foron detectadas, se as houber?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Foi incoado algún expediente sancionador? De ser así, cantos? En que centros? Por que razóns?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/02/2022 13:26:21

María Montserrat Prado Cores na data 10/02/2022 13:26:41

Iria Carreira Pazos na data 10/02/2022 13:26:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a precarización e fragmentación do dispositivo contra incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural tense lanzado desde o comezo desta lexislatura a unha campaña publicitaria continua na que a modernización e actualización da vixente Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (ou o que queda dela tras das sucesivas modificacións nas Leis de Acompañamento aos Orzamentos) ten sido un dos focos principais

Despois de meses de anuncios no Consello Forestal de Galiza celebrado o pasado 18 de xaneiro a Xunta de Galiza avanzou un documento de “Directrices para a elaboración do Anteproxecto de Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza” que publicitou, tamén, a través dunha nota de prensa.

Na comunicación aos medios avanzábase que o documento se baseaba “nun amplo consenso tanto co servizo de prevención como coas universidades” e que entre os obxectivos do novo texto estará, entre outras cousas, o de profesionalizar as brigadas, mellorar a distribución competencial na loita contra o lume distinguindo entre a planificación preventiva e a execución de tarefas de prevención en senso estrito e contemplando tamén a extinción, a restauración e a recuperación dos terreos afectados polos lumes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non tardaron as forzas sindicais en poñer en cuestión os grandes titulares cos que a Xunta de Galiza se dirixiu aos medios negando a maior e sinalando que o documento non foi negociado cos sindicatos. Así, desde a Central Intersindical Galega estiman que o que fan estas directrices é afondar na división do servizo de incendios e precarizar o traballo, abocando ao persoal a vivir por debaixo do límite da pobreza. O documento non se negociou coas organizacións sindicais.

Destacan desde a CIG que para a realización da proposta de lei foi contratada a Universidade de Vigo e que a sondaxe que esta realizou fíxose en grupos de traballo no que as organizacións sindicais tiñan o mesmo peso que calquera asociación ou colexio profesional, asociacións da industria, empresariais... Esta estratexia anulaba de facto a obriga legal de negociación colectiva a través das mesas de negociación da Administración Pública afectando de xeito claro ás condicións laborais do persoal entre outras cousas.

En resumo, coa carauta de proceso participativo estase levando a cabo un procedemento opaco mediante o que Medio Rural saltou a negociación coas organizacións sindicais como lexítimas representantes dos traballadores e traballadoras. Sirva como exemplo que para avalar o novo Plan de Dotación de Medios, di que realizou unha enquisa a 2.500 persoas das que se descoñece cales foron as cuestións enquisadas e a que persoal se repartiu.

O mandato parlamentar derivado do Ditame elaborado tras a vaga de lumes que arrasou Galiza en 2017 xa determinou esa necesidade de profesionalización do servizo e está en vigor sen necesidade da elaboración da nova lei. De feito preocupa o feito de que as directrices presentadas non avanza, máis aló dos titulares, nesa profesionalización, máis ben ao contrario. Todo parece indicar que o que se pretende é un desmantelamento do Servizo de Incendios Forestais da Xunta derivando boa parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cara os concellos e creando un “ente instrumental específico” (chiringuito) de coordinación.

Falan de profesionalización do sector, mentres que propoñen dividir o servizo de incendios reforzando e recuperando o modelo de brigadas municipais creado nos 90, pero con seis meses (mínimos) de traballo. Esta proposta choca frontalmente coa profesionalización, cun servizo público único no que o seu persoal traballe todo o ano facendo prevención e labores de extinción, ben formado e equipado. É radicalmente imposible a profesionalización cun traballo de seis meses que deixa ao persoal tan precarizado que os obriga a vivir por debaixo do límite da pobreza xa que nin se achegarían ao salario mínimo en cómputo anual.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Consideran o mantemento e consolidación anunciado dun SPDIF disgregado, con brigadas fixas-descontinuas e brigadas municipais é o camiño para a verdadeira profesionalización do servizo?

. Un servizo con brigadas precarizadas de 6 meses de duración estará formado e capacitado para afrontar con garantías os lumes de última xeración?

. Cal é o motivo polo que están a eludir a legalidade negando o proceso de negociación colectiva nun contexto no que prevén modificacións importantes na estrutura e condicións do servizo?

. Cren que a estrutura anunciada para o SPDIF cumpre co mandato derivado do Ditame parlamentar aprobado en 2018 en relación coa vaga de lumes que asolou Galiza en 2017?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que formato e entidade xurídica pensan dar a ese anunciado “ente instrumental específico” de coordinación entre administracións?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 10/02/2022 16:59:44

María del Carmen Aira Díaz na data 10/02/2022 16:59:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/02/2022 16:59:55



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A sentenza da sección terceira do TSXG de 21 de xaneiro de 2022 anula o acordo da Xunta de 7 de novembro de 2019, polo que se autorizaba o repotenciamento dun parque eólico en Corme, que fora declarado “de interese especial” pola Xunta o 2 de febreiro de 2018, ao abeiro da Lei de fomento de iniciativas empresariais de 2017. A sentenza determina que a redución á metade do prazo para a consulta pública do impacto ambiental é contraria a dereito.

En concreto, di a sentenza que a redución á metade dos prazos que contempla a DA primeira da Lei de aproveitamento eólico de Galicia de 2009 non pode aplicarse ao trámite de información pública a efectos ambientais, que non pode ser inferior a 30 días por aplicación da normativa estatal e europea. Así, literalmente, no seu fundamento xurídico decimoquinto, establece que *“a primacía do dereito comunitario sobre o autonómico non deixa lugar a dúbidas, do que se conclúe que non foi acorde a dereito a redución do prazo de información pública á metade no procedemento de avaliación do impacto ambiental establecido no apartado 4 da disposición adicional primeira da LAEGCEFCA, xa que en ningún caso podía ser inferior a 30 días, que logo o artigo 36.1 da LEA (tarde), precisou que serían hábiles”*.

Pola súa banda, a sentenza do mesmo órgano xudicial de 9 de novembro de 2020 anula a aprobación definitiva (que amparaba unha modificación do proxecto inicial) por parte do Consello da Xunta doutro parque eólico, o de Sasdónigas, en Mondoñedo, considerando que *“en Sasdónigas estamos ante unha fragmentación en dúas fases realizada pola promotora, sendo evidente que o emprazamento xeográfico é o mesmo e se comparten elementos clave de funcionamento”* e que *“atopámonos ante a división artificial dun único Parque Eólico en dos fases; a fase II carece dos elementos e equipamentos necesarios para ser considerada unha instalación independente da fase I, entendendo o T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que a figura do Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde unha perspectiva unitaria”* e que *“realizando unha avaliación ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evítase unha verdadeira avaliación global de todo o proxecto”*. Tamén di esa sentenza que *“Para que as modificacións dun parque eólico teñan*



o carácter de non esencial, haberán de dispor de informe favorable do órgano ambiental respecto da proposta de modificación; e, no presente caso, se ben existe, o documento non contén todos os informes sectoriais necesarios para valorar correctamente a incidencia ambiental da modificación proposta pola promotora”.

Engade a sentenza que non se valoraron correctamente “elementos especialmente protexidos, como o Camiño de Santiago”, nin o seu “impacto visual e acústico”, nin o feito de que afecte “a importantes recursos hídricos”, entre eles dúas lagoas.

Por medio de sentenza de 11 de decembro de 2020 do mesmo órgano xudicial, o TSXG tamén anulou outra autorización da Xunta para un parque eólico na Serra do Oribio, entre Samos e Triacastela, porque o Goberno galego autorizou en 2019 o parque, en Rede Natura, como se fose unha modificación doutro previo que obtivera permiso ambiental en 2005, nos últimos días do executivo de Manuel Fraga, considerando que o goberno de Emilio Pérez Touriño prohibiu os novos parques en Rede Natura, pero co argumento de que o do Oribio non era novo senón unha modificación do que xa obtivera o permiso ambiental en 2005, argumento que desbotou o TSXG, entendendo que non se podía considerar vixente nin “eterna” a declaración ambiental anterior, que segundo a lexislación daquela aplicable tería que caducar aos cinco anos, que ademais na actualidade resultaría “obsoleta” polos “múltiples cambios lexislativos” que houbo dende aquela, e que o autorizado en 2019 era un novo parque, non unha modificación doutro anterior que nin se comezara a executar. Así, o tribunal entende que o parque eólico de Oribio non se pode considerar “existente” para a súa excepcional autorización, xa que “non se comezara a executar o proxecto de 2007-2009, non estando en explotación, nin instalados aeroxeneradores”, polo que conclúe que non se pode “modificar o que non existe”.

As sentenzas anteriores son exemplos da conflictividade xurídica que está a xerar o proceso de desenvolvemento eólico en Galicia, en paralelo coa social que se concreta en múltiples manifestacións, movementos veciñais e protestas en moitos concellos. A situación chegou a tal punto que, a mediados de decembro de 2021, o informe Enerxía eólica e paisaxes culturais en Galicia elaborado polo Consello da Cultura Galega concluíu a necesidade dunha moratoria na autorización de parques para poder así, de maneira "prioritaria", "revisar o Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG) e sometelo a avaliación ambiental estratéxica". O CCG di no seu informe que "A salvagarda dos valores do territorio ante o desenvolvemento eólico actual require unha actuación proactiva da Administración na identificación, inventario e protección deses valores", instando tamén a Xunta a "salvagardar lugares que teñen valor pola súa riqueza natural, cultural,



paisaxística, etnográfica ou histórica" e resaltando que "Coa implantación masiva dos parques eólicos estase a superar a capacidade de carga do sistema natural".

Froito desa presión, na Lei de acompañamento dos orzamentos deste ano, recentemente aprobada, a Xunta deu un aparente bandazo introducindo unha moratoria para non tramitar novos parques eólicos ata as municipais de 2023 ante a súa incapacidade para analizar todas as solicitudes que recibe, pero o Goberno galego reservouse a posibilidade (discrecional) de seguir adiante cos proxectos que considere relevantes e apenas dúas semanas despois da súa entrada en vigor o propio Feijóo, anunciou unha nova reforma legal para dar “prioridade na tramitación” ás “empresas que constrúan parques eólicos na comunidade e destinen o 50 % da enerxía que produzan á industria a través de contratos de prezo fixo”, cousa que se pretende facer por medio dun artigo na futura lei de áreas empresariais, unha norma cuxo borrador exposto ao público hai unhas semanas non falaba en absoluto de parques eólicos.

Desta forma, a Xunta segue a introducir cambios no ámbito eólico a través de todo tipo de leis pero sen reformular nin a norma que actualmente é o marco do sector en Galicia, a de 2009 corrixida xa nove veces, nin o Plan eólico de 1997, que nunca foi sometido a avaliación ambiental estratéxica como debería telo sido conforme a lexislación actual (estatal e comunitaria), o cal implica que a propia planificación eólica de Galicia que ampara o desenvolvemento eólico na nosa comunidade carece dun trámite esencial dunha planificación das súas características, algo que hoxe determinaría a súa nulidade radical.

Por tanto, as actuacións do Goberno de Galicia en materia eólica, ademais de basearse nun plan non avaliado ambientalmente, están sendo constantemente corrixidas polos tribunais, o cal implica problemas para os afectados e as empresas promotoras, ao mesmo tempo que a lexislación eólica galega é un galimatías de normas que mudan constantemente e non están axeitadamente coordinadas entre si nin actualizadas, mentres as decisións políticas da Xunta nun ámbito tan importante desde o punto de vista económico e enerxético e con tanto impacto social e ambiental como o eólico son erráticas e carecen de rumbo, xerando todo iso inseguridade xurídica e conflictividade social nun ámbito que debería ter unha normativa clara tendente a permitir un desenvolvemento eólico ordenado e estable que respecte o medio e contribúa economicamente nas zonas onde se instalan os parques eólicos.

En conclusión, a enerxía eólica é un vector imprescindible da transición enerxética xusta e o seu desenvolvemento é de enorme importancia para o noso país e para o mundo, pero a carencia dun marco normativo claro e estable, xunto



á incapacidade da Administración galega para atender desde o punto de vista cuantitativo e tamén cualitativo ás súas competencias nesta materia e unha política lexislativa errática e desacertada están xerando, ademais de conflitividade e alarma social, incerteza xurídica e económica, que é criticada desde ámbitos moi diversos que inclúen non só os afectados senón á propia AEGA, representante dos promotores eólicos.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que dotar o sector eólico dun marco xurídico axeitado e estable e de criterios administrativos claros e axustados a dereito é importante para permitir un desenvolvemento eólico ordenado e equilibrado que respecte o medio ambiente, o territorio e os dereitos e intereses das persoas e comunidades afectadas?

2ª) Como valora o Goberno galego as reiteradas sentenzas do TSXG que anulan os seus acordos en materia de parques eólicos por non respectar a lexislación?

3ª) Vai o Goberno galego a tomar nota do que din esas sentenzas para deixar de incorrer en vicios de legalidade na tramitación de parques eólicos?

4ª) Considera o Goberno galego que os criterios administrativos dos seus departamentos no tocante á autorización de parques eólicos son claros e respectan a normativa aplicable?

5ª) Considera o Goberno galego que dentro deses criterios debe figurar amparar a fragmentación irregular de parques eólicos?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2022 17:02:43

Paloma Castro Rey na data 10/02/2022 17:03:02



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Hai poucos días Amigas das Árbores denunciou o último episodio dunha continuada serie de talas masivas de árbores e fragas autóctonas na Ribeira Sacra. Esta nova tala inclúe árbores centenarias, en pleno corazón da Ribeira Sacra, concretamente "na estrada que comunica Loureiro co embarcadoiro e o encoro de Santo Estevo de Ribas do Sil, encoro de San Pedro e Os Peares no concello de Nogueira de Ramuín".

En marzo de 2021 foi denunciada ante a opinión pública polo mesmo colectivo a tala indiscriminada dunha fraga de 2.5 hectáreas formada por especies autóctonas no concello de Parada de Sil, tamén en pleno corazón da Ribeira Sacra, eliminando todo o sotobosque e o bosque de ribeira a carón do regato da Senra. A forma de efectuar a tala constitúe nese caso como noutros unha práctica silvícola altamente agresiva que elimina todas as árbores dunha zona producindo a desaparición de flora e fauna, a colmatación dos cursos fluviais, perda de chan fértil e erosión, ademais do impacto paisaxístico.

En abril de 2019 produciuse outra tala dunha carballeira con exemplares de ata 200 anos no concello de Nogueira de Ramuín, en plena Ribeira Sacra e a carón do Parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, que foi denunciada por Amigos da Terra e a Sociedade Galega de Historia Natural.

En marzo de 2015 Amigos da Terra denunciou a tala indiscriminada da que consideraba a mellor colección de árbores da Ribeira Sacra, centos de árbores de distintas especies maioritariamente autóctonas e algúns delas centenarias no lugar de A Rasa-Loureiro, no concello de Nogueira de Ramuín.

A tala de árbores autóctonas (e máis aínda de fragas enteiras) ten un impacto evidente tanto desde o punto de vista medioambiental como paisaxístico. Esta sucesión de agresións ao medio e á paisaxe prodúcese nun espazo que ten un elevadísimo valor ecolóxico, cultural e etnográfico e que en teoría debería gozar do máximo grado de protección, na medida en que os Canóns do Sil forman parte da Rede Natura 2000 como LIC e ZEC, a pesar do cal nos últimos anos a Ribeira Sacra vén sufrindo reiteradas agresións que afectan aos seus valores etnográfico-



culturais, paisaxe e ecosistemas, ao mesmo tempo que se trata de promocionar a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, levando a que a candidatura para obter esa declaración tivese que ser retirada a mediados de 2021 ante un informe do ICOMOS, o Consello Internacional de Monumentos e Sitios, organismo asesor da UNESCO, que advertía carencias técnicas na proposta da candidatura, entre outras cousas pola existencia de agresións ambientais entre as que se contan canteiras a ceo aberto, explotacións eólicas e repoboacións con especies forestais alóctonas.

En nadal de 2018, o propio presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a declaración como BIC de toda a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, o que incluía as súas especies arbóreas centenarias, pero, a pesar diso, a corta de árbores senlleiras segue a producirse con total impunidade e ante a pasividade da Administración principal responsable de velar polo medio ambiente, pola protección da paisaxe, do territorio e do patrimonio material e inmaterial, que é a Xunta de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1) Vai adoptar o Goberno galego algún tipo de medida ante a sucesión de talas de árbores senlleiras e fragas nun espazo tan singular e valioso como a Ribeira Sacra?
- 2) Vai seguir permitindo o Goberno galego a tala indiscriminada de árbores senlleiras e fragas na Ribeira Sacra?
- 3) Considera o Goberno galego que permitir a tala de fragas e árbores senlleiras na Ribeira Sacra vai axudar a conseguir a declaración como Patrimonio da Humanidade?
- 4) Considera o Goberno galego -ante o informe negativo do ICOMOS sobre a declaración como patrimonio da humanidade- que a sucesión de talas de fragas e árbores senlleiras na Ribeira Sacra contribuíu ao retraso desa declaración?
- 5) Considera o Goberno galego que permitir a tala de fragas e árbores senlleiras na Ribeira Sacra é compatible coa declaración da súa paisaxe como BIC?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2022






Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/02/2022 11:57:47

Paloma Castro Rey na data 10/02/2022 11:58:03





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

